

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de XULLO de 2016**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 29 de xullo de 2016, ás DEZ HORAS.

ASUNTOS

Declaración institucional sobre a retirada dos títulos honoríficos e distincións concedidas pola Deputación da Coruña a Francisco Franco Baamonde.

Declaración institucional sobre a defensa do reparto postal nas áreas rurais da provincia da Coruña.

Actas

1.-Proposición da Presidencia sobre ratificación do carácter ordinario da sesión plenaria.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/16, do 29 de xuño.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 15051 á número 18.000, de 2016.

4.- Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás comisión informativas e das modificacións efectuadas.

5.-Proposición da Presidencia sobre cambio da data do Pleno ordinario correspondente ao oitavo mes de 2016.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

6.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2016.

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago para financiar a Feira Internacional Womex 2016.

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ora Galega para financiar os actos conmemorativos do Centenario das Irmandades da Fala.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

9.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consorcio das Mariñas para financiar o “Mantemento do Servizo da Asesoría Xurídico Social Especializada no ano 2016”.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

10.- Aprobación da proposta de prórroga do convenio entre a Deputación e a Asociación Euro-Eume para financiar o programa “Produtos do Eume” e modificación de cláusula II do dito convenio.

11.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio entre a Deputación e a Asociación comercial de Emprendedores de Galicia (ASCEGA) para financiar a “Incoruna 2015”.

12.- Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Oza-Cesuras para financiar o proxecto “Contratación da prestación do servizo de salvamento e socorrismo na piscina Municipal do Castelo-Dordano”.

13.- Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Camariñas para financiar a “XXVI Mostra do Encaixe de Camariñas”

14.- Aprobación da addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP, as Deputacións provinciais, en materia de Emerxencias e Prevención de Defensa Contra os Incendios Forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

15.-Aprobación do Programa de Emprego da Deputación Provincial da Coruña 2016 e da programación do programa anualidades 2016-2019.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

16.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, para levar a cabo as obras do proxecto construtivo da separata do proxecto da “rede ciclista metropolitana da Coruña”.

17.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, para levar a cabo as obras do proxecto construtivo da separata do proxecto da “rede ciclista metropolitana da Coruña”.

18.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros, para levar a cabo as obras do proxecto construtivo da separata do proxecto da “rede ciclista metropolitana da Coruña”.

19.- Aprobación da proposta da Presidencia relativa á denuncia do convenio de servizos entre a Inspectoría Salesiana de Santiago o Maior e a Deputación Provincial da Coruña para o Centro Educativo Calvo Sotelo.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Tordoia para a atención de visitantes do Dolmen de Cabaleiros.

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a entidade Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do programa “Voz Natura 2016”.

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para financiar o Programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2016.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

23.- Aprobación das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019.

24.- Aprobación do Plan de investimentos de vías provinciais 2016, segunda fase.

25.- Aprobación do Plan de investimentos de vías provinciais 2016, terceira fase.

26.- Aprobación do Plan de sendas peonís 2016, terceira fase.

27.- Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2016, cuarta fase.

28.- Aprobación inicial do proxecto modificado da obra “Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao PK 11,310” do Concello de Carral, incluída na primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015. Código 15.1130.0001.0.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico Artístico

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Narón para o financiamento da subministración “Fabricación e instalación dunha cámara de concertos no auditorio do Pazo da Cultura”

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Paderne para o financiamento da obra de “Acondicionamento da aula da Ría e do Centro Cultural de Chantada”

31.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Estrada O Porto - A Barqueira e outros”, do Concello de Cerdido, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0057.0

32.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fene para o financiamento da obra de “Acceso á escola infantil de Barallobre”

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

33.- Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 30 de xuño de 2016.

34.- Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria ao 30/06/2016 e proxección ao 31/12/2016.

35.- Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao segundo trimestre de 2016 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

36.- Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 3/2016 de aprobación polo Pleno.

37.- Plan de control financeiro para as subvencións pagadas no exercicio 2014 pola Deputación da Coruña e das pagadas polo Concello de Boqueixón no período 2012-2014.

38.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia núm. 17077 do 15/07/2016 pola que se lle atribúe o réxime retributivo de dedicación exclusiva á deputada D^a Susana García Gómez.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial Popular para que a Deputación asuma o custo que achegan os concellos para o funcionamento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES)

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE XULLO DE 2016

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 29 de xullo de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D ^a . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a . M ^a ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D ^a ROSA M ^a GALLEGO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Escúsase a Sra. Fraga Sáenz.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás dez horas e quince minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente.

Bos días. Empezamos coa lectura de dúas declaración institucionais.

Sra. Sanmartin Rei

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (PP, PSdeG-PSOE, BNG-Asembleas Abertas, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños), presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A RETIRADA DOS TÍTULOS HONORÍFICOS E DISTINCIÓNS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA A FRANCISCO FRANCO BAAMONDE

O 18 de xullo de 2016 cumpríronse 80 anos do golpe de Estado militar contra o réxime democrático vixente no Estado español, un levantamento militar que en Galicia foi orixe dunha cruenta e brutal represión, que se materializou no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado do cabelo, inxesta de aceite de ricino. Esta represión exerceuse con caracteres especialmente violentos e machistas no caso das mulleres.

Na provincia da Coruña, entre os centos de persoas que foron asasinadas, atópanse os seguintes cargos institucionais

- José López Bouza – Presidente da Deputación da Coruña – Paseado o 30-08-1936

- Ánxel Casal Gosende – Alcalde de Santiago de Compostela desde febreiro a comezos de xullo de 1936 e Vicepresidente da Deputación da Coruña – Paseado o 19-08-1936
- Xaime Quintanilla Martínez – Alcalde de Ferrol desde 1931 a 1934 e deputado Provincial – Paseado o 18-08-1936
- Juan Manuel Vidal García – Alcalde de Arzúa – Paseado en setembro de 1936
- Alfredo Suárez Ferrín – Alcalde de A Coruña – Condenado a morte e fusilado o 31-08-1936
- Tomás López Datorre – Alcalde de Betanzos – Condenado a morte e fusilado o 01-10-1936
- Álvaro Puentes Antón – Alcalde de Cabanas – Morto o 27-09-1940
- Manuel Fernández Freijeiro – Alcalde de Cedeira – Condenado a morte e fusilado o 18-12-1936.
- Ramón Souto González – Alcalde de Fene – Paseado o 16-08-1936
- Cipriano Fernández Brage – Alcalde de Fisterra – Paseado o 05-11-1936
- Jesús Castaño Galdo – Alcalde de Mañón – Condenado a morte e fusilado o 16-04-1937.
- Juan Prieto Balsa – Alcalde de Mugaros – Fusilado o 24-07-1936
- Pablo Rico Couceiro – Alcalde de Monfero – Paseado o 19-08-1936
- Antonio Fernández Pita – Alcalde de Sada – Condenado a morte e fusilado o 27-11-1936
- José Germán Fernández – Alcalde de Santiago – Condenado a pena de morte e executado o 03-12-1936
- Alejandro Porto Leis – Alcalde de Serantes – Paseado a inicios de febreiro de 1938

Por outra parte, durante o réxime franquista a Deputación da Coruña outorgoulle a Francisco Franco Baamonde, entre outras honras e distincións as seguintes:

- Fillo predilecto da provincia, aprobado na sesión ordinaria celebrada o día 15 de xullo de 1939.
- Medalla do excombatiente galego, proposta de creación desta medalla na sesión ordinaria celebrada o día 31 de agosto de 1943.
- Nomeamento de Presidente de honra da Deputación da Coruña, aprobado na sesión extraordinaria celebrada o día 15 de febreiro de 1944.
- Ratificación do nomeamento de Presidente de honra da Deputación da Coruña, aprobado na sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xullo de 1945.

O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e rehabilitación das persoas perseguidas polo fascismo, son dereitos humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e a as súas familias.

A pesar de transcorren máis de 40 anos do final da ditadura e da restauración do réxime democrático, o Estado español carece dunha auténtica política pública da memoria que permita o coñecemento da verdade histórica, a reparación e rehabilitación das vítimas, o exercicio da xustiza e a suspensión da fenda e das feridas físicas e morais causadas polo levantamento militar e a ditadura. Así aparece recollido no informe do relator da ONU para os dereitos humanos, Pablo de Greiff, que pon de manifesto as eivas, carencias e obrigas do Estado español en relación con esta materia.

O Pleno da Deputación da Coruña do 30 de decembro de 2015 aprobou unha moción con motivo do 80 aniversario do inicio da Guerra Civil Española. Nesta moción expresouse a condena da Deputación da Coruña e o rexeitamento, sen paliativos, do golpe de Estado de xullo de 1936 que deu inicio á represión, así como da ditadura do xeneral Francisco Franco imposta tras a contenda.

Con motivo do 80 aniversario do golpe de Estado militar contra o réxime democrático vixente no Estado español, a Deputación da Coruña desenvolverá o 28 de xullo un acto de homenaxe aos alcaldes e membros das corporacións municipais que padeceron a represión tras o golpe militar de 1936, personalizando esta homenaxe no presidente e vicepresidente da Deputación da Coruña, José López Bouza e Ánxel Casal, asasinados despois do golpe militar e nas persoas que ocuparon as alcaldías de cidades e vilas da provincia da Coruña arriba nomeadas.

Por todo isto, e en cumprimento da Lei da Memoria Histórica 52/2007 a Deputación da Coruña, reitera a súa condena ao golpe de estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de estado e aos crimes e represión exercidos sobre as persoas vencidas.

A Deputación da Coruña reitera, asemade, a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida despois do golpe militar de 1936, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos.

Por outra parte, a Deputación da Coruña declara a vontade de eliminar, suprimir ou anular todas as honras e distincións concedidas pola Deputación Provincial da Coruña a Francisco Franco Baamonde.

(Aplausos dos membros da Corporación)

Sr. Secretario

Hai unha segunda declaración institucional sobre a defensa do reparto postal nas áreas rurais da provincia da Coruña, e di así:

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (PP, PSdeG-PSOE, BNG-Asembleas Abertas, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños), presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A DEFENSA DO REPARTO POSTAL NAS ÁREAS RURAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA

O servizo postal en Galicia ten un interese público primordial, como unha peza básica para o desenvolvemento económico e tamén para a vertebración e a cohesión social.

Esa carácter de servizo público primordial fai que o conxunto da poboación, independentemente do lugar en que viva, debe ter garantido o acceso a unhas

comunicacións postais asequibles, baixo o principio de igualdade de trato establecido pola normativa vixente.

Calquera proposta de modificación do sistema público postal debe ter moi presente o carácter universal na prestación deste servizo e a súa accesibilidade en condicións de equilibrio e igualdade no conxunto do territorio.

Esta circunstancia debe ser especialmente considerada en territorios como Galicia, unha comunidade cunha forte compoñente rural, onde máis de un terzo da súa poboación (preto do 35%) vive en municipios rurais, cunha poboación dispersa en 30.000 entidades de poboación, cunha media de 100 núcleos por concello, que representa o 88% do territorio galego e aproximadamente o 50% do territorio español.

Na procura de evitar que calquera modificación dos servizos postais poida deixar aos núcleos rurais de Galicia, e en particular da provincia da Coruña, nunha situación de desigualdade e de discriminación negativa con respecto a outros lugares do noso país, creando así un grave prexuízo a un medio rural que se ve afectado xa pola súa dispersión, despoboación e envellecemento, a Deputación da Coruña acorda:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado a adopción de medidas tendentes a manter a prestación dun servizo postal de calidade en todos os concellos da provincia da Coruña e a garantir o reparto na periodicidade establecida na normativa legal vixente.
- 2.- Así mesmo, demandar a dotación de recursos humanos suficientes para asegurar que este servizo de calidade se estenda a todos os concellos da provincia.
- 3.- Trasladar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galicia, presidente do Goberno do Estado e aos grupos parlamentarios do Parlamento galego.

1.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RATIFICACIÓN DO CARÁCTER ORDINARIO DA SESIÓN PLENARIA.

O Pleno, por unanimidade, aproba a ratificación da inclusión neste punto da orde do día, e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposición:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme a redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Considerando que a obrigatoriedade da celebración das sesións ordinarias reflicte o principio, consubstancial ao pluralismo democrático, da participación dos grupos minoritarios no funcionamento das institucións representativas –segundo ten declarado a xurisprudencia- e que ese aspecto substancial debe primar sobre a cualificación formal do artigo 46.1 LBRL que caracteriza como sesións ordinarias as de periodicidade preestablecida, sen prexuízo de que este último aspecto deba ponderarse razoablemente en cada caso concreto.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de xullo correspondía celebrala o día 29 deste mes, a partir das 12 horas, coincidindo con actos institucionais de notable transcendencia pública aos que deben asistir o presidente e varios deputados.

Polo tanto, consultados os voceiros dos grupos provinciais, e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 4 de agosto de 2015.

PROPONLLE AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar o carácter ordinario da sesión do Pleno da Deputación Provincial que se celebre o día 29 de xullo de 2016, venres, a partir das dez horas, convocada pola Presidencia como sesión ordinaria correspondente ao sétimo mes de 2016.”

2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 6/16, DO 29 DE XUÑO.

Apróbase a acta da sesión anterior, número 6/16, do 29 de xuño.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 15051 Á NÚMERO 18.000, DE 2016.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 15001 á número 18000, de 2016.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS/AS DEPUTADOS/AS ÁS COMISIÓN INFORMATIVAS E DAS MODIFICACIÓNS EFECTUADAS.

O Pleno toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscripción concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 29 de xullo de 2016, a composición das comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO ¹	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Deporte e Mocidade 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: José García Liñares Secretaria: Manuela Muñiz Souto	Javier Cainzos Vázquez José C. Calvelo Martínez Gumersindo Galego Feal Andrés García Cardeso Mariel Padín Fernández	José García Liñares Antonio Leira Piñeiro Julio Sacristán de Diego	Ánxela Franco Pouso Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia Delso Carreira	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Cultura e Normalización Lingüística² 17:00 h luns ³ Semana anterior ao Pleno	Presidenta: M^a Goretti Sanmartín Rei⁴ Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat	Juan J. Dieste Ortigueira Agustín Hernández Fdez de Rojas Luis Oujo Pouso Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde	Bernardo Fernández Piñeiro José Luis García García José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela M ^a Goretti Sanmartín Rei	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Ánxela Franco Pouso Secretaria: Carolina Buhigas Jack ⁵	Javier Cainzos Vázquez Gumersindo Galego Feal Mariel Padín Fernández Eduardo Parga Veiga Luis Rubido Ramonde	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Ánxela Franco Pouso Manuel Muiño Espasandín	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

¹ RP 2015/16983 e RP 2015/16984, nomeamento presidentes e secretarios Comisións Informativas

² PLENO 30-12-2015 Modifica denominación e atribucións CI

³ COMISIÓN CULTURA 18-01-2016. Modifica réxime sesión da comisión, pasa ás 17h

⁴ RP 2016/34, nomeamento presidenta CI (nova denominación e atribucións CI Pleno 30-12-2015)

⁵ RP 2015/20483, modifica RP 2015/16984

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO ¹	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Promoción Económica e Emprego 18:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Luis García García Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Juan J. Dieste Ortigueira Gumersindo Galego Feal José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Luis Oujo Pouso	José Luis García García José García Liñares José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela Ánxela Franco Pouso	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Manuel Pequeño Castro Secretaria: Nuria Somoza Quintero	Juan J. Dieste Ortigueira José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Luis Oujo Pouso Manuel Rivas Caridad	Juan V. Penabad Muras José M. Pequeño Castro Julio Sacristán de Diego	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Contratación, Patrimonio e Equipamento 18:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xesús Manuel Soto Vivero Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández ⁶	Javier Cainzos Vázquez José C. Calvelo Martínez Gumersindo Galego Fea Susana García Gómez Eduardo Parga Veiga	José Luis García García José García Liñares Antonio Leira Piñeiro	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

⁶ RP 2015/20483, modifica RP 2015/1694

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO ¹	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico⁷ 17:30 h xoves Semana anterior ao	Presidente: Xosé Regueira Varela⁸ Secretaria: Susana Rouco Penabed	José C. Calvelo Martínez Susana García Gómez Mariel Padín Fernández Eduardo Parga Veiga Manuel Rivas Caridad	José Luis García García José M. Pequeño Castro Julio Sacristán de Diego	Manuel Muiño Espasandín Xosé Regueira Varela	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior 18:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: M ^a José Vázquez Sesmonde	Susana García Gómez Mariel Padín Fernández Eduardo Parga Veiga Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabed Muras	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia Delso Carreira	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

⁷ PLENO 30-12-2015 Modifica denominación e atribucións CI

⁸ RP 2016/34, nomeamento presidente CI (nova denominación e atribucións CI Pleno 30-12-2015)

5.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DA DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO OITAVO MES DE 2016.

O Pleno, por unanimidade, aproba a ratificación da inclusión neste punto da orde do día, e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposición:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 26 de agosto, o que aconsella retrasar esa data,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015,

PROPONLLE AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao oitavo mes de 2016 celebrarase o día 9 de setembro, venres, a partir das doce horas”.

6.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN CULTURAL E DE DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO CIENTÍFICO DO ANO 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 1 de xullo de 2016.

2.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade da Coruña, por importe de 100.000 €, concedida para financiar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico para o ano 2016* cun orzamento subvencionado de 125.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2016* ”

Na Coruña, o

REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia número 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), actuando en nome e representación desta en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, e o artigo 36.1.f) do Decreto 101/2004 do 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña,

Actuando os intervenientes, na representación indicada e recoñecéndose mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Segundo.- Que a UDC a través da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, ten entre as súas funcións a promoción e a difusión das actividades culturais e da difusión da cultura científica e dos coñecementos entre a

sociedade galega, e máis concretamente no contorno da provincia da Coruña, polo que vén traballando dende hai tempo no desenvolvemento de actividades de divulgación científica e cultural

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan,

os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (NIF: Q6550005J) para financiar parcialmente os gastos derivados da **Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2016.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A UDC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

First Lego League Galicia

Material para realizar a actividade (set de competición)	1.000
Trofeos e medallas para os gañadores dos diferentes premios	500
Imprenta	1.500
Contratación de servizos de audiovisuais, un speaker, un dj e un fotógrafo	2.000

Xornadas sobre intelixencia artificial e sociedade contemporánea: O cometido da información

Material de imprenta e difusión: envío, fotocopias , folletos carteis...	2.328
Transporte relatores	1.650
Materiais para as xornadas:portadocumentos, carpetas...	1.030
Servizo de tradución simultánea	1.250
Aloxamento relatores	1.386
Pago relatores	2.224

<i>Celebración do centenario das Irmandades da Fala na UDC</i>	
Conferencia	300
Publicación	2.700
<i>Expociencia</i>	
Imprenta	700
Material fotográfico e vídeos	1.000
<i>Concurso de relatos e microrrelatos científicos</i>	
Premios	1.500
Materias para os participantes: portadocumentos, carpetas...	558
Imprenta	1.000
Publicación	2.700
<i>Actividades de intervención cultural</i>	
Aula de teatro e danza	
Monitor teatro	13.124
Monitor danza	10.075
Transporte	3.800
FITEUC-Produción (iluminador e coreógrafo)	3.250
FITEUC-Imprenta	554
<i>Obradoiros</i>	
Monitores (pago-taxas recadadas)	7.000
Seguros	2.000
Músicos	600
Coro	10.530
<i>Exposicións</i>	
Produción e montaxe exposicións	30.000
Imprenta	600
Xestión da presenza de NORMAL en redes sociais e internet	8.141
<i>Gastos indirectos</i>	
Persoal da UDC	10.000
TOTAL	125.000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/326.9/ 423.91 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades, as actividades necesarias para a realización da *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2016* referido neste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase á UDC para que poida concertar a execución parcial das actividades obxecto da subvención con persoas vinculadas coa entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á UDC despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscripta polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Certificación desagregada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56^a.6^o das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC na documentación achegada

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteñan telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán estar realizadas dende o 1 de xaneiro de 2016.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderanlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO PARA FINANCIAR A FEIRA INTERNACIONAL WOMEX 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de xullo de 2016.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para financiar a *Feira Internacional Womex 2016*, por importe de 215.000 €, cun orzamento subvencionado de 305.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Tendo en conta que non existe crédito para facer fronte á subvención proposta, non poderá concederse a subvención con anterioridade á aprobación definitiva do EMC no que se conteña o crédito axeitado e suficiente, polo que o presente acordo queda subordinado á súa aprobación.

4.- Así mesmo, subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar a *Feira Internacional Womex 2016*.

Na Coruña, a

REÚNENSE

Dña María Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Martiño Noriega Sánchez, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade que intervén con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento

económico e social e, para iso, teñen a posibilidade legal de subscribir convenios para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

2.- Como parte das actividades de fomento da cultura, e máis en concreto da música, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve a *Feira Internacional Womex 2016*.

Esta feira cumpre en 2016 a súa vixésimo segunda edición. Trátase dun evento considerado como a maior feira mundial da música étnica e tradicional. O seu grao de recoñecemento a nivel mundial permite achegar ao evento gran cantidade de público internacional e consolidar e difundir a Santiago de Compostela como centro internacional neste eido, difundindo e promovendo a cidade e o seu potencial a nivel cultural e turístico.

3.- A *Feira Internacional Womex 2016* xestiónaa a empresa municipal de Información e Comunicación Local SA (no sucesivo será denominada INCOLSA), de conformidade co acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, do 30 de marzo de 2015, que aproba a encomenda a INCOLSA da realización das actividades materiais, técnicas ou de prestación de servizos necesarias para levar a cabo o evento Womex 2016 na cidade de Santiago.

4.- Tendo en conta a transcendencia e significación que presenta o proxecto impulsado polo Concello de Santiago de Compostela e a gran repercusión no ámbito cultural, así como a confluencia de intereses coa Deputación da Coruña, xa que complementa as accións desta última destinadas a apoiar a música, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CIF:P1507900G), que actuará na súa xestión a través da empresa municipal INCOLSA, para financiar a ***Feira Internacional Womex 2016***, co seguinte contido:

- * Organización, xestión comercial e produción da feira.
- * Showcase festival (máis de 50 concertos, 6 escenarios con equipamento e unha carpa)
- * Programa de conferencias (máis de 20 conferencias de alto nivel sobre as músicas do mundo)
- * Film market (proxección dun programa internacional de cinema musical)
- * DJ Summit (programación específica para DJ internacionais)
- * Networking Profesional.
- * Plan de comunicación e medios do evento.
- * Visibilidade internacional da cidade de Santiago de Compostela.
- * Medidas de seguridade, emerxencias, control e asistencia sanitaria ao público.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Santiago de Compostela.

As actividades obxecto co convenio, segundo se definen na cláusula anterior, desenvolveraaas o Concello de Santiago de Compostela, consonte ao seguinte orzamento:

Conceptos de gasto	Importe
Producción e organización	305.000,00
- Infraestruturas (14,22%)	43.371,00
- Equipos audiovisuais (15,10%)	46.055,00
- Recursos humanos (49,63%)	151.371,50
- Transportes (3,61%)	11.010,50
- Hospedaxe (7,87%)	24.003,50
- Manutención (4,47%)	13.633,50
- Materiais (1,75%)	5.337,50
- Multimedia (0,06%)	183,00
- Varios (3,29%)	10.034,50
Total orzamento anualidade 2016	305.000,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **215.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **70,49 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,49 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrico cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (70,49 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos

xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán estar realizadas dende o 1 de xaneiro de 2016.

2.- Despois da solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderanlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN ORA GALEGA PARA FINANCIAR OS ACTOS CONMEMORATIVOS DO CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de xullo de 2016.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación Cultural ORA GALEGA para financiar os *actos conmemorativos do Centenario das Irmandades da Fala*, por importe de 23.000 €, cun orzamento subvencionado de 28.750 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación ORA GALEGA para financiar os *actos conmemorativos do Centenario das Irmandades da Fala*

Na Coruña o

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Miguel Anxo Murado García, Presidente da Asociación ORA GALEGA.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Asociación ORA GALEGA é unha entidade privada na que se integran un total de 68 persoas asociadas.

2.- Son fins desta entidade desenvolver actividades relacionadas coa identidade galega: cultura, lingua, territorio, industria, economía etc., promover e divulgar todos os aspectos relacionados coa identidade galega e fomentar actitudes de compromiso co noso legado cultural.

3.- A Asociación ORA GALEGA ten o propósito de conmemorar o Centenario das Irmandades da Fala coa posta en marcha dun autocarro que levará ata 18 concellos da provincia unha exposición informativa sobre as Irmandades.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación ORA GALEGA coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación ORA GALEGA (NIF: G27817451) para financiar **os actos conmemorativos do Centenario das Irmandades da Fala**.

A Asociación ten disposto levar a cabo a súa actividade baixo o título de VOLTA POLA IRMANDADE 2016, onde un autocarro dotado de tecnoloxía de reprodución de audio e vídeo, percorrerá 18 concellos da provincia da Coruña, levando unha exposición informativa sobre as Irmandades. En concreto o autocarro percorrerá o itinerario seguinte:

A Coruña – Oleiros – Bergondo – Betanzos – Miño – Pontedeume – Cabanas – Fene – Ferrol – Narón – Valdoviño – Cedeira – Ortigueira – Mañón – Compostela – Oroso – Ordes – Carral – A Coruña.

O calendario disposto de realización da actividade é:

Etapa	Comezo – Fin	Km	Data	Itinerario
1	A Coruña - Betanzos	24	21 maio	A Coruña – Oleiros – Bergondo - Betanzos
2	Betanzos - Ferrol	32	22 maio	Betanzos – Miño – Pontedeume – Cabanas – Fene - Ferrol

3	Ferrol - Viveiro	87	28 maio	Ferrol – Narón – Valdoviño – Cedeira – Ortigueira - Mañón
4	Compostela – A Coruña	65	10 xullo	Compostela – Oroso – Ordes – Carral – A Coruña

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación ORA GALEGA desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Aluguer de autobús de dous andares 8 fins de semana	9.700,00 €
Deseño da campaña	3.300,00 €
Deseño de páxina web	3.100,00 €
Deseño e montaxe exposición itinerante	6.000,00 €
Promoción audiovisual (vídeo e fotografía)	3.850,00 €
Actuacións musicais, literarias, teatro, teatro infantil..	2.800,00 €

TOTAL **28.750,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **23.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación ORA GALEGA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación ORA GALEGA.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación ORA GALEGA, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación ORA GALEGA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación ORA GALEGA.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación ORA GALEGA unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación ORA GALEGA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia

sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de outubro de 2016, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación ORA GALEGA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de novembro de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación ORA GALEGA para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable para o respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación ORA GALEGA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación ORA GALEGA.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación ORA GALEGA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación ORA GALEGA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación ORA GALEGA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación ORA GALEGA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación ORA GALEGA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación ORA GALEGA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación ORA GALEGA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación ORA GALEGA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de novembro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2016.

2.- Despois da solicitude da Asociación ORA GALEGA, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderanlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONSORCIO DAS MARIÑAS PARA FINANCIAR O “MANTEMENTO DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICO SOCIAL ESPECIALIZADA NO ANO 2016”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes

principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 28 de xuño de 2016 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio das Mariñas (P1500011J) para financiar o “*Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica Social Especializada no ano 2016*”, cunha achega da Deputación de 60.000 €, que supón unha porcentaxe do 75,23% do orzamento subvencionado, que é de 79.752,12 €, importe que será aboado conforme ao disposto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 2016/0611/23121/46701 do orzamento vixente.

3. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ata o 31 de maio de 2017.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO AS MARIÑAS PARA MANTEMENTO DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA SOCIAL ESPECIALIZADA NO 2016.

Na Coruña, o..... de.....de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, Dna. Ánxela Franco Pouso, Deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade.

E doutra parte o Presidente do Consorcio As Mariñas, D. José Antonio Santiso Miramontes.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36, na Lei de administración local de Galicia 5/97 arts 109 a 119, así como na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art 63 a cal establece que as deputacións proporcionaranlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Dado o interese coincidente da Deputación e do Consorcio As Mariñas, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme as seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consorcio As Mariñas (CIF P1500011J), para o financiamento dos gastos de persoal (salario e seguridade social) do equipo do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada, que integran dous asesores/as xurídicos, e un auxiliar administrativo.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Consorcio As Mariñas levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO	CUSTOS SALARIAIS				TOTAIS	
NOME DO POSTO	SALARIO BASE	PAGO EXTRA	BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL MES	GASTO TOTAL ANUAL
ASESOR/A XURÍDICO/A	1.623,71 €	262,37 €	1.886,08 €	617,69 €	2.503,77 €	30.045,24 €
ASESOR/A XURÍDICO/A	1.580,63 €	257,94 €	1.838,57 €	602,13 €	2.440,70 €	29.288,40 €
AUXILIAR ADMTVO.	1.104,11 €	183,96 €	1.288,07 €	413,47 €	1.701,54 €	20.418,48 €
TOTAL GASTO	4.308,45 €	704,27 €	5.012,72 €	1.633,29 €	6.646,01 €	79.752,12 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00€, o que representa unha porcentaxe de 75,23% do orzamento subvencionado que ascende a 79.752,12€. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,23 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2016 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ó Consorcio As Mariñas que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ó Consorcio As Mariñas o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Consorcio As Mariñas axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Consorcio As Mariñas tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Rematada completamente a realización da actividade, efectuarase o pagamento a prol do Consorcio As Mariñas, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe prevista na cláusula III sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación: (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente se procede.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Consorcio As Mariñas estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.

2. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Consorcio As Mariñas terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A EXECUCIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, realizaranse desde o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016**.

2. Unha vez realizada a actividade o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **31 de maio de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ó Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56^a.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Consorcio As Mariñas deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con

anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2017**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que o Consorcio As Mariñas, non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2017, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro do ano 2017**. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Consorcio As Mariñas perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Consorcio As Mariñas respectivamente.

3. Corresponderanlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ o día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN EURO-EUME PARA FINANCIAR O PROGRAMA “PRODUTOS DO EUME” E MODIFICACIÓN DE CLÁUSULA II DO DITO CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.-Autorizar a prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Euro-Eume para financiar o programa “Produtos do Eume” e (convenio núm. 157/2015)

2º.-As circunstancias que motivan a concesión da prórroga están condicionadas a que no convenio está incluída a definición da Marca e os seus Regulamento, o Rexistro da Marca “Produto do Eume” para proceder á certificación das producións susceptibles de ser amparadas pola Marca e sobre todo un conxunto de actividade de promoción da dita Marca.

A asociación Euroeume con data do 22 de marzo de 2016 recibiu o informe favorable da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrial Agroalimentarias, coa dita autorización a entidade iniciou os trámites para o Rexistro da Marca na Oficina Española de Patentes e Marcas.

Dado que o trámite administrativo para o rexistro da marca na oficina Española de Patentes e marcas non é de resolución inmediata o que provoca un atraso nas actuación previstas no convenio.

3º Modificar a cláusula II do convenio: ORZAMENTO, que queda establecido nos seguintes termos:

CONCEPTO				IMPORTE
<i>Partida</i>	<i>Orzamento</i>	<i>IVE</i>	<i>Total</i>	
1. Definir produto do Eume				12.253,00
Persoal	10.699,00		10.699,00	
Custes indirectos (correos, telefonía, papelería)	1.284,30	269,70	1.554,00	
2. Certificación de produto:				6.050,00
Persoal	3.642,44		3.642,44	
Asesoramento	1.989,72	417,84	2.407,56	
3. Campaña comunicación				30.936,68
Campaña prensa, radio, etc.				
Persoal	3.872,00		3.872,00	
Medios comunicación	9.917,09	2.082,59	11.999,68	
a) Gabinete prensa	3.872,00		3.872,00	
b) Folleto	743,80	156,20	900,00	
c) Merchandising	606,61	127,39	734,00	
d) Showcooking	2.900,00	609,00	3.509,00	
e) Xornadas restaurantes:			3.630,00	
Persoal	1.400,00			
Contratación	1.842,98	387,02	2.230,00	

f) Visitas guiadas:			2.420,00	
Persoal	1.000,00		1.000,00	
Contratación	1.173,55	246,45	1.420,00	
TOTAL				49.239,68 €

4º Condicionar a eficacia do presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario da Corporación para o ano 2017 con que facer fronte á achega provincial prevista no convenio.”

11.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA XIII DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) PARA FINANCIAR A “INCORUNA 2015”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

1.-“Modificar as cláusulas VII e XIII do convenio entre a Deputación e ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) para financiar o proxecto “Incoruna 2015” polo que o novo texto do convenio queda establecido nos seguintes termos :

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Alfonso Salazar Martínez, con DNI núm. 32768071V, en representación da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) consideran de grande interese para a provincia a celebración de congresos a nivel nacional,

dende os derivados do propio turismo ata o establecemento de contactos profesionais entre os asistentes, e que poden chegar a materializarse na apertura de novos negocios, ademais de impulsar o comercio electrónico e marketing on-line para o emprendedor, achegando ideas, experiencias e oportunidades.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)**, CIF G70252622, para o financiamento do proxecto “*Incoruna 2015*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	
- E-COMMERCE INCORUNA, 5 e 6 de MAIO de 2015	17.166,00 €	
-Servizos de comunicación e redes sociais	2.420,00 €	
-Deseño e creatividade, pezas gráficas	2.200,00 €	
-Produción, programas e imprenta	2.026,00 €	
-Publicidade na Voz de Galicia	1.500,00 €	
-Poñentes e relatores comercio electrónico	7.580,00 €	
Atrezzo auditorium	860,00 €	
Envío Newsletter	580,00 €	
- I LEADERSHIP SENIOR INCORUNA, 7 de MAIO de 2015	12.022,00 €	
-Contratación de poñentes e relatores	5.850,00 €	
-Servizos de Redes Sociais e Community Manager marzo, abril e maio	2.200,00 €	
-Servizos de deseño gráfico	1.200,00 €	
-Atrezzo mobiliario para escenario	960,00 €	
-Produción de gráfica, cartelería, programas	1.812,00 €	
- GASTOS COMÚNS AMBOS CONGRESOS	19.779,00 €	
-Secretaría técnica, traslados, hoteis coordinación e execución dos 2 Congressos	16.800,00 €	
-Seguros Rc e accidentes dos 2 Congressos	680,00 €	
-Material merchandising 4 pax (200 + 200)	2.299,00 €	
TOTAL		48.967,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 61,265%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 61,265% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente

aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsación deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA serán realizadas entre o 5,6,7 de maio de 2015 e o 30 de marzo de 2016.

2.. A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados os días 5, 6 e 7 de maio de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2016**.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2016**, deberá solicitar antes desta data,

a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN
COMERCIAL DE
EMPRENDEDORES DE GALICIA
(ASCEGA)

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

2º Condicionar a eficacia do presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario da Corporación para o ano 2017 con que facer fronte a achega provincial prevista no convenio.”

12.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA FINANCIAR O PROXECTO “CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NA PISCINA MUNICIPAL DO CASTELO-DORDANO”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de xuño de 2016.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras con CIF P1500029B para financiar as actividades “Contratación da prestación do Servizo de Salvamento e Socorrismo na piscina municipal do Catillo-Dordano dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2016”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 5.500,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 78,64 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3412/46201 EMC 2/2016.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

7º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o Señor Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José Pablo González Cacheiro, con DNI núm. 32820427W, en representación do CONCELLO DE OZA-CESURAS

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE OZA-CESURAS consideran de grande interese para a provincia potenciar o uso das piscinas municipais da que fan bo uso tanto os veciños do concello como os dos concellos limítrofes e os turistas aproveitando que existe unha área recreativa, zonas verdes, parque infantil etc. todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE OZA-CESURAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE OZA-CESURAS, CIF P1500029B, para o financiamento do "Contratación da prestación do Servizo de Salvamento e Socorrismo na piscina municipal do Castillo-Dordaño dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2016".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE OZA-CESURAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Custo de contratación de 1 socorrista	6.993,80 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 5.500,00 €, o que representa unha porcentaxe de 78,64%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,64% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3412/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE OZA-CESURAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE OZA-CESURAS o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE OZA-CESURAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE OZA-CESURAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE OZA-CESURAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2016, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE OZA-CESURAS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos

necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE OZA-CESURAS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO DE OZA-CESURAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OZA-CESURAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE OZA-CESURAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE OZA-CESURAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o día 1 de xullo ata o 31 de agosto do ano 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE OZA-CESURAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de

DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE OZA-CESURAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE OZA-CESURAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OZA-CESURAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE OZA-CESURAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE OZA-CESURAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE OZA-CESURAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE OZA-CESURAS deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE OZA-CESURAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE OZA-CESURAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OZA-CESURAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OZA-CESURAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xullo ata o 31 de agosto do ano 2016**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro do ano 2016**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE OZA-CESURAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE OZA-CESURAS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se

poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OZA-CESURAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO”

O representante do CONCELLO
DE OZA-CESURAS

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA FINANCIAR A “XXVI MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS”

INTERVENCÍONS

Sr. García Seoane

Eu na Comisión xa din a miña opinión respecto do tema e como se puidera interpretar coa miña abstención que son contrario a este tipo de actividades, que son importantes para a vila de Camariñas, para a xente que traballa en Camariñas no encaixe, quero deixar claro que eu estou a favor deste tipo de feiras que promoven a nosa cultura, o traballo, etc., etc., pero estou en contra en cambio de gastos que non se deben de facer, pódense facer este tipo de actos máis austeros. Eu vendo a relación que se presenta por parte, neste caso, do Concello de Camariñas, paréceme esaxerado moitos dos gastos, por exemplo 48.000 euros para montar a infraestrutura de instalacións, e sumando as distintas partidas que van dispersas na súa proposta, paréceme unha cantidade tremenda, estamos falando de doce millóns das antigas

pesetas, porque agora falar de euros é moi fácil, pero hai que seguir valorando nas pesetas por se algún día temos que volver a elas, e logo hai outra partida que me parece esaxerada, e que os políticos, eu cando vén alguén ao concello, unha autoridade, invítoo publicamente e vai a un restaurante, pero temos que ter tamén coidado con ese tipo de gastos, eu creo que 15.000 euros para comidas durante este acto tamén me parecen demasiados.

Polo tanto, estas son as razóns polas que me vou abster, non estou para nada en contra da feira, estou pola austeridade que ten que prevalecer nestes actos para, canto máis austeros sexamos, máis podemos facer, máis actividades podemos facer, e polo tanto máis redundará no beneficio do noso país.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 2 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e as abstencións de Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de xuño de 2016.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas con CIF P1501600I para financiar as actividades “XXVI Mostra do Encaixe de Camariñas”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 120.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 63,95 %.

4º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3341/462.01 e queda condicionada á definitiva entrada en vigor a aprobación do EMC 3/2016.

5º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio

6º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Manuel Valeriano Alonso de León, con DNI núm. 76311474, en representación do CONCELLO DE CAMARIÑAS

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS consideran de grande interese para a provincia potenciar que o sector do encaixe se converta nunha actividade rendible de futuro para isto o Concello de Camariñas deseñou un programa de desenvolvemento do encaixe no dito programas contemplouse as seguinte áreas de intervención: formación, investigación, produción, distribución e comercialización, todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, CIF P1501600I, para o financiamento do "XXVI Mostra de Encaixe de Camariñas".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Capítulo I: Gastos de persoal	
Custos de persoal contratado	13.000,00
Capítulo II: Gastos correntes	
Megafonía e iluminación	6.198,35
Pantalla led sala desfiles	2.200,00

Equipo de cámara, operador e dj en directo	2.650,00
Modelos, coreografía e organización dos desfiles e locutor desfile	15.400,00
Publicidade	32.286,01
Transportes diversos, bus palilleiras	1.370,00
Servizo de xerador e acometidas eléctricas	3.620,00
Servizo de montaxe de instalacións interiores da Mostra de Encaixe	34.500,00
Carpas	1.775,00
Servizo de vixilancia	4.192,56
Reportaxes fotográficos e vídeo	4.648,00
Imprenta	3.870,00
Servizo de limpeza	3.280,00
Servizo de montaxe itinerante	1.000,00
Varios gastos servizo montaxe: redes, elevador, deseño stand Costa da Morte, outras subministracións	6.486,40
Restauración: en diferentes facturas	15.000,00
Subministracións de encaixe para as coleccións dos novos e grandes deseñadores da pasarela de moda	11.585,80
Subministracións de camisetas persoal voluntario	1.766,23
Servizo de representación e actuacións artísticas	16.676,45
Campamento Náutico Encaixe Azul	1.200,00
Talleres lúdicos e parque infantil	3.880,00
Servizo de visitas guiadas "Os fíos do mar"	1.050,00
TOTAL	187.634,80

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 63,95%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 63,95% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención

provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57^a das de execución do Orzamento para o ano 2016, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CAMARIÑAS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE CAMARIÑAS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscripción polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial realizaranse entre o día 1 de xaneiro ata o 31 de xullo do ano 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste

prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMARIÑAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser

escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa

exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de xullo do ano 2016**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro do ano 2016**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CAMARIÑAS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante do CONCELLO
DE CAMARIÑAS

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO”

14.- APROBACIÓN DA ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP, AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN DE DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o texto da addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais.

3.- Ratificar o actuado polo Sr. Presidente da Deputación da Coruña na sinatura da addenda celebrado o paso 15 de decembro de 2015

3- O texto íntegro do convenio e o seguinte:

4º.- Condicionar a achegas provinciais dos exercicios 2017 e 2018 á existencia de crédito presupostario axeitado e suficiente para atender os gastos imputables aos mesmos (350.000,00 € ano).

5º.- A FEGAMP achegará á Deputación os xustificantes de gastos e pagos que acrediten na provincia da Coruña que os fondos provinciais foron destinados á finalidade nas mesmas condicións previstas no “Anexo VI: xustificación dos traballo e libramento de fondos da Xunta á FEGAMP”.

6º.- No non previsto no convenio subscrito a Deputación ten todas as prerrogativas previstas na normativa xeral de subvencións en relación coas achegas provinciais”.

7º A Deputación financiará, na anualidade 2016, a parte proporcional do exercicio correspondente ao período de tempo que estiveran operativos os grupos de emerxencia supramunicipais da provincia.

Os textos da addenda e consolidado do convenio son os seguintes:

ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Rural, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente, Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pola Deputación Provincial de Lugo, o seu presidente, Darío Campos Conde, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pola Deputación Provincial de Ourense, o seu presidente, José Manuel Baltar Blanco, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, a súa presidenta, Carmela Silva Rego, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias, o seu presidente, Alfredo L. García Rodríguez, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O día 10 de maio de 2013 o Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP) e as Deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais, que contén unha autorización de gasto de carácter plurianual, abrangendo dende o ano 2013 ata o ano 2015.

O día 13 de maio de 2013 as partes asinaron o referido convenio de colaboración, que ten por obxecto a colaboración das distintas institucións participantes en orde a completar o mapa de emerxencias de Galicia mediante a implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para a realización das funcións previstas na cláusula terceira do propio convenio.

SEGUNDO.- O día 3 de decembro de 2013 asinouse unha primeira addenda ao devandito convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais, co obxecto de introducir algunhas modificacións ao clausurado.

No convenio establecíase a creación de 25 grupos de emerxencias supramunicipais e se completaba a nova rede de emerxencias cos servizos municipais de Pontearreas, Sanxenxo e Terras de Celanova.

En virtude da citada addenda e logo da renuncia á creación do seu respectivo grupo presentada polos concellos de Pontecaldelas e Redondela en Pontevedra e de Baños de Molgas en Ourense, pretendeuse a constitución doutros tres grupos que virían a substituír aos citados. Estes novos grupos son os dos concellos de Valga en Pontevedra e de Maceda e Pereiro de Aguiar en Ourense. Os GES de Valga e de Pereiro de Aguiar constituíronse e están en funcionamento. O concello de Maceda non foi capaz de constituír o seu GES polo que foi necesaria e conveniente unha nova reestruturación do ámbito de actuación e cobertura dos GES que posibilite a aplicación dos recursos públicos destinados a este fin e dar servizo ás zonas que o precisan.

TERCEIRO.- Como consecuencia da non constitución do GES Maceda tramitouse unha segunda addenda, incluíndose a compartimentación do GES da Gudiña, mediante o establecemento dunha subsede en Laza, e o aumento do número de efectivos totais deste GES que pasaba dos 12 membros a 18 membros, polo incremento de 6 efectivos máis con base en Laza. E ampliábanse en 3 novos efectivos os grupos de Ribadavia/Avión e Lobios/Muíños ata acadar os 19 compoñentes.

Así mesmo, procedeuse a detallar o financiamento dos Servizos Municipais, para aclarar a distribución das achegas que deben realizar a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, cada un dos concellos sede ou subsede e, de ser o caso, a respectiva Deputación Provincial, así como a natureza e distribución dos gastos de funcionamento dos GES que financia a Dirección Xeral de Administración Local.

CUARTO.- O convenio actual, xunto as súas addendas, ten un período de vixencia dende o ano 2013 ata o ano 2015. Xa que dito convenio remata o 31/12/2015, enténdese necesario tramitar a presente addenda á fin de manter o obxecto e fins da súa sinatura ampliando o período de prestación de servizo dado polos grupos de emerxencia supramunicipal (GES) outros tres anos (2016-2018), prorrogando así o período do actual convenio.

Doutra banda e como consecuencia da experiencia acadada na execución do convenio introdúcense determinadas modificacións co gallo esencial de ampliar os terreos onde se pode actuar así como o repertorio de posibles actuacións en materia de prevención de incendios facendo máis eficaz esta labor e, en adición, modifícase o reparto dos fondos dedicados a prevención contra incendios, toda vez que o GES Maceda non se constituíu finalmente.

Esencialmente se propón introducir as seguintes modificacións :

- Variación no reparto dos fondos dedicados á prevención contra incendios establecendo unha axuda máxima de 81.000 € ano/GES tal como estaba, pero se excepcionan os GES Laza / A Gudiña (121.500 €) o GES Avión / Ribadavia e GES Lobios / Muíños (101.250 €) con contías máximas diferentes (que se introducen no anexo IV).
- Amplíanse as actuacións elixibles en materia de prevención contra incendios, tanto na superficie obxecto de actuación como nas posibles actividades, onde xuntamente aos desbroces preventivos actuais, se inclúe a investigación da propiedade e valoración in situ da biomasa forestal das redes secundarias de faixas de biomasa así como a eliminación e retirada de niños de avés pa asiática (*Vespa velutina*) (cláusula quinta do convenio).
- Se simplifica a redacción de determinadas cláusulas do convenio orixinario, así como a súa orde cara a facilitar a súa aplicación.
- Se introducen determinadas exixencias derivadas da aprobación dun novo PDR 2014/2020 por decisión de execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015 no que toca as exixencias formais e materiais (publicidades, porcentaxe de participación, programa de actuacións preventivas, contabilidade, custes de referencia, plan de controis).

Polas razóns expostas considerase necesario tramitar unha nova addenda ao convenio que incorpore as modificacións aludidas.

Ao respecto e co fin de evitar as dúbidas de interpretación que puideran derivarse da dispersión de textos do convenio e das sucesivas addendas óptase por integrar as modificacións a realizar mediante esta addenda, xunto as anteriores addendas nun texto refundido do convenio que substitúe aos anteriores de forma que o seu clausulado pasa a ser o que segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓN PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

PRIMEIRO.-Que entre as competencias que, no que toca ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios.

Así mesmo á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia,, Administracións Públicas e Xustiza, é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emerxencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e máis especificamente a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura.

Pola súa parte a Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

SEGUNDO.- Ás Deputacións provinciais, como órgano de goberno da provincia, correspóndelle a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia, e, en particular, participar na coordinación da administración local coa da Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes, garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contan con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

TERCEIRO.- Entre os fins da FEGAMP, de acordo co establecido no artigo 2 dos seus Estatutos, figura a representación e defensa das actividades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Que conforme ao disposto no artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG núm.108, do 7 de xuño de 2004) a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

CUARTO.- Que, segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como “un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá.” E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

QUINTO.- Por outra parte, os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre, pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abran todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais.

A ditos efectos, cómpre lembrar que todos os concellos de Galicia, segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiamento con FEADER

SEXTO.- As accións en materia prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural. En concreto están previstas nas seguintes normas:

- Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns

relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.

- Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).
- Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (Ce) núm. 2799/98, (CE) núm. 814/2000, (CE) núm. 1290/2005 e (CE) núm. 485/2008 do Consello
- Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

SÉTIMO.- Que para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta de Galicia e a FEGAMP acordan apoiar o funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementarán a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal, sen que os límites administrativos das provincias supoñan molestias á hora de intervir en zonas perimetrais ás sedes de localización dos ditos grupos. Do mesmo xeito, os ditos grupos participarán en labores de prevención de incendios.

Ordinariamente os GES desenvolverán as súas funcións no ámbito de actuación adscrito aos mesmos, e soamente con carácter excepcional e debidamente xustificado, realizarán as súas tarefas fóra do ámbito territorial que lles foi asignado.

Que coa finalidade de simplificar e axilizar as tramitacións administrativas necesarias para alcanzar a colaboración pretendida, asínase este convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Consellería de Medio Rural; as Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e a FEGAMP.

Ao abeiro do anteriormente exposto, as partes asinantes coincidindo en que a iniciativa obxecto de colaboración é de común interese para ambas e harmoniza cos fins dunhas e outras asinan o presente convenio , que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto colaborar para completar o mapa de emerxencias de Galicia mediante a implantación dos Grupos de Emerxencias

Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal.

SEGUNDA.- LOCALIZACIÓN

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais sitúanse estratexicamente en 24 localidades, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación.

Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais foron:

- A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.
- Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.
- Distribución uniforme.
- Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.
- Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de protección civil teñen tempos de chegada máis alongados.
- Localizacións en zonas con riscos potenciais.
- Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emerxencias
- A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emerxencias.

TERCEIRA.- COMPOSICIÓN

Con carácter xeral cada GES estará composto por 12 efectivos. Naqueles casos en que o GES teña unha base compartida, poderá estar integrado por 16, 18 ou 19 efectivos.

En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme ao anexo I, no que se recolle tamén a súa sede.

Cada GES contará cos medios materiais que se especifican no anexo III

No tocante á selección, formación e operatividade dos compoñentes destes grupos estarase ao disposto no anexo VII.

CUARTA.- FUNCÍONS DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS.

Os GES poderán exercer as seguintes funcións:

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de

bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.

- Definir redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal da titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 6/2011.
- Realizar actuacións de prevención de pragas, entre elas de prevención da praga da avespa velutina, tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro
- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntamentos de terra, situacións e de seca, así como actividades de prevención e control fronte a pragas e doenzas forestais.
- Colaborar, e no seu caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realizar actividades e, no seu caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, sanidade, culturais, educativos e deportivos.

QUINTA.- ACTUACIÓNS DOS GES EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

O abano de actuacións subvencionables que serán obxecto de axuda consonte o PDR do 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015, pódense agrupar en:

- Submedida 8.3 do PDR Medidas preventivas contra incendios forestais, onde se inclúe a redacción de estudos e proxectos relacionados con esta necesaria prevención, así como prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal
- Submedida 8.4 do PDR Restauración do dano causado por incendios, desastres naturais e catástrofes, na que se inclúe a loita contra pragas e enfermidades

a) Actuacións de definición das redes de faixas de xestión da biomasa e investigación da propiedade e estado da biomasa (submedida 8.3), que poderá incluír:

- Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, así como da rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.
- Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais.

b) Actuacións de silvicultura preventiva (submedida 8.3): Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos da titularidade municipal ou de propietario descoñecido.

Para os efectos deste convenio as actuacións en materia de desbroces limitaranse a:

- Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Camiños reais e históricos.
- Superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación da dita condición.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.

c) Prevención do dano causado por pragas (submedida 8.3), mediante as actuacións de prevención da praga da avéspera asiática (*Vespa velutina*) en terreos forestais ou zonas de influencia forestal tales como a eliminación de niños.

Os prezos unitarios por actuación e o importe máximo que se ha subvencionar por GES de prevención inclúense no anexo IV.

Os traballos que se ha realizar deberán planificaranse previamente á súa execución, a través dun Programa de actuacións preventivas que presentará a entidade local cos contidos recollidos no anexo V.

Elaborado o Programa de actuacións preventivas presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal. Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados na presente cláusula, farase unha inspección previa á iniciación da obra por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos e emitirse un informe.

De ser favorable o informe emitido, o Programa de actuacións preventivas será aprobado pola Comisión de Seguimento do GES. Unha vez aprobada pola dita Comisión o Programa de actuacións preventivas, a entidade local achegará unha comunicación de inicio destes ao Distrito Forestal.

Con carácter xeral deberá terse en conta o disposto no Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O beneficiario destas axudas serán os concellos sede que compoñen os GES (ver anexo I). No caso de que o GES posúa dúas sedes, inicialmente farase un reparto paritario da axuda, pero, en calquera caso, o dito reparto inicial poderá ser obxecto de modificación ao abeiro do Programa de actuacións presentado así como na posterior xustificación dos traballos, pero en ningún caso excederá a axuda máxima por GES establecida no anexo IV.

En todo caso, son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio. En calquera caso estarase ao exposto no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que recolle entre os custos non subvencionables a través dos fondos EIE, o imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre o IVE;

SEXTA.COORDINACIÓN DOS GES

Os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral coa administración xeral da comunidades autónoma.

Segundo as características da emerxencia ou actividade preventiva ou extintiva que realicen, os GES coordinaranse tecnicamente cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ou coa Central de atencións ás emerxencias 112-Galicia.

A coordinación ordinaria dos GES correspóndelle ao concello no que se sitúe a base do grupo, tendo presente sempre o seu carácter supramunicipal.

No caso de actuacións conxuntas en emerxencias de calquera tipo, cos efectivos dos parques de bombeiros comarcais, o mando e coordinación destas, en cumprimento do principio de mando único, corresponde ao xefe da unidade do parque comarcal de bombeiros.

O concello sede achegará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emerxencias.

A Central de atención ás emerxencias 112-Galicia, conectará co grupo de emerxencia a través dun sistema remoto de xestión das emerxencias, cargando os programas informáticos no terminal dotado de liña de datos e de voz co que estará equipada a sede.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

A Consellería do Medio Rural para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais achega ao presente convenio dous millóns vinte e cinco mil euros (2.025.000,00€) para o ano 2016, dous millóns vinte e cinco mil euros (2.025.000,00€) para o ano 2017 e dous millóns vinte e cinco mil euros (2.025.000,00€) para o ano 2018, que serán cofinanciados con fondos FEADER, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.551.B.760.0.

A porcentaxe que se ha subvencionar será do 100% do investimento elixible ou subvencionable, sometido a un cofinanciamento do 75% de fondo FEADER, dun 7,5% pola Administración Xeral do Estado (AXE) e nun 17,50% pola Xunta de Galicia..

Os gastos non elixibles serán soportados polo concello sede do GES.

As actuacións e xustificación destas realizarase consonte co anexo V e VI.

OITAVA.- FINANCIAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

1-Os Grupos de emerxencias supramunicipais financiaranse polas seguintes partes asinantes do convenio:

- A Xunta de Galicia, a través de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Medio Rural
- As Deputacións provinciais
- Entidades locais que se adhiran a este convenio.

2- A contribución ao financiamento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en materia de emerxencias fíxase en:

- Para o financiamento dos tres servizos municipais: trescentos mil euros (300.000€) para o ano 2016, trescentos mil (300.000 €) para o ano 2017 e trescentos mil (300.000 €) para o ano 2018, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212.A.460.1.
- Para o financiamento dos GES e servizos municipais cincocentos sesenta mil euros (560.000 €) para o ano 2016, cincocentos sesenta mil euros (560.000,00 €) para o ano 2017 e cincocentos sesenta mil euros (560.000,00 €) para o ano 2018. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Administración

Local con cargo ás aplicacións orzamentarias 05.23.141.A.461.0 e 05.23.141.A.461.1.

3- A contribución ao financiamento da Consellería de do Medio Rural en materia de extinción de incendios fíxase en un millón oitocentos mil euros (1.800.000 €) para o ano 2016, un millón oitocentos mil euros (1.800.000 €) para o ano 2017 e un millón oitocentos mil euros (1.800.000 €) para o ano 2018, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.551.B.760.0.

4- A contribución ao financiamento por parte das entidades locais será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de 1.374.995,51 €.

5- A contribución ao financiamento das Deputacións é a que segue:

Deputación	Composición grupos 12/16/18/19	GES	Servizos municipais
A Coruña	7/0/0/0	350.000,00 €	-
Lugo	7/0/0/0	350.000,00 €	-
Ourense	3/0/1/2	383.333,20 €	25.000,00 €
Pontevedra	3/1/0/0	216.666,60 €	50.000,00 €
TOTAL		1.374.999,80 €	

Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega no momento da sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación. Nas vindeiras anualidades o 50% no primeiro trimestre do exercicio correspondente, o 25% no mes de setembro e o restante no momento final.

Estas cantidades serán aboadas á Fegamp.

Durante o primeiro ano de vixencia do convenio o financiamento correspondente ratearase segundo á data da sinatura do convenio.

NOVENA.- CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

Dos 24 Grupos de Emerxencias Supramunicipais, o custo dos GES de 12 membros é de 169.000 €, o custo de cada GES de 16 membros é de 252.333 €, o custo de cada GES de 18 é de 253.500 € e o custe de cada GES de 19 membros é de 294.583 €.

Para completar a rede de emerxencias aproveitáronse os recursos dispoñibles dos servizos municipais de Pontearreas e Sanxenxo e o de Terras de Celanova, cun custo de 125.000 euros ano cadanseu.

O CUSTE TOTAL ANUAL do presente convenio é de: 5.409.999,00 €, fixándose os custes totais por GES no anexo II

DÉCIMA: COMPROMISOS DAS PARTES:

A)- Pola Xunta de Galicia, a través de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería do Medio Rural, o compromiso é :

- Financiamento: A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a do Medio Rural colaborarán no financiamento dos custos que se deriven da operatividade dos GES, cunha achega a ingresar na conta da FEGAMP como entidade colaboradora na sinatura deste convenio.
- Dirección e coordinación: ambas consellerías a través dos seus órganos directivos, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal respectivamente, ostentaran a dirección e coordinación operativas destes grupos cando fora solicitada a súa colaboración en emerxencias ou activación de Plans, de competencia dun ou ambos órganos directivos.

B) - Polas Deputacións provinciais

Financiamento: As Deputacións provinciais colaborarán no financiamento cunha achega a ingresar na conta da FEGAMP como entidade colaboradora.

C) - Pola FEGAMP.

- Colaboración no pago: noméase á FEGAMP entidade colaboradora, aos efectos de recibir os fondos e transferilos en nome e por conta da Xunta de Galicia e das Deputacións aos concellos destinatarios sedes dos grupos, comprometéndose a facer constar expresamente a súa procedencia, así como a finalidade do seu traspaso.
- Difusión: a FEGAMP difundirá a actuación entre os concellos e informaraos das condicións do convenio e do tipo de gastos para os que se realiza a transmisión das cantidades previstas
- Entregar os fondos aos concellos sedes destinatarios.
- Distribuír os fondos de forma igualitaria entre os concellos indicados no anexo I.
- Xustificar a entrega dos fondos percibidos.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos ditos fondos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións.
- Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 75.1.c) i) do regulamento (CE) 1698/2005.
- Mediación entre a Xunta, Deputacións e os concellos contratantes dos GES, e polo tanto:
 - Recadar toda a documentación acreditativa do cumprimento das actuación por parte dos concellos sedes.
 - Presentar as declaracións de axudas solicitadas ou concedidas en cada concello para esta mesma finalidade e, en caso de non ter ningunha axuda, a presentación dunha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

- Comprobar, no seu caso, o incumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.

A FEGAMP como entidade colaboradora que recibe os fondos das axudas e distribúe estes aos beneficiarios, deberá respectar o disposto no artigo 9 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e en ningún caso considerará os fondos recibidos como integrantes do seu patrimonio.

D) Polos Concellos sede dos GES,

- Deberán achegar as cantidades consignadas no anexo II.
- Deberán achegar unhas instalacións-base adecuadas para a prestación do servizo de emerxencias, permitindo a localización dos recursos humanos e materiais propios do servizo
- Deberán atender de forma permanente as chamadas de emerxencia, de xeito que a non resposta as chamadas de emerxencia de forma continuada dará lugar por parte dos concellos sede, a non percepción da axuda, salvo causa xustificada, e previa audiencia ó concello implicado.
- Deberán cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula.
- Deberán acreditar a prestación do servizo, mediante os informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES nos concellos sede, coa finalidade de percibir as achegas da Xunta de Galicia e as Deputacións.
- Comprométense a conservar os medios e recursos de intervención de Galicia. O deterioro non xustificable polo uso que sufran os equipos será responsabilidade do concello.
- Dado o carácter supramunicipal dos GES, os concellos incluídos na área de actuación correspondente, segundo o Anexo I, poderán por a disposición destes os medios materiais de protección civil dos que dispoñan para atender as emerxencias, ou ben cedelos de forma permanente.
- Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 66.1.c) do Regulamento (UE) 1305/2013.
- Respecto daquelas actuacións financiadas ao abeiro de fondos FEADER o concello informará ao público da axuda obtida presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, en caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, en proporción ao nivel da axuda, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión, tal como establece o anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

UNDÉCIMA.- LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA Á FEGAMP.

O libramento dos fondos á Federación Galega de Municipios e Provincias pola Xunta de Galicia realizarase de conformidade co previsto no anexo VI e VII.

DÉCIMO SEGUNDA.- LIBRAMENTO DE FONDOS POLA FEGAMP AOS BENEFICIARIOS FINAIS.

Unha vez recibidos os fondos da Xunta de Galicia pola FEGAMP, esta transferirá aos beneficiarios finais participantes do proxecto a cantidade que lle corresponda, no prazo máximo de 45 días dende a súa recepción.

A FEGAMP acreditará ante a Dirección Xeral de Emerxencia e Interior, a Dirección Xeral de Administración Local e a Dirección xeral de Ordenación e Produción forestal, a entrega dos fondos aos beneficiarios finais mediante xustificante de pagamentos válidos (extractos ou certificación bancaria debidamente identificados).

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lle sexan requirida pola Intervención Xeral e o Consello de Contas da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como aos controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios.

A participación no presente convenio suporalles, tanto á entidade colaboradora coma aos beneficiarios finais, o consentimento expreso á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de novembro e Decreto 126/2006 do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados para o mes o fin , poderá dar lugar, si con isto se alterase os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de mora correspondente de acordo co establecido no disposto no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo onde os xuros se calcularán en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

DÉCIMO TERCEIRA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para a interpretación de dúbidas e controversias que xurdan na interpretación deste convenio estarase ao disposto nas cláusulas deste e, subsidiariamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño , na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e aos principios establecidos na Lei 30/1992, do 26

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO:

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería do Medio Rural, as Deputacións e a FEGAMP.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na aplicación deste convenio.
- Certificar a efectiva realización das actuacións descritas no convenio, consonte ao presente clausurado e dando cumprimento aos fins establecidos.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias un informe técnico correspondente o grao de cumprimento dos obxectivos programados, e relación detallada dos pagos efectuados por cada concello, correspondentes aos meses de vixencia do convenio para os efectos, no seu caso, do reintegro dos importes non liquidados.

Para resolver as cuestións ordinarias que se presenten na execución do presente convenio crearase un grupo de traballo, de carácter técnico, e composición paritaria, no que a comisión de seguimento poderá delegar, por acordo expreso, as súas atribucións. A composición deste grupo será determinada pola comisión mixta de seguimento do convenio.

DÉCIMO QUINTA.-VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018. Ao termo de cada anualidade calquera das partes poderá denunciar o convenio, cunha antelación mínima dun mes.

Os concellos adhírense ao presente convenio coa sinatura do correspondente anexo de adhesión.

En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar ao inicio mencionados.

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Rural

Valentín González Formoso
Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Darío Campos Conde
Presidente da Deputación Provincial de Lugo

José Manuel Baltar Blanco
Presidente da Deputación Provincial de Ourense

Carmela Silva Rego
Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra

Alfredo L. García Rodríguez
Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias

ANEXOS

ANEXO I: SEDE, ÁMBITO DE ACTUACIÓN E COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL DOS GES

A CORUÑA		LUGO	
Zona	Sede/s	Zona	Sede/s
Zona de Ortegal e Ferrol	Ortigueira	Zona da Fonsagrada e Meira	A Fonsagrada
Zona de Bergantiños	Ponteceso	Zona da Terra Cha - Lugo	Guitiriz
Zona de Muros, Xallas e Noia	Muros	Zona dos Ancares, Lugo e Sarria	Becerreá
Zona de Ferrol-Eume	Mugardos	Zona da Mariña Central e Oriental	A Pontenova
Zona de Betanzos, Terra de Melide e Ordes	Curtis	Zona de Quiroga e Terra de Lemos	Quiroga/Folgoso
Zona do Sar e Caldas	Padrón	Zona da Ulloa, Lugo e Chantada	Monterroso
Zona Santiago, Noia e A Barcala	Brión	Zona da Mariña Central e Occidental	Cervo
OURENSE		PONTEVEDRA	
Zona	Sede/s	Zona	Sede/s
Zona de Terras de Caldelas e Terras de Trives	Castro Caldelas	Zona da Mancomunidade do Val Miñor	Mancomunidade
Zona de Viana e Verín	A Gudiña/Laza	Zona do Baixo Miño	A Guarda
Zona da Baixa Limia	Lobios/Muíños	Zona de Valga	Valga
Zona do Ribeiro	Ribadavia/Avión	Zona de Tabeirós, Terra de Montes e Deza	A Estrada/Lalín
Zona de Valdeorras	O Barco de Valdeorras		
Zona do Pereiro de Aguiar	O Pereiro de Aguiar		

Provincia da Coruña:

Zona Ferrol	Ortegal-	Zona Ferrol-Eume	Zona Bergantiños	Zona Muros-Xallas	Zona Betanzos, Terra de Melide e Ordes	Zona O Sar-Caldas	Zona Santiago, Noia e A Barcala
Cariño		Mugardos	Cabana de Bergantiños	Outes	Curtis	Padrón,	Brión
Cerdido		Ares	Laxe	Carnota	Sobrado	Rois	Ames
Cedeira		Cabanas	Malpica de Bergantiños	Mazaricos	Vilasantar	Dodro	Negreira
Mañón		Fene	Ponteceso	Muros	Mesía		Lousame
Ortigueira		Neda	Coristanco		Cesuras		Noia
Somozas		Valdoviño			Oza dos Ríos		
Moeche					Aranga		

Provincia de Lugo:

Zona A Fonsagrada-Meira	Zona Terra Cha-Lugo	Zona Os Ancares, Lugo e Sarria	Zona Mariña Central e Oriental	Zona Quiroga e Terra de Lemos	Zona A Ulloa, Lugo e Chantada	Zona Mariña Central e Occidental
Baleira	Begonte	Baralla	A Pontenova	Folgo do Courel	Antas de Ulla	Cervo
Fonsagrada	Friol	Becerreá	Trabada	Quiroga	Guntín	Xove
Negueira de Muñiz	Guitiriz	Cervantes	Riotorto	Ribas de Sil	Monterroso	Burela
Ribeira de Piquín	Xermade	Navia de Suarna	Lourenzá	Pobra de Brollón	Palas de Rei	O Valadouro
		As Nogais	Meira		Portomarín	Foz
		Triacastela	Pol		Taboada	Alfoz
		Pedrafita do Cebreiro				
		Castroverde				

Provincia de Ourense:

Zona Terras de Caldelas e Trives	Zona Verín - Viana	Zona O Pereiro de Aguiar	Zona Baixa Limia	Subzona O Ribeiro	Subzona O Ribeiro - Avión	Zona Valdeorras	Zona Terras de Celanova
Castro Caldelas	A Gudiña	Pereiro de Aguiar	Lobeira	Ribadavia	Avión	O Barco de Valdeorras	Cartelle
Montederramo	Laza	Coles	Lobios	Arnoia	Beariz	Carballeda de	Celanova

						Valdeorras	
Parada de Sil	Riós	Nogueira Ramuín de	Muíños	Beade	Boborás	Petín	Gomesende
A Teixeira	Viana do Bolo	Esgos	Entrimo	Castrelo de Miño	Leiro	Rubiá	Quintela de Leirado
San Xoán de Río	Vilariño de Conso	Paderne de Allariz	Bande	Cenlle		A Veiga	Ramirás
Manzaneda	Castrelo do Val	San Cibrao		Cortegada		Vilamartín de Valdeorras	Verea
A Pobra de Trives	Vilar Barrio de	Taboadela		Melón		Larouco	Pontedeiva
	Sarreus	Barbadás		Carballeda de Avia		O Bolo	A Bola
	Chandrexa de Queixa			Toén		A Rúa	Padrenda
	A Mezquita						A Merca

Provincia de Pontevedra:

Zona Mancomunidade do Val Miñor	Zona Baixo Miño	Zona Ponteareas	Zona Valga	Subzona Tabeirós- Terra de Montes	Subzona Deza	Zona Sanxenxo
Baiona	A Guarda	Arbo	Valga	A Estrada	Lalín	O Grove
Gondomar	O Rosal	A Cañiza	Pontecesures	Campo Lameiro	Vila de Cruces	Sanxenxo
Nigrán	Oia	Crecente	Catoira	Cerdedo	Agolada	Meaño
	Tomiño	Mondariz Balneario	Caldas de Reis	Cuntis	Rodeiro	Poio
		Mondariz	Portas	Forcarei	Dozón	
		As Neves		Teo		
		Ponteareas		Vedra		
		Salvaterra de Miño		Moraña		

ANEXO II: CUSTO TOTAL DOS GES

PROVINCIA DA CORUÑA

	CONCELLO	Nº componentes GES	CMR EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/GES
1	BRIÓN	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
2	CURTIS	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
3	MUGARDOS	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €

4	MUROS	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
5	ORTIGUEIRA	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
6	PADRÓN	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
7	PONTECESO	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
TOTAL			462.805,00 €	350.000,00 €	370.195,00 €	1.183.000,00 €

PROVINCIA DE LUGO

	CONCELLO	Nº componentes GES	CMR EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/GES
8	BECERREÁ	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
9	CERVO	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
10	FONSAGRADA (A)	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
11	GUITIRIZ	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
12	MONTERROSO	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
13	PONTENOVA (A)	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
14	QUIROGA	6	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
	FOLGOSO DO COUREL	6				
TOTAL			462.805,00 €	350.000,00 €	370.195,00 €	1.183.000,00 €

PROVINCIA DE OURENSE

	CONCELLO	Nº componentes GES	CMR EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/GES
15	BARCO (O)	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
16	CASTRO CALDELAS	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
17	GUDIÑA (A)	12	99.172,50	75.000,00	79.327,50	253.500 €
	LAZA*	6				
18	LOBIOS	10	131.685,42	79.166,60	83.730,98	294.583,00
	MUIÑOS*	9				
19	RIBADAVIA	10	131.685,42	79.166,60	83.730,98	294.583,00
	AVIÓN*	9				
20	PEREIRO DE AGUIAR	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
TOTAL			560.888,34 €	383.333,20 €	405.444,46 €	1.349.666,00 €

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/GES
21	ESTRADA (A)	10	115.156,66 €	66.666,60 €	70.509,74 €	252.333,00 €
	LALÍN	6				
22	GUARDA	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
23	VAL MIÑOR	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
24	VALGA	12	66.115,00 €	50.000,00 €	52.885,00 €	169.000,00 €
TOTAL			313.501,66 €	216.666,60 €	229.164,74 €	759.333,00 €

TOTAL

CMRM EXTINCIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL 24 GES
1.800.000,00	1.299.999,80	1.374.999,20	4.474.999,00

SERVIZOS MUNICIPAIS

	SERVIZO MUNICIPAL	PROVINCIA	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior)	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	CUSTO TOTAL/SERVIZO
1	TERRAS DE CELANOVA	OURENSE	100.000,00	25.000,00	0,00	125.000,00
2	PONTEAREAS	PONTEVEDRA	100.000,00	25.000,00	0,00	125.000,00
3	SANXENXO	PONTEVEDRA	100.000,00	25.000,00	0,00	125.000,00
			300.000,00	75.000,00	0,00	375.000,00

FUNCIONAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS:

Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza 560.000,00 €

ANEXO III: MEDIOS MATERIAIS.

Co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas encomendadas, cada GES contará con:

- Un vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria deste, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.
- Batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPIs) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Loita contra Incendios Forestais” (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga).
- Os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.

En canto a roupa de traballo, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo, na que figurará de forma visible a denominación “GES” e a zona de intervención, segundo o modelo definido pola Xunta de Galicia.

Para a extinción de incendios forestais os equipos de protección individual (EPIs) terán as características definidas polo Comité de Loita contra os Incendios Forestais do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (ver http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/equipos_de_proteccion.aspx) e o Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais – PLADIGA (ver http://www.mediatorural.xunta.es/areas/forestal/incendios_forestais/pladiga_2015/)

ANEXO IV PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIONES DE PREVENCIÓN E ORZAMENTOS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS POR CONCELLO

PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIONES DE PREVENCIÓN.

CÓD TARIFA	DESCRIPCIÓN	PREZO UNITARIO
	Ud de Definición das redes de faixas de xestión da biomasa. Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa. Tamén se incluírán a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.	9000€/ud
	Ud de investigación de titularidade de parcela e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais	12 €/parcela
TS0001	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.121,10 €/ha

TS0002	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.195,840 €/ha
TS0003	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.464,904 €/ha
TS0004	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.793,760 €/ha
TS0005	Roza mecanizada dunha hectárea de matogueiral, con rozadoira de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta de matogueira do 100%..	343,440 €/ha
	Unidade eliminada de niños secundarios de avespa asiática (<i>Vespa velutina</i>)	50 €/ud

ORZAMENTOS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

PROVINCIA DA CORUÑA

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR PREVENCIÓN
1	BRIÓN	12	81.000,00 €
2	CURTIS	12	81.000,00 €
3	MUGARDOS	12	81.000,00 €
4	MUROS	12	81.000,00 €
5	ORTIGUEIRA	12	81.000,00 €
6	PADRÓN	12	81.000,00 €
7	PONTECESO	12	81.000,00 €

PROVINCIA DE LUGO

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR PREVENCIÓN
8	BECERREÁ	12	81.000,00 €
9	CERVO	12	81.000,00 €
10	FONSAGRADA (A)	12	81.000,00 €

11	GUITIRIZ	12	81.000,00 €
12	MONTERROSO	12	81.000,00 €
13	PONTENOVA (A)	12	81.000,00 €
14	QUIROGA	6	81.000,00 €
	FOLGOSO DO COUREL	6	

PROVINCIA DE OURENSE

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR PREVENCIÓN
15	BARCO (O)	12	81.000,00 €
16	CASTRO CALDELAS	12	81.000,00 €
17	GUDIÑA (A)	12	121.500,00 €
	LAZA*	6	
18	LOBIOS	10	101.250,00 €
	MUIÑOS*	9	
19	RIBADAVIA	10	101.250,00 €
	AVIÓN*	9	
20	PEREIRO DE AGUIAR	12	81.000,00 €

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

	CONCELLO	Nº compoñentes GES	CMR PREVENCIÓN
21	ESTRADA (A)	10	81.000,00 €
	LALÍN	6	
22	GUARDA	12	81.000,00 €
23	VAL MIÑOR	12	81.000,00 €
24	VALGA	12	81.000,00 €

ANEXO V. PROGRAMA DE ACTUACIÓN PREVENTIVAS

Os contidos mínimos do Programa de Actuacións Preventivas serán os seguintes:

A) Ámbito de actuación das actuacións preventivas.

B) Tipos de traballo obxecto de axuda.

C) Xustificación das superficies obxecto de actuación:

As actuacións que se han realizar atenderán ao previsto na planificación do Distrito Forestal en materia preventiva. e deberán estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal e Municipal, de existir estes (e tamén co PLADIGA).

Debe existir unha xustificación, que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.

D) Táboa resumo de superficies obxecto de actuación en materia de planeamento, silvicultura preventiva ou do potencial forestal danado por pragas:

Deberá incluírse unha táboa resumo coas superficies de actuación proposta en hectáreas desagregando segundo os tipos de traballos incluídos no convenio.

Localización das parcelas ou vías de actuación preventiva coa descrición, cando menos, da parroquia e lugar (potestativamente ref. catastrais ou parcelas SIXPAC)

E) Cartografía

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1: 5:000, ou no seu defecto 1:25:000 no que se reflectan as actuacións preventivas propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.

Asemade a cartografía remitirase en formato vectorial, tipo shapefile en Datum ETRS 89 e fuso 29N, ou documento análogo.

ANEXO VI: XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA Á FEGAMP

A documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Dirección xeral de Ordenación e Produción Forestal e da Dirección Xeral de Administración Local antes do 5 de decembro de cada ano.

Non obstante, polo que se refire aos gastos de persoal, a documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, antes do 28 de decembro de cada ano.

1.O libramento dos fondos á Federación Galega de Municipios e Provincias pola Xunta de Galicia, someterase ao seguinte réxime de pago:

a) Polo que respecta á Consellería do Medio Rural, librarase en cada anualidade un pago anticipado do 100% da anualidade correspondente, de acordo ao establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No ano 2016 este pagamento efectuarase á sinatura do convenio e as restantes anualidades no primeiro trimestre de cada ano. Este anticipo farase con cargo aos fondos propios libres do código de proxecto: 2011.00771.

b) Polo que respecta á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, librarase en cada anualidade un pago anticipado do 50% da anualidade correspondente, de acordo ao

establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No ano 2016 este pagamento efectuarase á sinatura do convenio e as restantes anualidades no primeiro trimestre de cada ano.

c) Polo que respecta á Dirección Xeral de Administración Local, librarase en cada anualidade un pago anticipado do 50% da anualidade correspondente, de acordo ao establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No ano 2016 este pagamento efectuarase á sinatura do convenio e as restantes anualidades no primeiro trimestre de cada ano.

2. Para a xustificación das actuacións subvencionadas ao abeiro deste convenio, a Fegamp, como entidade colaboradora, remitirá á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, á Dirección Xeral de Administración Local e á Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal respecto aos gastos en materia de vixilancia e extinción de incendios forestais, a documentación seguinte, en exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada:

-Certificación do secretario da Federación Galega de Municipios e Provincias, co visto e prace do seu presidente, do cumprimento do obxecto do presente convenio, que se emitirá con base nas certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable nos concellos sede ou subsede do GES.

Na certificación emitida para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, detallarase que se efectuaron as contratacións e as altas na Seguridade Social dos/as traballadores/as que forman parte da estrutura do GES en cada un dos concellos implicados.

-Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

Nas certificacións que se emitan para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, indicaranse as contratacións e altas na seguridade social dos/as traballadores/as que forman parte do GES.

-Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede ou subsede do GES.

Na declaración de axudas que se emita para a Dirección Xeral de Administración Local debe facerse constar se o concello sede ou subsede percibiu algunha outra axuda, aínda que sexa no marco do propio convenio, procedente de calquera das administracións ou órganos que financian as actuacións, para os gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiados con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos, incorporados na relación clasificada de gastos da conta xustificativa.

-Certificación expedida pola secretaría do concello sede ou subsede, co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa unha relación clasificada dos gastos imputables á actuación subvencionada.

A certificación emitida para a Dirección Xeral de Administración Local referirase á conta xustificativa dos gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiados con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos.

-Documentos xustificativos de gastos e de pagamentos:

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira.

Porén, coa finalidade de poder acreditar o gasto da nómina do persoal correspondente ao mes de decembro de cada ano e para estes efectos, serán suficientes, para a súa consideración como gasto subvencionable, as certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, nas que se indiquen que están contabilizados e fiscalizados os ditos pagos.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

-Declaración responsable da persoa representante do concello sede ou subsede do GES conforme este concello, como entidade beneficiaria dunha subvención, non está incurso en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na documentación que se remita á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal incluírase unha relación nominal dos compoñentes do GES, con especificación da persoa responsable do grupo e un número de teléfono de contacto.

No caso de existir fondos remanentes, logo da xustificación dos concellos, serán devoltos pola FEGAMP ao Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes contado dende que remata o prazo para transferir as axudas por parte da FEGAMP aos concellos.

ANEXO VII. ACREDITACIÓN DE GASTOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTÁIS

Para a xustificación das actuacións subvencionadas materia de prevención de incendios forestais, a FEGAMP, como entidade colaboradora, remitirá á Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, antes do 31 de outubro, en relación coa

actuación de cada GES a documentación seguinte, en exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada:

-Certificación do secretario da Federación Galega de Municipios e Provincias, co visto e prace do seu presidente, do cumprimento do obxecto do presente convenio, que se emitirá con base nas certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable nos concellos sede ou subsede do GES.

-Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

-Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede ou subsede do GES.

-Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A dita memoria asinada pola Alcaldía correspondente deberá dar conta dos traballos xustificados, sexa:

- Definición das redes de faixas de xestión da biomasa.
- Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal
- Redacción de informe de xestión de biomasa
- Número de niños de vespa velutina eliminados e xustificación doutras actuacións de prevención realizadas.

-Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes puntos:

- - Acreditación sobre o número de unidades físicas consideradas como módulo.
- - Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os prezos das unidades de obra previstos nesta subvención.

-Certificación expedida pola secretaría do concello sede ou subsede, co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa unha relación clasificada dos gastos imputables á actuación subvencionada. Mediante sistema contable diferenciado por ser fondos FEADER.

-Documentos xustificativos de gastos e de pagamentos: Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

-Declaración responsable da persoa representante do concello sede ou subsede do GES conforme este concello, como entidade beneficiaria dunha subvención, non está incurso en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todo isto consonte co establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais e dando, en calquera caso, cumprimento ás cláusulas e fins establecidos no presente convenio.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas sen que, conxuntamente cos pagamentos anticipados, superen o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

Os importes dispostos no anexo IV terán a consideración de custos de referencia que suporán límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, consonte o establecido no artigo 67.1.a) do Regulamento (UE) 1303/2014. Por esta razón, esixirase aos beneficiarios da axuda que presente xunto coa solicitude de pago facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e xustificante de pago.

No caso de que existan custos simplificados avalados por cálculos dos ditos custes e certificado asinado polo organismo independente, estes custes simplificados ou módulos terán a condición de baremos estándar de custes unitarios tal como contempla o artigo 67 do Regulamento (UE) 1303/2013. De aplicárense os ditos custes non será necesario para realizar o pagamento en materia de prevención a presentación de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente xuntamente aos xustificantes de pago.

Por parte da Consellería do Medio Rural:

Persoal funcionario desta Consellería expedirá certificación na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas ou de actuacións de prevención de pragas realizadas.

Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra das aprobadas.

A redución anterior virá incrementada gradualmente, farase un cálculo sobre a base do que se considera elixible. Cada unidade xestora determinará:

- a) O importe que se pode conceder ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento. A tal efecto tomaranse en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.
- b) O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supere ao importe b) en mais dun 10% a cantidade a pagar é igual ao importe b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplica cando o

beneficiario poida demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

-O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme co disposto no artigo 48 do Regulamento 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen as disposicións de aplicación do regulamento (CE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Emitirase certificación expedida na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.

Teranse en conta os criterios xerais para a aplicación de reducións, sancións e exclusións ditados polo Fondo Español de Garantía Agraria a Circular de coordinación 23/2015 nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado do período 2014-2020. Igualmente tomarase en consideración a Circular de coordinación 22/2015 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidos no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020.

-A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar canta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

ANEXO VIII MEDIOS PERSOAIS: CONTRATACIÓN, CAPACITACIÓN, BASES DE SELECCIÓN E FORMACIÓN DO PERSOAL DOS GES

O artigo 23.2 da Lei ..., do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 establece certas limitacións á hora de contratación de persoal temporal, en concreto preceptúa: que “Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.”

Non cabe dúbida que os servizos afectados por este convenio son servizos públicos esenciais e que o obxectivo da prestación deste servizo é velar pola protección das persoas, dos bens e do patrimonio colectivo ou ambiental.

Ningún dos concellos onde se pode actuar contan con persoal contratado especializado ao respecto e o único servizo especializado nas comarcas para este tipo de intervencións están situados nos Parques comarcais de Bombeiros, o que supón un atraso na intervención por motivo de desprazamento, dependendo do lugar onde se teña que actuar.

Ademais vaise intervir ante situacións de emerxencia que en moitas ocasións implican unha intervención inmediata, onde o concello non conta con persoal especializado para iso, e onde esperar polo persoal do Parque Comarcal de Bombeiros agrava aínda máis a situación, xa que o factor tempo xoga un papel moi importante en determinadas situacións, téndose que minimizar en todo momento o

tempo de chegada ao lugar de intervención e a excepcionalidade deriva da adopción dunha serie de medidas preventivas para velar pola protección das persoas e dos bens.

O persoal que forme parte destes grupos deberá contar cunha formación e experiencia en traballos de protección civil, emerxencias, medio ambiente e prevención e defensa contra incendios forestais.

A capacitación acreditarase coa formación impartida pola Academia Galega de Seguridade ou outros organismos públicos.

A experiencia acreditarase a través de certificacións emitidas polos organismos correspondentes aos que pertenceran os servizos nos que estiveran inscritos e desenvolvendo as súas actividades.

Os concellos sede serán os encargados de seleccionar ao persoal mediante un procedemento público de selección, na súa modalidade de concurso-oposición, entre aqueles que cumpran os requisitos previamente expostos. As bases das convocatorias son elaboradas pola Xunta de Galicia e comúns para todos os grupos e públicas.

Todos aqueles concellos que á sinatura do correspondente convenio, dispoñan de persoal seleccionado consonte aos principios de publicidade, mérito e capacidade destinado a tarefas de atención ás emerxencias poderán adscribirlos ao devandito servizo, e as que non resulten cubertas a través desta adscrición procederán a ser cubertas mediante a modalidade de concurso oposición.

As bases axustaranse ao seguinte modelo:

“CONCELLO DE

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día D de XXX de 2016, faise pública a convocatoria para a provisión de DOCE prazas de persoal para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal polo sistema de concurso-oposición libre:

BASES PARA A PROVISIÓN DE DOCE PRAZAS PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (PERSOAL LABORAL)

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria cubrir DOCE PRAZAS PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (PERSOAL LABORAL polo sistema de concurso-oposición libre.

SEGUNDA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais.(o certificado de escolaridade considérase equivalente ao Graduado Escolar segundo Orde do 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa a efectos laborais).
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ao menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

TERCEIRA.-SOLICITUDES

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida a Alcaldía do Excmo. Concello de A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda da convocatoria.

Xunto coa instancia achegarase a documentación que o aspirante desexe que sexa tida en conta na fase de concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes bases.

2. O prazo mínimo para a presentación de solicitudes será de 7 días con publicación na WEB do concello e cando menos, nun dos diarios de maior difusión da provincia.

3. A presentación de solicitudes poderá facerse, ben no Rexistro Xeral do Concello de ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante telegrama durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra administración pública.

4. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

CUARTA.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

1. Rematado o prazo dos 7 días fixado para a presentación de solicitudes a resolución da alcaldía acordará a aprobación da listaxe de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días, contados a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder corrixir ou emendar, no seu caso, o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da listaxe definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existiren) a listaxe publicada terá carácter definitivo.

QUINTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador deste concurso-oposición estará integrado polos membros que deseguido se relacionan:

Presidente:

- Titular:
- Suplente:

Vogais:

- Titular:
- Suplente:
- Titular
- Suplente:
- Titular:
- Suplente:

Secretario:

- Titular:
- Suplente:

Todos os membros dos Tribunais, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde/sa cando concorran neles algunha das circunstancias establecidas no artigo 28 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias establecidas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vocais titulares que non concorreran á sesión constitutiva e, no seu caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán axudas de custe pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

SEXTA.-COMEZO DOS EXERCICIOS

1. A data e hora na que deberá constituírse o Tribunal (para os efectos de valoración do concurso e elaboración das probas) será determinada pola Alcaldía mediante acordo, xuntamente coa aprobación da listaxe definitiva de admitidos e a data da celebración do primeiro exercicio, a cal publicárase mediante anuncio no taboleiro de anuncios do concello.

2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.

3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica destes.

SÉTIMA.-DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

2. A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará polos que o primeiro apelido corresponda coa letra que determine a Resolución da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para o ano de celebración dos exercicios.

3. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer á Alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

4. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida.

Os opositores non incluídos na listaxe terán a consideración de non aptos.

5. A relación de aprobados en cada exercicio polo Tribunal deberá publicarse no taboleiro de anuncios, polo menos con 12 horas de antelación, á nova reunión do

Tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

6. Dende o total remate dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer polo menos 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

7. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

OITAVA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS FASE DE CONCURSO

FASE DE OPOSICIÓN:

PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, aos efectos de dar cumprimento ao previsto no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, de 50 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria, durante un período de 70 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, para os efectos da súa elaboración.

SEGUNDO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións que se han desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc.), tendo en conta o temario que figura como anexo I, e que será determinado polo Tribunal antes da súa realización.

TERCEIRO-PROBA DE GALEGO

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

FASE DE CONCURSO:

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 8,00. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

1. Méritos profesionais.

a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal de GRUMIR ou nos Grupos Municipais de Emerxencias nos últimos catro anos: 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.

b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outros labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público: 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

c) Por ter prestados servizos en calquera das administracións públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan: 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

Para estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que estean relacionadas coas funcións que se han desenvolver e organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública):

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal de GRUMIR, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración pública xustificárase: Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, a persoa interesada haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición para os efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima que se ha outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

- Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.
- Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos

NOVENA.- CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios, serán cualificados de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1. A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición. Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

2. O Tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. Porén, o Tribunal ao cualificar cada uno dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final, os cales nunca poderán superar o número de prazas convocadas.

4. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

DÉCIMO PRIMEIRA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES PROPOSTOS, NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Os aspirantes propostos presentarán, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

—Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada por ambos os dous lados.

—Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

—Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.

—Fotocopia compulsada do carné de conducir esixido na convocatoria.

Dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, os aspirantes propostos que non presenten a súa documentación ou non reunirse os requisitos esixidos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrese por falsidade na instancia na que solicita tomar parte no concurso-oposición.

DÉCIMO SEGUNDA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á administración municipal, aos Tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DÉCIMO TERCEIRA.- INCIDENCIAS

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, para cuxo efecto poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO CUARTA.-LISTA RESERVA

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para a súa contratación, e superaran todos os exercicios, elaborárase unha listaxe de reserva, por orde decrecente de puntuación, os cales poderán ser chamados para futuras contratacións, derivadas de baixas, substitucións, etc.

A lista terá unha vixencia de ata o 31 de decembro de 2015. Se un aspirante renuncia á contratación será borrado da listaxe. Se presenta a súa renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o último lugar da listaxe.

Os aspirantes que estiveran contratados, unha vez rematado o período de contratación, volverán a ocupar o lugar que tiñan na listaxe por orde de puntuación.

DÉCIMO QUINTA.-RECURSOS

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 30/92, do 26 de

novembro, réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I – TEMARIO

1. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan territorial de emerxencias de Galicia.
2. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.
3. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios
4. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
5. Accidentes de tráfico e excarceración.
6. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas
7. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.
8. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

O curso selectivo responde ao seguinte modelo:

DATOS XERAIS DO CURSO

1. Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional: Protección Civil
2. Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA
3. Código:
4. Tipo de curso: ESPECÍFICO
5. Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.
6. Requisitos do profesorado:
 - 6.1. Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.
 - 6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.
 - 6.3. Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.
7. Requisitos de acceso do alumno:

7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:

à Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.

® Estar en posesión do carné de conducir da clase C

7.2. Nivel profesional ou técnico:

® Non se require

7.3. Condicións físicas:

Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. “Aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión”.

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

- INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)
- INCENDIOS FORESTAIS (14 horas)
- ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)
- PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)

10. Duración:

Prácticas.....	50 horas
Contidos teóricos.....	20 horas
Total.....	70 horas

Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

- Equipo e maquinaria:
- Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo)
- Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática
- Radio transmisores
- Equipo de primeiros auxilios
- Equipo portátil de bombeo
- Grupos electrógenos
- Autobombas urbana e forestal
- Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc).

11.2. Material de consumo:

- Folios
- Cadernos
- Bolígrafos
- Lapis

11.3 Material didáctico.

- Manual básico do curso
- Caderniño de relatorios

11.4 Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

DATOS ESPECÍFICOS DO CURSO

Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os tipos de combustión
- COÑECER os equipos de protección individual
- IDENTIFICAR tipos axentes extintores
- IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga
- IDENTIFICAR tipos de bombas
- COÑECER a condución de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento
- COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais

Duración do módulo: 28 horas

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas de tendidos de mangueras.
- Prácticas de mantemento de bombas e impulsión
- Prácticas de condución e de posicionamento de vehículos
- Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.
- Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.
- Prácticas de extinción de incendios de gases.

B) Contidos teóricos

- Tipos de combustión.
- Equipos de protección individual. O traxe de intervención. El ERA: partes, uso e mantemento.
- Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.
- Instalacións de auga: mangueras, hidrantes, columnas secas e BIE.
- Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.
- Bombas, bombas de achique e turbobombas. Uso e mantemento.
- Intervención con risco eléctrico.
- A química do lume.
- Axentes extintores.
- Localización do foco.
- Orientación, busca e rescate.
- Equipos de respiración asistida
- Entradas forzosas.
- Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.

Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAIS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal
- COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais
- COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais
- COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas de identificación das partes dun lume forestal
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais
- Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga
- Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume

B) Contidos teóricos

- A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais
- A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación
- Medios para a extinción de incendios forestais
- Métodos de extinción de incendios forestais
- Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.
- Situacións de perigo e normas de seguridade

Denominación do módulo nº 3: ACCIDENTES DE TRÁFICO

Obxectivo do módulo:

COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico

Duración do módulo: 21 horas.

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Prácticas vehículos
- Desencarceración, excarceracións e simulacións

B) Contidos teóricos

- Introducción aos accidentes de tráfico.
- Coordinación en accidentes de tráfico.
- Seguridade pasiva.
- Estabilización de vehículos.
- Seguridade persoal en accidentes de tráfico
- Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.

Denominación do módulo nº 4: PRIMEIROS AUXILIOS

Obxectivos do módulo:

- COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios
- IDENTIFICAR tipos de queimaduras
- IDENTIFICAR tipos de traumatismos
- IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas

Duración do módulo: 7 horas

Contidos formativos do módulo

A) Prácticas

- Reanimación: tipos
- Rescates con feridas
- Rescates de interior de vehículos
- Desencarceración, excarceracións e simulacións

B) Contidos teóricos

- Queimaduras
- Alteracións eléctricas
- Afogamentos
- Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais
- Reanimación cardiopulmonar
- Feridas e hemorrxias
- Luxacións e contusións
- Torceduras
- Pautas de actuación en accidentes de tráfico
- Equipos de corte e separación
- Equipos hidráulicos
- Excerceracións

ANEXO IX.-DOCUMENTO DE ADHESIÓN CONCELLOS

D./Dona _____, en representación do Concello de _____.

DECLARA:

Que o Pleno (ou órgano competente) do concello _____ acordou, con data de ____ do mes de ____ do ano _____ solicitar a adhesión ao convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar, as Deputacións de Ourense e a FEGAMP, para o financiamento e mantemento dos grupos de emerxencias supramunicipais, e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados desta e con suxeición plena a todas elas.

_____, ____ de _____ de _____”

15.-APROBACIÓN DO PROGRAMA DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2016 E DA PROGRAMACIÓN DO PROGRAMA ANUALIDADES 2016-2019.

INTERVENCIONS

Sr. Díaz Grandío

Bo día, xa comeza a ser costume, costume cremos que pouco positivo, que este Grupo dea a benvida a unha iniciativa e critique as formas en que esta é traída a este Pleno. Por iso, o Grupo Provincial da Marea Atlántica vai votar a favor deste Plan polo motivo evidente, que nos atopamos ante unha situación de emerxencia e toda axuda na loita contra o desemprego é pouca, pero debemos facer unha serie de consideracións que non consideramos menores.

A primeira vez que soubemos algo do Plan de emprego foi durante o debate orzamentario de novembro, xa naquel momento aquí indicamos que nos gustaría participar na elaboración das bases e a iso comprometeuse o presidente na súa réplica, afirmando que ía manter un diálogo con todos os Grupos, alcaldes, etc., diálogo que nunca se deu e nunca se abriu. Nunca se nos chamou, en ningún momento do proceso, para participar destas bases a ningún dos Grupos.

Outra cuestión respecto das formas, desde o Pleno de novembro nunca se volveu falar deste tema ata que nos meses previos ás eleccións, concretamente no mes de maio se ven diversas aparicións do Plan de emprego na prensa, cousa que cremos que non é criticable pero é curioso que se levase anunciando desde maio e o plan chegase en xullo á Comisión e como asunto de urxencia, e fóra da orde do día, con todo o que isto implica, a aprobación dun Plan de seis millóns de euros sobre un tema máis que relevante, sen ter tempo para estudar a documentación e, insisto, sen poder facer ningún tipo de achega.

Sobre o contido, quero trasladar aquí algunhas cuestións que teriamos feito de ter sido convocados á elaboración deste Plan que, insisto, está ben, pero no que botamos en falta máis participación e máis concreción.

A primeira, nas distintas liñas do Plan fálase de numerosas formas de xerar emprego, unha delas a de xerar novas empresas. Sobre isto sáenos unha pregunta lóxica, cando aprobamos aquí o clausulado social para contratación díxose que unha das intencións era a de tentar influír no marco das relacións laborais, por tanto, vanse ter en conta criterios sociais á hora de outorgar subvencións a empresas?, van ser estes un requisito imprescindible? Porque nós entendemos que é preciso xerar emprego, pero non calquera emprego, en diversos lugares do texto fálase en termos de “socialmente responsable”, “sostible”, etc., pero non sabemos se é unha declaración de intencións ou se isto se vai concretar en algo tanxible.

A segunda, existen numerosos procesos de subvención á iniciativa empresarial en que o modelo das cooperativas ou ben é excluído, ou ben ten un plan específico. Que se pensa facer con este tipo de iniciativa que, por outra parte, é o maioritario entre aquelas persoas sen posibilidades de facer grandes investimentos?

Terceiro, a cuestión territorial. En diversos puntos do Plan se fala de equilibrio territorial á hora da distribución pero, en que criterios se vai fundamentar a dita distribución?, no número de habitantes das localidades, no número de persoas en situación de desemprego, ou nas potencialidades económicas das distintas comarcas?

A modo de conclusión, simplemente remarcar dúas cuestións, unha, insistir no de sempre, lémbrense por favor dos Grupos da oposición á hora de deseñar estes plans porque cremos que estas preguntas que trasladamos aquí non son menores e que podían ter sido en conta á hora de redactar este Plan, para o que reiteramos o apoio pero no que, de verdade, nos gustaría ter participado.

E dúas, non menos importante, celebramos que unha das liñas sexa a de prestar axudas á contratación para a prestación de servizos municipais considerados imprescindibles, pero non debemos esquecer que se os concellos nos vemos na obriga de recorrer a este tipo de mecanismos para cubrir os ditos servizos é pola Lei de estabilidade orzamentaria, a chamada Lei Montoro, que nos impide facelo por nós mesmos, e isto, no futuro, vai ser un problema moi grande que xa estamos sufrindo e unha crítica que nunca hai que deixar de facer. Moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. presidente. Bo día a todas e todos. Vou ser algo reiterativo, pero, en todo caso, quero facer algunha observación.

A principios deste ano o Sr. presidente afirmaba que o Plan de emprego que debatemos agora era un obxectivo clave deste Goberno para superar o verdadeiro problema deste país. Nós concordamos con esa valoración e por ese motivo no debate dos orzamentos solicitamos un maior esforzo para a súa dotación económica, algo que efectivamente sucedeu e polo cal felicitamos ao Goberno provincial. Temos que felicitalos por pasar dos tres millóns previstos inicialmente aos case sete millóns actuais.

Desde Compostela Aberta compartimos, pois, a importancia do Plan e mesmo parte dos seus obxectivos, pero o que non podemos compartir, e dóenos profundamente ter que dicilo, é o proceso da súa elaboración. En repetidas ocasións, e mesmo neste salón, o Sr. Presidente anunciou a súa intención de contar coas achegas dos Grupos provinciais, de informar sobre as bases tan pronto estiveran redactadas, de solicitar opinión aos concellos e mesmo aos técnicos municipais de emprego, pero a tramitación seguida estivo lonxe das promesas feitas.

O Plan que imos votar foi incluído na correspondente Comisión como punto fóra da orde do día, isto significa que os Grupos non tivemos coñecemento del para facer a pertinente análise, a valoración e a achega de propostas ata o mesmo momento de votar, sen ter ocasión nin de lelo. E non debeu ser por falta de tempo xa que a parte máis importante do Plan está en marcha desde o pasado mes de abril. O 43% dos fondos deste Plan xa está mobilizado a través do Plan para concellos, que foi publicado como dixeran en abril, e cuxas bases se aprobaron en Xunta de Goberno sen pasar polo Pleno. Unhas bases que exclúen ademais aos municipios que teñen

máis de 20.000 habitantes, precisamente algúns dos que sofren as maiores taxas de paro na provincia, por exemplo Carballo, Ferrol, Narón, Arteixo ou a propia Coruña.

A pesar do prometido non se fomentou a participación dos Grupos políticos, nin a dos concellos, nin tampouco temos constancia de que se contara cos sindicatos, si, segundo se informa na web provincial, a dos empresarios da provincia. O Goberno decidiu facer o seu Plan sen contar con ninguén máis e está no seu dereito, pero non é polo tanto un Plan no que Compostela Aberta se sinta incluída porque non foi convidada a participar.

Entendemos que este é un Plan necesario, aínda que non nos satisfaga, aínda que non chega a toda a provincia, aínda que sexa excluínte e incompleto. Por ese motivo, e pese a lamentar que o Goberno teña incumplido as súas promesas de participación e consenso, con todo, imos votar favorablemente.

Sr. Presidente

En contestación ás intervencións de Daniel e Manolo, dicir que o que se aproba hoxe é un programa, despois hai que desenvolverlo e desenvolver as bases, non se aproban as bases, apróbase un Programa, hai que desenvolver as bases. Que xa para esta fase podíamos ter contado coa oposición e nese sentido hai que recoñecer pola nosa parte ese erro, non hai ningún tipo de motivación porque das cousas que formulades seguro que nalgúnhas estaremos de acordo, noutras non, o tema das cidades seguramente non o admitiríamos, seguiría sendo así, das cousas que comenta Dani, moitas xa están incluídas aínda que el non as perciba, habería que explicalo máis polo miúdo. O tema dos criterios territoriais están ben claros no que se refire aos concellos porque son criterios obxectivos, creo que indiscutibles para calquera persoa de boa fe, que é simplemente poboación, taxa de paro, en función da poboación, son datos matemáticos. E, por outra parte, criterios territoriais aí onde as cidades van ter presenza lóxicamente é na liña de subvencionar espazos, de feito estamos falando co Concello da Coruña, falamos con entidades do Concello de Santiago e falamos co Concello de Ferrol, neste sentido tamén, e co alcalde de Santiago, no sentido de espazos que están xerados xa nas cidades, non duplicar espazos por parte da Deputación, que non tería sentido, senón intentar aproveitar os que xa están creados. Falamos coa Universidade, falamos cos concellos, e así se fará, aí vaise contar coas cidades, porque despois as achegas que se fan por concello son case insignificantes para os propios concellos, aínda que o agradecen, imaxinádevos para as cidades, é dicir, que sería unha ridiculez e, polo tanto, a pesar de ser bastantes cartos, é un gran de area importante en materia de emprego, non son suficientes para repartir entre os noventa e tres concellos, son sete millóns de euros, pero non chega.

Tendo en conta que ademais a competencia, e iso debe quedar claro, nós non temos competencia en materia de emprego, o cal significou que tivemos que pedir permiso á Consellería competente, á Consellería de Traballo, que á súa vez tivo que pedir permiso á Consellería de Facenda, e por esa tramitación eternizouse aínda por riba porque teñen que autorizarnos. A autorización chegou, a coordinación coa Consellería de Traballo foi moi efectiva, no sentido de que digamos que deseñamos o Plan para non solapar as axudas que xa están creadas por parte da Consellería, que se centra sobre todo en axudas a desempregados e desempregadas menores de

vinte e cinco anos, porque están vinculados a fondos da Unión Europea, fondos de garantía xuvenil. Os fondos da propia Deputación, os recursos da propia Deputación asígnanse, polo tanto, a varias liñas que están aquí programáticas, que hai que desenvolverlas nas bases. Non me presento a outro Pleno e que me poidades poñer colorado nese sentido, outra cousa é que cheguemos a un acordo ou non, pero en calquera caso que recibiremos achegas seguro, queda emprazado o deputado para facer xa esa Comisión de traballo con todos vós e digamos que poñer enriba da mesa as achegas que poida facer calquera de nós nese sentido.

E as cláusulas sociais que di Dani, incorporámolas naquelas liñas ou eixes do programa que entendemos que son incorporables porque na parte referida aos concellos hai moita cláusula social, é dicir, aludimos a persoas, prioritariamente a mulleres, que o desemprego feminino no eido da provincia é moi superior ao masculino, hai un problema moi serio que non se está sendo capaz de resolver desde as administracións competentes e nós o que queremos é reflectir esa realidade a nivel provincial, que seguramente é a mesma realidade no resto das provincias, pero no noso ámbito é unha realidade moi clara. É moi difícil incorporar ao mundo laboral, moito máis difícil, a unha muller que a un home e as cifras están aí. Por iso priorizamos na contratación ás mulleres e aos parados de longa duración e aos maiores de trinta e cinco anos, por que?, porque a outra franxa está máis cuberta pola propia Xunta de Galicia.

E despois no que se refire a contratación por parte das empresas da provincia é máis difícil incorporar medidas de carácter social porque o empresario vai ser quen contrate loxicamente ao traballador e vai contratar a quen considere máis idóneo para o posto, senón sería un fraco favor ao propio traballador e a propia empresa da provincia, porque do que se trata é que o efecto desa medida é que cando pase o período dun ano de contratación haxa unha parte desa xente que quede na propia empresa, é a nosa aspiración, esperemos que ese método funcione, senón funciona o eixo para o seguinte Plan de emprego variará, por suposto. Pero en calquera caso si que se formulou o carácter social nas nosas medidas, nos concellos claramente, e admitírono perfectamente, e no ámbito da empresa é máis complexo.

Pero en calquera caso, recoñecer esa falta de diálogo neste tema, hai campo aínda para reconducilo porque isto é a liña programática, faltan as bases concretas, nese sentido José Luis vaise poñer a disposición de todos os Grupos para recoller as vosas achegas. Grazas.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Aprobar o Programa de Emprego da Deputación Provincial da Coruña 2016
Que queda definido nos seguintes termos:

A.-) Os obxectivos xerais do Programa de emprego da Deputación Provincial da Coruña 2016-2019 son os seguintes:

Os obxectivos xerais do Programa de emprego da Deputación provincial son os seguintes:

- Promover o equilibrio territorial entre os distintos territorios e zonas da provincia.
- Potenciar os sectores económicos e produtivos.
- Potenciar e dinamizar o sector primario, a industria e o comercio e os servizos para conseguir unha mellor complementariedade dos diferentes sectores.
- Fixar na poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible destes.
- Promover a creación do emprego estable e de calidade.
- Facilitar a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

Obxectivos específicos serán os seguintes:

- Favorecer a complementariedade entre os diferentes plans e programas de desenvolvemento da Deputación.
- Complementar as axudas da Xunta de Galicia aos concellos da provincia, en función das necesidades específicas do ámbito do programa.
- Facilitar incentivos ás empresas e ós concellos para a contratación de persoas en situación de desemprego.
- Fomentar a iniciativa empresarial baseada na innovación e na responsabilidade social como base dun crecemento local sostible.
- Formar e capacitar a persoas para ocupar nichos de emprego demandados a nivel local.

B.-) As liñas de actuación sobre as que se asenta o PEL son:

LIÑA 1 PEL – CONCELLOS: Apoio aos concellos da provincia na creación de empregos para a prestación de servizos municipais.

Dotación: 2.980.000€

Finalidade: subvencionar os custos de contratación de traballadores e traballadoras que sexan demandantes de emprego nos distintos concellos e que se contraten expresamente para a realización de traballos necesarios para a prestación de servizos municipais, acordos ás competencias definidas no artigo 25 da Lei de bases de réxime local.

1.1 Axudas á contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos locais imprescindibles.

Destinatarios: concellos provincia

Dotación: 2.980.000€

LIÑA 2 PEL- EMPRENDEMENTO SOSTIBLE E INNOVADOR: Apoio á creación de empresas no ámbito local.

Dotación: 1.270.000€

Finalidade: dinamizar a actividade empresarial e fortalecer o tecido produtivo a nivel local, apoiando a novos emprendedores na posta en marcha da súa idea de negocio a

través de incentivos ao investimento en bens inventariables necesarios para a realización da actividade da empresa. Deste xeito, contribuír á posta en marcha de empresas socialmente responsables que convertan á provincia nun territorio máis sostible e competitivo que base o seu crecemento na innovación empresarial.

2.1. Axudas ao fomento da iniciativa empresarial entre novos emprendedores para a posta en marcha da súa idea de negocio

Destinatarios: mozos e mozas de entre 25 e 35 anos empadroados en concellos da provincia

Orzamento: 740.000€

2.2. Axudas para a promoción dos viveiros de empresa e espazos de traballo (coworking) que dinamicen a actividade empresarial e fortalezan o tecido produtivo a nivel local.

Destinatarios: mozos e mozas de entre 25 e 35 anos empadroados en concellos da provincia

Orzamento: 300.000€

2.3. Proxecto piloto de creación dun espazo de traballo colaborativo (coworking) xestionado pola deputación en colaboración cun concello da provincia.

Destinatarios: concellos da provincia

Orzamento: 150.000€

2.4. Incentivos á calidade e á innovación da idea empresarial: Premio Provincial á mellor Iniciativa Empresarial.

Destinatarios: promotores/as de proxectos empresariais de nova creación.

Orzamento: 50.000€

2.5. Apoio aos concellos para a prestación de servizos de asesoramento a emprendedores e orientación laboral.

Destinatarios: persoal municipal dos servizos de promoción económica, emprego e orientación laboral.

Orzamento: 30.000€

LIÑA 3 PEL- PEME: Apoio ao tecido empresarial para a contratación laboral de persoas en situación de desemprego.

Dotación: 2.000.000€

Finalidade: seguir avanzando no apoio ao tecido empresarial e contribuír á inserción laboral das persoas desempregadas, favorecendo o emprego estable e de calidade a nivel local das persoas traballadoras con maiores dificultades de inserción laboral nun contexto de proximidade.

3.1. Incentivos á contratación: axudas para a creación ou ampliación do cadro de persoal de pequenas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

Destinatarios: centros de traballo da provincia da Coruña

Orzamento: 2.000.000€

LIÑA 4 PEL- FINANCIAMENTO EUROPEO: Captación de fondos europeos para o desenvolvemento de proxectos na provincia, en especial aqueles que resulten de interese para a xeración de emprego e o crecemento sostible.

Dotación: 400.000€

Finalidade: ademais de supoñer unha importante fonte de investimento para a provincia a través de diferentes mecanismos de financiamento e fundamentalmente a través dos Fondos Estruturais, esta liña ofrece importantes opcións para implementar as políticas de emprego da Deputación, xa que a súa finalidade consiste no deseño e presentación de candidaturas ás convocatorias dos distintos programas de financiamento da Unión Europea que máis se adecúen ás necesidades de desenvolvemento da provincia e máis concretamente, aos obxectivos do PEL.

4.1. Captación de fondos procedentes de diferentes Programas Operativos do Fondo Social Europeo.

4.2. Captación de fondos procedentes de diferentes Programas Operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

4.3. Captación de fondos de programas e convocatorias especiais de organismos ou instrumentos financeiros europeos.

LIÑA 5 XESTIÓN E COORDINACIÓN: custos de estrutura interna e de funcionamento.

Dotación: 330.000€

Finalidade: sufragar os gastos de estrutura interna para a execución e xestión do plan, así coma dar visibilidade a este de cara á cidadanía.

5.1. Gastos de persoal.

Dotación: 150.000€

5.2. Asistencia técnica.

Dotación: 180.000€

2º Aprobar a anualidade 2016 do Plan de acordo co seguinte cadro de financiamento:

LIÑAS E PROGRAMAS	DESCRICIÓN	PARTIDA ORZAMENTARIA	ORZAMENTO 2016	MODIFICACIÓN CRÉDITO	TOTAL
1	CONCELLOS		2.980.000,00€	0,00€	2.980.000,00€
1.1	Contratación de persoas desempregadas para prestación de servizos en concellos	0510/241.00/462.01	2.980.000,00 €	0,00€	2.980.000,00€
2	EMPRENDEMENTO SOSTIBLE E INNOVADOR		0,00€	1.270.000,00€	1.270.000,00€
2.1	Fomento iniciativa empresarial	0510/433/479	0,00 €	740.000,00€	740.000,00€
2.2	Promoción viveiros empresas concellos es espazos coworking	0510/433/762.01	0,00 €	300.000,00€	300.000,00€
2.3	Proxecto Piloto coworking	0510/433/227.99	0,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €
2.4	Incentivo calidade innovación-PREMIO MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL	0510/433/227.99	0,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €

2.5	Apoio a concellos para a prestación de servizos de asesoramento a emprendedores e orientación laboral	0510/241.00/226.99	0,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €
3	PEME		0,00€	2.000.000,00€	2.000.000,00€
3.1	Incentivos contratación PEME e microempresas	0510/433/479	0,00€	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €
4	FINANCIAMENTO EUROPEO		0,00€	400.000,00€	400.000,00€
5	XESTIÓN E COORDINACIÓN		0,00€	330.000,00€	330.000,00€
5.1	Persoal		0,00 €	150.000,00€	150.000,00€
5.2	Asistencia Técnica	0510/241.00/226.99	0,00 €	180.000€	180.000€
TOTAL			2.980.000,00€	4.000.000,00€	6.980.000,00€

3º Para atender as obrigas económicas durante o exercicio 2016, que se deriven para a xestión e execución do PEL, existe crédito suficiente no vixente orzamento da Deputación para o exercicio 2016 en todas as partidas indicadas salvo na partida 0510/433/479, que conta na actualidade con unha dotación de 1.000.000 de euros. No expediente de modificación de créditos da Corporación 3/2016 figura incorporada unha consignación de 1.000.000 de euros que suplementa esta partida.

En principio o financiamento do programa para o exercicio 2016 parte da consignación existente nas partidas citadas e da que poida chegar a habilitarse nos expedientes de modificación de crédito que se tramiten no presente exercicio presupostario.

Para as anualidades 2017 a 2019, e dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da Deputación para estas o programa concíbese co carácter de programación preventiva de actuacións, suxeita, polo tanto, a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o programa que poida ser aprobado pola Deputación poderá ser resultado de programacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio establecido no seguinte cadro.

Por iso, a aprobación do programa e das súas bases quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos expedientes de aprobación dos orzamentos e de modificación de créditos que a Deputación poida aprobar ao longo dos anos 2016 a 2019 para garantir o financiamento do PEL 2016-2019. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso o programa xerará crédito

ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Sobre a base das consideracións expostas a programación das catro anualidades do programa queda establecida nos seguintes termos:

LIÑAS E PROGRAMAS	DESCRIPCIÓN	PARTIDA A INCLUIR EN EMC	2016	2017	2018	2019	TOTAL
1	CONCELLOS		2.980.000,00€	3.000.000,00€	3.000.000,00€	3.000.000,00€	11.980.00,00
1.1	Contratación de persoas desempregadas para prestación de servizos en concellos	0510/241.00/462.01	2.980.000,00 €	3.000.000,00 €	3.000.000,00 €	3.000.000,00 €	
2	EMPRENDEMENTO SOSTIBLE E INNOVADOR		1.270.00,00€	1.270.00,00€	1.270.00,00€	1.270.00,00€	5.080.000,00€
2.1	Fomento iniciativa empresarial	0510/241.00/479	740.000,00 €	800.000,00 €	800.000,00 €	800.000,00 €	
2.2	Promoción viveiros empresas concellos es espazos coworking	0510/241.00/762.01	300.000,00 €	300.000,00 €	300.000,00 €	300.000,00 €	
2.3	Proxecto Piloto coworking	0510/241.00/227.99	150.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	
2.4	Incentivo calidade innovación-PREMIO MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL	0510/241.00/227.99	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	
2.5	Apoio a concellos para a prestación de servizos de asesoramento a emprendedores e orientación laboral	0510/241.00/226.99	30.000,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €	
3	PEME		2.000.000,00€	2.000.000,00€	2.000.000,00€	2.000.000,00€	8.000.000,00€
3.1	Incentivos contratación PEME e microempresas	0510/241.00/479	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €	
4	FINANCIAMENTO EUROPEO	0510/241.00/226.99	400.000,00€	400.000,00€	400.000,00€	400.000,00€	1.600.00,00€
5	XESTIÓN E COORDINACIÓN		330.000,00€	330.000,00€	330.000,00€	330.000,00€	1.220.000,00€
5.1	Persoal		150.000,00€	150.000,00€	150.000,00€	150.000,00€	
5.2	Asistencia Técnica	0510/241.00/226.99	180.000€	180.000€	180.000€	180.000€	720.000,00 €
TOTAL			6.980.00,00 €	7.000.00,00 €	7.000.00,00 €	7.000.00,00 €	26.980.000,00€

4º A realización dos gastos previstos no Programa queda condicionada á entrada en vigor da modificación presupostaria incorporada no expediente de modificación de créditos 3/2016 da Corporación no que se procede a consignar crédito adecuado e suficiente co que facer fronte a achegas provinciais previstas na partida 0510/433/479.

5º Facultar ao Presidente da Corporación para executar as actuacións necesarias en orde ao cumprimento dos presentes acordos.”

16.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO, PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA SEPARATA DO PROXECTO DA “REDE CICLISTA METROPOLITANA DA CORUÑA”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- **Aprobar** o seguinte **proxecto** derivado da denominada REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA:

- Separata do proxecto de Rede Ciclista da área Metropolitana da Coruña. Concello de **Culleredo**, por importe de 257.389,55 €.

e expoñer ao público o proxecto, mediante anuncio que se ha de publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido este sen que estas se produciran, considerárase definitivamente aprobado

2º.- **Aprobar** o **texto e a formalización do convenio** de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para levar a cabo as obras do proxecto construtivo separata do proxecto de Rede Ciclista Metropolitana. Concello de Culleredo, cunha achega provincial de 257.389,55 € (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00% sobre un orzamento de 257.389,55 €. (IVE incluído)

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez se acredite o cumprimento das condicións que a continuación se relacionan e producirá efectos durante o prazo establecido na cláusula doceava.

Condicións de eficacia do convenio:

1. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
2. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de execución da obra.
3. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan a cantidade achegada pola Deputación e sexan necesarios para a correcta execución das obras.
4. Aprobación definitiva do proxecto técnico.

4º.- **Condicionar** o presente **gasto** á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

5º.- Deixar **sen efecto** o **acordo plenario de data 30 de maio de 2014** no seu punto 9 referido á aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para financiar as obras incluídas no proxecto construtivo de Rede Ciclista da área Metropolitana.

Así mesmo, a aprobación deste acordo deixará sen efecto as **Resolucións de Presidencia 14244, 14245, 14246, 14247 e 14248 de 18/07/2014** polas que se aproban os textos e as formalizacións dos convenios de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo, A Coruña e Oleiros para establecer a colaboración entre as institucións para levar a cabo a execución das obras incluídas no proxecto construtivo da Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña..”

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA “SEPARATA DO PROXECTO DA REDE CICLISTA METROPOLITANA. CONCELLO DE CULLEREDO”

Na Coruña, de de 2016

Reunidos

O Sr. Presidente da Deputación da Coruña, D. Valentín González Formoso.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Culleredo, Julio Sacristán de Diego.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

Manifestan

A Deputación Provincial da Coruña redactou o proxecto construtivo da “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, o cal recolle as obras necesarias para a conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade cos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros que constitúen a súa Área Metropolitana.

As actuacións que se propoñen permiten a conexión de treitos ben diferenciados tanto polo seu tipo de percorrido, como polo ámbito urbano e natural que atravesan, permitindo que os usuarios deste medio de transporte como é a bicicleta, poidan compartir o seu uso lúdico como dun medio de transporte alternativo ao mesmo tempo.

As políticas de promoción da mobilidade “branda”, de fomento da seguridade vial e da concienciación social teñen contribuído noutros países ao incremento deste modo de transporte que é económico, áxil, saudable e ecolóxico. Porén, calquera intento de potenciar o uso da bicicleta como medio habitual de transporte pasa, necesariamente,

pola reordenación urbana e viaria, xunto coa execución dunha infraestrutura continua que permita garantir o uso continuado e alternativo ao transporte por estrada.

Na Área Metropolitana existen 53 quilómetros de vías para bicicletas e, polo tanto, o que se pretende coas obras que vai recoller o proxecto é comunicar estes e construír outros novos para conseguir uns percorridos que permitan a mobilidade entre os concellos que configuran este entorno.

O proxecto confirma a viabilidade técnica de crear un itinerario ciclista comarcal que posibilite percorrer o litoral dende as Praias de Barrañán (Arteixo) ata as de Mera (Oleiros), e dende outro ámbito natural como é a Presa de Cecebre preténdese incorporar o carril de bicicleta existente dende ela ata a desembocadura do río Mero na ría do Burgo, onde se farán as obras para conectalo co do paseo do Burgo ata a Ponte da Pasaxe.

No proxecto recóllense as actuacións necesarias como son a sinalización, o acondicionamento, as novas estruturas de paso e aqueles treitos de nova construción, coa finalidade de acadar o obxectivo de xerar unha rede básica que poida ser ampliada no seu futuro por outras actuacións da mesma natureza. Nesta fase do proxecto lógrase establecer un itinerario para ciclistas de preto de 78 quilómetros.

Visto o anterior considérase procedente a sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para a execución das obras do proxecto construtivo da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello de Culleredo”, que afectan a esta área municipal.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas.

Cláusulas

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, con CIF P1503100H, que permitan realizar as obras da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello de Culleredo”, que afectan a esta área municipal. Este documento contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e presupostarias establecidas no proxecto “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, aprobado con anterioridade.

O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase nuns DOUSCENTOS CINCUENTA E SETE MIL TRESCENTOS OITENTA E NOVE CON CINCUENTA E CINCO EUROS (257.389,55 €) IVE incluído, e que corresponden ás actuacións do Tramo I que se ha realizar no concello de Culleredo.

O prazo de execución dos traballos é de DOUS (2) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao territorio municipal de Culleredo, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

Parte das obras teñen como obxecto a conexión de dous tramos ciclistas de preto de 5,7 quilómetros existentes no concello de Culleredo e que son:

Paseo litoral Culleredo – Paseo Enrique Tierno Galván – Ramal Avda. Juan Carlos I e Paseo Rego da Trabe.

A proposta do proxecto a parte de unir estes itinerarios de xeito continuo, engade a conexión co carril ciclista da Coruña no entorno da Ponte da Pasaxe e do carril ciclista do Río Mero no entorno do paseo marítimo do Burgo dos concellos de Cambre e Culleredo. Isto vai permitir alcanzar un itinerario para ciclistas de 7,2 quilómetros. As obras consistirán na reordenación de espazos e usos, tratamento superficial ou reafirmado da plataforma, sinalización adecuada de orientación e de seguridade asemade dos itinerarios, puntos de interese e singularidades do percorrido.

Segunda. Presuposto de execución e financiamento das obras.

O presuposto total de execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, é o seguinte:

Presuposto execución material	178.755,16
Gastos xerais (13%)	23.238,17
Beneficio industrial	10.725,31
IVE (21%)	44.670,91
Presuposto de contrata	257.389,55

1. A Deputación Provincial da Coruña financiará o presuposto das obras, tal e como se define na cláusula anterior cunha achega máxima de 257.389,55 € o que representa unha porcentaxe do 100,00%.
2. No caso de que o importe máximo xustificable non alcanzara o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, polo tanto, non se financiarán os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios pola dirección das obras, seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco financiaranse os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións de obra.
4. O importe da financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201 do presuposto provincial do ano 2016. Dado que a vixencia do convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos

exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento da Lei de estabilidade presupostaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Terceira. Autorizacións e licencias.

Previo á licitación das obras, o concello expedirá certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras incluídas na separata, que afectan ao termo municipal, así como á reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes antes os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal.

Cuarta. Contratación das obras.

O concello de Culleredo, unha vez obtidas as correspondentes licenzas e autorizacións, contratará mediante procedemento aberto e conforme aos pregos-tipo da Deputación a execución das obras obxecto do convenio.

Quinta. Publicidade do financiamento provincial.

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

Sexta. Dirección das obras. Coordinación da seguridade e saúde.

1. A dirección das obras realizarana o persoal dos servizos técnicos do concello de Culleredo e/ou por medios externos. Así mesmo, actuará como codirector/a persoal técnico designado pola Deputación da Coruña.
2. O concello de Culleredo levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde.

Sétima. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Ata o 50 por cento da achega provincial terá carácter prepagable, de forma que se expedirá un primeiro pago a favor do concello pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra unha vez que se xunte ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
 - Acta de replanteo da obra, firmada polos seu directores e polo contratista.
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
2. Finalizada completamente a obra, procederáse ó aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada).
- Certificacións e acta de recepción das obras realizadas.
 - Certificacións do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedidas polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo ós terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. O aboamento da contía resultante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello. E se transcorreran máis de catro meses dende a correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito o aboamento dos xuros de mora, o tipo de xuro legal que se devengue dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4. Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo prazo.

Oitava. Acta de recepción.

O concello de Culleredo notificaralle á Deputación da Coruña a data de formalización da acta de recepción das obras coa debida antelación para que asista, se é o caso, un representante designado pola Deputación da Coruña.

Novena. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

Décima. Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros designados por cada unha das institucións asinantes do presente convenio, designados polo presidente da Deputación da Coruña e polo alcalde do Concello de Culleredo, respectivamente, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

Undécima. Reintegro, infraccións e sancións.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

Duodécima. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez que se acredite o cumprimento das condicións que se indican de seguido e xurdirá efectos ata o 01 de novembro de 2017.

Condicións de eficacia do convenio

1. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
2. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de execución da obra.
3. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan a cantidade achegada pola Deputación e sexan necesarios para a correcta execución das obras.
4. Aprobación definitiva do proxecto técnico.

Para o caso de que a concello non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida.

Serán causas de extinción do presente convenio:

1. O non cumprimento do seu obxecto.
2. A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
3. O incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
4. Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

Décimo terceira. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Décimo cuarta. Natureza e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Así din e asinan, en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña

O Alcalde-Presidente do Concello de Culleredo

Valentín González Formoso

Julio Sacristán de Diego

17.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE, PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA SEPARATA DO PROXECTO DA “REDE CICLISTA METROPOLITANA DA CORUÑA”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- **Aprobar** o seguinte **proxecto** derivado da denominada REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA:

- Separata do proxecto de Rede Ciclista da área Metropolitana da Coruña. Concello de **Cambre**, por importe de 218.599,76 €

e expoñer ao público o proxecto, mediante anuncio que se ha de publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido este sen que estas se produciran, considerárase definitivamente aprobado

2º.- **Aprobar** o **texto e a formalización do convenio** de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para levar a cabo as obras do proxecto construtivo separata do proxecto de Rede Ciclista Metropolitana. Concello de Cambre, cunha achega provincial de 218.599,76 € (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00% sobre un orzamento de 218.599,76 €. (IVE incluído)

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez se acredite o cumprimento das condicións que a continuación se relacionan e producirá efectos durante o prazo establecido na cláusula doceava.

Condicións de eficacia do convenio:

1. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
2. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de execución da obra.
3. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan a cantidade achegada pola Deputación e sexan necesarios para a correcta execución das obras.
4. Aprobación definitiva do proxecto técnico.

4º.- **Condicionar** o presente **gasto** á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

5º.- Deixar **sen efecto o acordo plenario de data 30 de maio de 2014** no seu **punto 9** referido a aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para financiar as obras incluídas no proxecto construtivo de Rede Ciclista da área Metropolitana.

Así mesmo, a aprobación deste acordo deixará sen efecto as **Resolucións de Presidencia 14244, 14245, 14246, 14247 e 14248 de 18/07/2014** polas que se aproban os textos e as formalizacións dos Convenios de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo, A Coruña e Oleiros para establecer a colaboración entre as institucións para levar a cabo a execución das obras incluídas no proxecto construtivo da Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña.”

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA “SEPARATA DO PROXECTO DA REDE CICLISTA METROPOLITANA. CONCELLO DE CAMBRE”

Na Coruña, de de 2016

Reunidos

O Sr. Presidente da Deputación da Coruña, D. Valentín González Formoso.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cambre, Óscar Alfonso García Patiño.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

Manifestan

A Deputación Provincial da Coruña redactou o proxecto construtivo da “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, o cal recolle as obras necesarias para a conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade da Coruña cos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, que constitúen a súa Área Metropolitana.

As actuacións que se propoñen permiten a conexión de treitos ben diferenciados tanto polo seu tipo de percorrido, como polo ámbito urbano e natural que atravesan, permitindo que os usuarios deste medio de transporte como é a bicicleta, poidan compartir o seu uso lúdico como dun medio de transporte alternativo ao mesmo tempo.

As políticas de promoción da mobilidade “branda”, de fomento da seguridade vial e da concienciación social teñen contribuído noutros países ao incremento deste modo de transporte que é económico, áxil, saudable e ecolóxico. Porén, calquera intento de potenciar o uso da bicicleta como medio habitual de transporte pasa, necesariamente, pola reordenación urbana e viaria, xunto coa execución dunha infraestrutura continua que permita garantir o uso continuado e alternativo ao transporte por estrada.

Na Área Metropolitana existen 53 quilómetros de vías para bicicletas e, polo tanto, o que se pretende coas obras que vai recoller o proxecto é comunicar estes e construír outros novos para conseguir uns percorridos que permitan a mobilidade entre os concellos que configuran este entorno.

O proxecto confirma a viabilidade técnica de crear un itinerario ciclista comarcal que posibilite percorrer o litoral dende as Praias de Barrañán (Arteixo) ata as de Mera (Oleiros), e dende outro ámbito natural como é a Presa de Cecebre preténdese incorporar o carril de bicicleta existente dende ela ata a desembocadura do río Mero na ría do Burgo, onde se farán as obras para conectalo co do paseo do Burgo ata a Ponte da Pasaxe.

No proxecto recóllense as actuacións necesarias como son a sinalización, o acondicionamento, as novas estruturas de paso e aqueles treitos de nova construción, coa finalidade de acadar o obxectivo de xerar unha rede básica que poida ser ampliada no seu futuro por outras actuacións da mesma natureza. Nesta fase do proxecto lógrase establecer un itinerario para ciclistas de preto de 78 quilómetros.

Visto o anterior considérase procedente a firma dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para execución das obras do proxecto construtivo da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello de Cambre”, que afectan a esta área municipal.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, a Deputación da Coruña e o Concello de Cambre acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, con NIF P1501700G que permitan realizar as obras da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello de Cambre”, que afectan a esta área municipal. Este documento contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e presupostarias establecidas no proxecto “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, aprobado con anterioridade.

O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase en DOUSCENTOS DEZAEITO MIL QUINIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (218.599,76 €) I.V.E. incluído, e que corresponden ás actuacións do Tramo I que se han realizar no concello de Cambre.

O prazo de execución dos traballos é de DOUS (2) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao territorio municipal de Cambre, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

As obras teñen como obxecto a conexión dos tramos ciclistas de preto de 16,7 quilómetros existentes no concello de Cambre e que son:

Río Mero (MD e ME).

As obras consistirán na reordenación de espazos e usos, tratamento superficial ou reafirmado da plataforma, sinalización adecuada de orientación e de seguridade asemade dos itinerarios, puntos de interese e singularidades do percorrido.

Segunda. Presupuesto de execución e financiamento das obras.

O presupuesto total de execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ó que se fai referencia na cláusula anterior, é o seguinte:

Presuposto execución material	151.815,93
Gastos xerais (13%)	19.736,07
Beneficio industrial	9.108,96
IVE (21%)	37.938,80
Presuposto de contrata	218.599,76

1. A Deputación Provincial da Coruña financiará o presupuesto das obras, tal e como se define na cláusula anterior cunha achega máxima de 218.599,76 €, o que representa unha porcentaxe do 100,00%.
2. No caso de que o importe máximo xustificado non alcanzara o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, polo tanto, non se financiarán os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios pola dirección das obras, seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco financiaranse os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións de obra.
4. O importe da financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201 do presupuesto provincial do ano 2016. Dado que a vixencia do convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento da Lei de estabilidade presupostaria.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Terceira. Autorizacións e licencias.

Previo á licitación das obras, o concello expedirá certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras incluídas na separata, que afectan ao termo municipal, así como á reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes antes os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal.

Cuarta. Contratación das obras.

O concello de Cambre, unha vez obtidas as correspondentes licenzas e autorizacións, contratará mediante procedemento aberto e conforme aos pregos-tipo da Deputación a execución das obras obxecto do convenio.

Quinta. Publicidade do financiamento provincial.

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

Sexta. Dirección das obras. Coordinación da seguridade e saúde.

1. A dirección das obras realizarana o persoal dos servizos técnicos do concello de Cambre e/ou por medios externos. Así mesmo, actuará como codirector/a persoal técnico designado pola Deputación da Coruña.
2. O concello de Cambre levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde.

Sétima. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Ata o 50 por cento da achega provincial terá carácter prepagable, de forma que se expedirá un primeiro pago a favor do concello pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra unha vez que se xunte ao expediente a seguinte documentación:
 - Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
 - Acta de replanteo da obra, firmada polos seus directores e polo contratista.
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada).
 - Certificacións e acta de recepción das obras realizadas.
 - Certificacións do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedidas polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
 3. O aboamento da contía resultante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello. E se transcorren máis de catro meses dende a correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito o aboamento dos xuros de mora, o tipo de xuro legal que se devengue dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
 4. Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo prazo.

Oitava. Acta de recepción.

O concello de Cambre notificaralle á Deputación da Coruña a data de formalización da acta de recepción das obras coa debida antelación para que asista, se é o caso, un representante designado pola Deputación da Coruña

Novena. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

Décima. Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros designados por cada unha das institucións asinantes do presente convenio, designados polo presidente da Deputación da Coruña e polo alcalde do Concello de Cambre, respectivamente, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

Undécima. Reintegro, infraccións e sancións.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

Duodécima. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez que se acredite o cumprimento das condicións que se indican de seguido e xurdirá efectos ata o 01 de novembro de 2017.

Condicións de eficacia do convenio

1. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
2. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de execución da obra.
3. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan a cantidade achegada pola Deputación e sexan necesarios para a correcta execución das obras.
4. Aprobación definitiva do proxecto técnico.

Para o caso de que o concello non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida.

Serán causas de extinción do presente convenio:

1. non cumprimento do seu obxecto.
2. A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.

3. incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
4. Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

Décimo terceira. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Décimo cuarta. Natureza e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Así din e asinan, en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña

O Alcalde-Presidente do Concello de Cambre

Valentín González Formoso

Óscar Alfonso García Patiño

18.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS, PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA SEPARATA DO PROXECTO DA “REDE CICLISTA METROPOLITANA DA CORUÑA”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- **Aprobar** o seguinte **proxecto** derivado da denominado REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA:

- Construción de carril bici para unir a Ría do Burgo con Mera e actuacións complementarias, Concello de **Oleiros**, por importe de 1.057.514,69 €.

e expoñer ao público o proxecto, mediante anuncios que se ha de publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido este sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados

2º.- **Aprobar** o **texto e a formalización** do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para levar a cabo as obras do proxecto construtivo: separata do proxecto de rede ciclista metropolitana. Concello de Oleiros, cunha achega provincial de 1.057.514,69 € (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00% sobre un orzamento de 1.057.514,69 € (IVE incluído)

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez se acredite o cumprimento das condicións que se indican de sucesivo e producirá efectos durante o prazo establecido na cláusula doceava.

Condicións de eficacia do convenio:

1. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
2. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de execución da obra.
3. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan a cantidade achegada pola Deputación e sexan necesarios para a correcta execución das obras.
4. Aprobación definitiva do proxecto técnico.

4º.- **Condicionar** o presente **gasto** á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

5º Deixar **sen efecto** o **acordo plenario do 30 de maio de 2014** no seu punto 9 referido a aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para financiar as obras incluídas no proxecto construtivo de Rede Ciclista da área Metropolitana.

Así mesmo, a aprobación deste acordo deixará sen efecto as **Resolucións de Presidencia 14244, 14245, 14246, 14247 e 14248 de 18/07/2014** polas que se aproban os textos e as formalizacións dos Convenios de colaboración entre a

Deputación provincial da Coruña e o Concello de Arteixo, Cambre, Culleredo, A Coruña e Oleiros para establecer a colaboración entre as institucións para levar a cabo a execución das obras incluídas no proxecto construtivo da Rede ciclista da área metropolitana da Coruña.”

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA “SEPARATA DO PROXECTO DA REDE CICLISTA METROPOLITANA. CONCELLO DE OLEIROS”

Na Coruña, de de 2016

Reunidos

O Sr. Presidente da Deputación da Coruña, D. Valentín González Formoso.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Oleiros, Ángel García Seoane.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

Manifestan

A Deputación Provincial da Coruña redactou o proxecto construtivo da “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, o cal recolle as obras necesarias para a conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade da Coruña cos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, que constitúen a súa Área Metropolitana.

As actuacións que se propoñen permiten a conexión de treitos ben diferenciados tanto polo seu tipo de percorrido, como polo ámbito urbano e natural que atravesan, permitindo que os usuarios deste medio de transporte como é a bicicleta, poidan compartir o seu uso lúdico como dun medio de transporte alternativo ao mesmo tempo.

As políticas de promoción da mobilidade “branda”, de fomento da seguridade vial e da concienciación social teñen contribuído noutros países ao incremento deste modo de transporte que é económico, áxil, saudable e ecolóxico. Porén, calquera intento de potenciar o uso da bicicleta como medio habitual de transporte pasa, necesariamente, pola reordenación urbana e viaria, xunto coa execución dunha infraestrutura continua que permita garantir o uso continuado e alternativo ao transporte por estrada.

Na Área Metropolitana existen 53 quilómetros de vías para bicicletas e, polo tanto, o que se pretende coas obras que vai recoller o proxecto é comunicar estes e construír outros novos para conseguir uns percorridos que permitan a mobilidade entre os concellos que configuran este entorno.

O proxecto confirma a viabilidade técnica de crear un itinerario ciclista comarcal que posibilite percorrer o litoral dende as Praias de Barrañán (Arteixo) ata as de Mera (Oleiros), e dende outro ámbito natural como é a Presa de Cecebre preténdese incorporar o carril de bicicleta existente dende ela ata a desembocadura do río Mero

na ría do Burgo, onde se farán as obras para conectalo co do paseo do Burgo ata a Ponte da Pasaxe.

No proxecto recóllense as actuacións necesarias como son a sinalización, o acondicionamento, as novas estruturas de paso e aqueles treitos de nova construción, coa finalidade de acadar o obxectivo de xerar unha rede básica que poida ser ampliada no seu futuro por outras actuacións da mesma natureza. Nesta fase do proxecto lógrase establecer un itinerario para ciclistas de preto de 78 quilómetros.

Visto o anterior considérase procedente a sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para a execución das obras do proxecto construtivo da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello de Oleiros”, que afectan a esta área municipal.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre ambas as dúas administración.

Por todo o exposto, a Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros, CIF P15059001, que permitan realizar as obras da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello de Oleiros”, que afectan a esta área municipal. Este documento contén de feito fidedigno as propostas técnicas e presupostarias establecidas no proxecto “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, aprobado con anterioridade.

O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase en UN MILLÓN CINCUENTA E SETE MIL QUINIENTOS CATORCE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.057.514,69 €) I.V.E. incluído, e que corresponden ás actuacións do tramo I que se han realizar no concello de Oleiros.

O prazo de execución dos traballos é de SEIS (6) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao territorio municipal de Oleiros, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

As obras teñen como obxecto a conexión dos tramos ciclistas existentes nun único tramo continuo que se desenvolverá entre a Ría do Burgo e Mera e dar cobertura ciclista a os núcleos costeiros de Santa Cristina, Bastiagueiro, Santa Cruz e Mera.

Así, coas obras propostas resólvense discontinuidades de beirarrúas/carril bici existentes, redundando na seguridade vial do entorno. En concreto, os tramos de actuación, cunha lonxitude total de 11,9 km son:

Paseo marítimo do Burgo

Urbanización Beiramar - AC.173 PK. 1+100 (Glorieta do Che)

AC-173 (PK.3+040)- AC.173 (PK.4+280).

AC-173 (PK.4+280)- AC-173 (PK.6+900)

AC-173 (PK.6+900)- AC-173 (PK.9+400)

Segunda. Presupuesto de ejecución e financiamento das obras.

O presupuesto total de execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, é o seguinte:

Presuposto execución material	734.436,20
Gastos xerais (13%)	95.476,71
Beneficio industrial	44.066,17
IVE (21%)	183.535,61
Presuposto de contrata	1.057.514,69

1.A Deputación Provincial da Coruña financiará o presupuesto das obras, tal e como se define na cláusula anterior cunha achega máxima de 1.057.514,69 € o que representa unha porcentaxe do 100,00%.

2.No caso de que o importe máximo xustificable non alcanzara o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, polo tanto, non se financiarán os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios pola dirección das obras, seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións de obra.

4.O importe da financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201 do presupuesto provincial do ano 2016. Dado que a vixencia do convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento da Lei de estabilidade presupostaria.

5.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificable.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificable, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Terceira. Autorizacións e licencias.

Previo á licitación das obras, o concello expedirá certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras incluídas na separata, que afectan ao termo municipal, así como á reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes antes os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal.

Cuarta. Contratación das obras.

O concello de Oleiros, unha vez obtidas as correspondentes licenzas e autorizacións, contratará mediante procedemento aberto e conforme aos pregos-tipo da Deputación a execución das obras obxecto do convenio.

Quinta. Publicidade do financiamento provincial.

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

Sexta. Dirección das obras. Coordinación da seguridade e saúde.

1.A dirección das obras realizarana o persoal dos servizos técnicos do concello de Oleiros e/ou por medios externos. Así mesmo, actuará como codirector/a persoal técnico designado pola Deputación da Coruña.

2.O concello de Oleiros levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde.

Sétima. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.Ata o 50 por cento da achega provincial terá carácter prepagable, de forma que se expedirá un primeiro pago a favor do concello pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra unha vez que se xunte ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de replanteo da obra, asinada polos seus directores e polo contratista.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.

2.Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada).

- Certificacións e acta de recepción das obras realizadas.
- Certificacións do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obra, expedidas polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3.O aboamento da contía resultante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello. E se transcorreran máis de catro meses dende a correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, o tipo de xuro legal que se devengue dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo prazo.

Oitava. Acta de recepción.

O concello de Oleiros notificaralle á Deputación da Coruña a data de formalización da acta de recepción das obras coa debida antelación para que asista, se é o caso, un representante designado pola Deputación da Coruña.

Novena. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

Décima. Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros designados por cada unha das institucións asinantes do presente convenio, designados polo presidente da Deputación da Coruña e polo alcalde do Concello de Oleiros, respectivamente, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

Undécima. Reintegro, infraccións e sancións.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

Duodécima. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez que se acredite o cumprimento das condicións que se indican deseguido e producirá efectos ata o 01 de novembro de 2017.

Condições de eficacia do convenio

1. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
2. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de execución da obra.
3. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan a cantidade achegada pola Deputación e sexan necesarios para a correcta execución das obras.
4. Aprobación definitiva do proxecto técnico.

Para o caso de que o concello non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida.

Serán causas de extinción do presente convenio:

1. O non cumprimento do seu obxecto.
2. A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
3. O incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

4. Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de rescisión deste.

Décimo terceira. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Décimo cuarta. Natureza e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Así din e asinan, en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Valentín González Formoso

O Alcalde-Presidente do Concello de Oleiros

Ángel García Seoane"

19.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA PRESIDENCIA RELATIVA Á DENUNCIA DO CONVENIO DE SERVIZOS ENTRE A INSPECTORÍA SALESIANA DE SANTIAGO O MAIOR E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO.

INTERVENCIONS

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, Sr. Presidente, bos días compañeiros e compañeiras. Simplemente para explicar o noso voto, votamos a favor posto que nesta proposta o que facemos é aplicar unha cláusula dun convenio, un convenio que vén de vello, desde o ano 56 e simplemente a este Grupo gustaríalle que constara en acta o agradecemento por parte do noso Grupo, que loxicamente a nosa ambición sería que fora de toda a Corporación, respecto á relación frutífera que tivo esta casa coa comunidade salesiana desde o ano, creo que foi o 56, e polo tanto creo que esa relación foi frutífera, foi absolutamente positiva para os intereses desta Deputación da provincia e, polo tanto, que conste en acta o noso agradecemento. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Recollida esa proposta que na propia proposta da Presidencia xa se recolle loxicamente, reflíctese a realidade que acabas de manifestar, é indiscutible por parte de todos nós.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. presidente, simplemente para preguntar, imos votar favorablemente, pero si que nos gustaría saber cales son as intencións do Goberno respecto deste centro, deste tipo de centros, se se vai continuar coa prestación do servizo ou non pero, sobre todo, gustaríanos saber se hai algunha previsión de transferilo á Xunta de Galicia, que é onde creo que tiña que estar.

Sr. Presidente

A intención como sabedes para ese complexo desde o principio é racionalizar, como ben dis, esa situación. Nese sentido tivemos unha primeira conversa co presidente da Xunta de Galicia, con Alberto Núñez Feijoo, onde el reconece a racionalidade da situación, reconécea, somos conscientes da dificultade, no sentido de que hai aspectos, laborais incluso, que hai que manexar con moitísimo coidado, que o presidente tamén puxo enriba da mesa, porque as circunstancias contractuais non son as mesmas na rede de centros públicos da Xunta que na Deputación e, polo tanto, nós sendo conscientes de que calquera transferencia de activos a outra administración, igual que cando se nos pretende facer a nosoutros poñémonos loxicamente á defensiva, tanto no referido aos centros educativos como no referido a centros de menores, o Goberno sempre pon por diante que habería algunha cláusula económica, no sentido de que a Deputación podería seguir facéndose cargo dos custos de persoal, pero en calquera caso o noso xa non é un tema de custo económico, é un tema de racionalidade. É dicir, que haxa un centro público educativo e que sexa propiedade dunha Deputación é unha anomalía que ten loxicamente unha

explicación na historia, pero que hai que resolver. En calquera caso, para facerlle máis fácil ao conselleiro de Educación o paso, nós seguimos facéndonos cargo do custo económico, sobre todo de persoal, pero que a dirección, a coordinación, a programación educativa o leve quen ten a competencia e a capacidade, sobre todo, de sacarlle os mellores resultados a ese centro educativo, que é a Consellería de Educación.

Polo tanto, é a nosa intención, igual que cos centros de menores, insistimos, aínda estiven o outro día co propio conselleiro de Educación, hai unha comisión creada, hai un borrador de convenio que se nos manda desde a Xunta, que estamos valorando, ademais doutras cuestións que recolle o borrador, e polo tanto informaremos dos pasos que se vaian dando.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a proposta da Presidencia relativa á denuncia do convenio para contrato de servizos do Colexio Calvo Sotelo, subscrito entre a Deputación da Coruña e a Inspectoría Salesiana de Santiago o Maior ,formalizado con data do 2 de xullo de 1982, e modificado o 30 de xullo de 1992, con efectos a partir do 1 de setembro de 2017 e de acordo co previsto na súa cláusula vixésimo terceira

ANEXO I

PROPOSTA DA PRESIDENCIA POLA QUE SE DENUNCIA DO CONVENIO PARA CONTRATO DE SERVIZOS ENTRE A COMUNIDADE SALESIANA DE SANTIAGO O MAIOR E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO

I. ANTECEDENTES

1.-O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión celebrada o 28 de xullo de 1956, aprobou o proxecto de contrato para celebrar coa congregación salesiana Santiago o Maior a quen se lle encomendou a dirección, a administración interna, a organización e o funcionamento do establecemento benéfico da Deputación Provincial da Coruña Fogar Calvo Sotelo.

2º. O contrato foi formalizado o 20 de agosto de 1956, e na cláusula vixésimo segunda establecíase a súa duración de conformidade ao seguinte teor: *“estipúlase unha duración para este de 25 anos, finalizados os cales se consideraba prorrogado por un período de igual duración, sempre que as dúas terceiras partes así o consideren de mutuo acordo. O devandito convenio poderá rescindir-se, por petición de calquera das partes, avisando con dous anos de anticipación á data en que se ha de dar por caducado”*

3.- O Colexio Residencia Calvo Sotelo foi inaugurado oficialmente o 16 de setembro de 1956

4.-O Pleno da Deputación en sesión celebrada o día 24 de abril de 1982 aprobou o proxecto de convenio de colaboración entre a Inspectoría Salesiana de Santiago o

Maior e a Deputación Provincial da Coruña para contrato de servizos do colexio Calvo Sotelo, anulando o contrato formalizado en 1956.

5.- Na sesión celebrada o 26 de xuño de 1982 aprobouse a modificación da cláusula oitava do devandito convenio.

6.- O novo contrato formalizouse con data do 2 de xullo de 1982 e na súa cláusula vixésimo terceira indícase : *“ Este convenio entrará en vigor para efectos económicos o día 1º de xaneiro de 1982. E para os demais efectos, na data do seu outorgamento.....Entenderase prorrogado automaticamente por anualidades sucesivas a partir de 1º de setembro se ningunha das partes manifesta o seu desexo de rescindilo un ano antes do seu vencemento ”*

7.-O Pleno da Deputación en sesión celebrada o 24 de xullo de 1992 aprobou unha cláusula adicional ao convenio suscrito para a prestación de servizos no Centro Calvo Sotelo na que se distingue entre os aspectos residencial e académico. Establecéndose que os educadores non realizarán ao mesmo tempo ambas as dúas tarefas, no entanto, a Deputación poderá autorizar a compatibilidade entre ambas as dúas funcións por petición razoada da comunidade Salesiana

8.- Esta addenda ao convenio formalizouse con data do 30 de xullo de 1992

9. Desde as súas orixes o Centro Calvo Sotelo estivo aberto ás clases sociais máis desfavorecidas, pois pola residencia pasaron alumnos e alumnas de todos os municipios da provincia da Coruña. Aquí facilitouse unha educación a aquelas persoas que tiñan moi difícil, practicamente imposible, o acceso a unha formación de calidade, por canto os centros educativos públicos eran moi escasos.

Desde aquel 1956 ata os nosos días, pola Residencia Calvo Sotelo pasaron miles de alumnos e alumnas que atoparon nas súas aulas e nas súas instalacións a oportunidade de acceder a unha formación e a un desenvolvemento persoal.

No ano 2016 conmemóranse os 60 anos do Centro Calvo Sotelo.

II. DENUNCIA DO CONVENIO

Desde a creación do Centro Calvo Sotelo, nestes últimos 60 anos xurdiron moitos acontecementos na historia social e política de Galicia e de España. A Constitución de 1978 configura un Estado Social e Democrático de Dereito, cun especial recoñecemento e garantía do dereito á autonomía das nacionalidades e Rexións que a integran, e que en Galicia se plasmou nun Estatuto de autonomía dotado de Institucións de autogoberno e competencias propias.

O artigo 14 da Constitución establece que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. O artigo 16.3 indica que ningunha confesión terá carácter estatal. Pola súa banda o artigo 27 configura o dereito á educación. A reforma local estableceu un novo escenario para o exercicio das competencias locais e por tanto das Deputacións provinciais, non tendo sentido que exerzan competencias que dentro da distribución de competencias lle corresponden á comunidade autónoma.

Tendo en conta que a Deputación da Coruña, dentro deste novo sistema competencial, está a considerar a transferencia de diversos centros á Xunta de Galicia e que o convenio coa Comunidade Salesiana debe denunciarse cun prazo de antelación dun ano, esta Presidencia considera adecuado propor a súa denuncia con efectos do 1 de setembro de 2017 co obxecto de definir con tempo suficiente a xestión máis adecuada aos intereses provinciais.

Así mesmo esta Presidencia quere expresar o máis sincero agradecemento á comunidade salesiana polo traballo desenvolvido en todos estes anos así como a colaboración prestada a esta Deputación e aos miles de alumnos e alumnas que pasaron polo Centro.

III. PROPOSTA

Por todo o exposto propónselle ao Pleno da Corporación, adoptar o seguinte acordo:

Denunciar o convenio para contrato de servizos do colexio Calvo Sotelo, subscrito entre a Deputación da Coruña e a Inspectoría Salesiana de Santiago o Maior, formalizado con data do 2 de xullo de 1982, e modificado o 30 de xullo de 1992, con efectos a partir do 1 de setembro de 2017 e de acordo co previsto na súa cláusula vixésimo terceira.”

20.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES DO DOLMEN DE CABALEIROS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1-Aprobar o texto do Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Tordoia para a atención de visitantes ao Dolmen de Cabaleiros entre o 30 de xullo e o 25 de setembro do ano 2016, cunha achega provincial de 2.280,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3362/22609,

2.-Facultar ao presidente para a execución do presente acordo

ANEXO I

ORZAMENTO

PERIODO	30 de xullo ata o 25 de setembro de 2016	
ORZAMENTO	Recursos humanos	2.280,00 €

ACTIVIDADES QUE HA REALIZAR O CONCELLO DE TORDOIA

ACTIVIDADE DE ATENCIÓN AO VISITANTE

OBXECTIVOS:

- Facilitar a visita ao Dolmen colaborando en todo o que sexa posible para que se poidan realizar nas mellores condicións, prestando os servizos de guía, monitorado ou similares.
- Facilitar aos visitantes folletos e información turística e cultural sobre o Dolmen de Cabaleiros e a súa contorna
- Prestar servizos a grupos de visitantes.
- Controlar o adecuado tránsito polo inmovible e establecer circuitos.
- A información debe terse preparada, cando menos, en galego, castelán e inglés e a persoa que atenda aos visitantes debe saber dar unha explicación do conxunto neste tres idiomas.

ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN:

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer o Dolmen de Cabaleiros como recurso turístico de Tordoia
- Levar a cabo un labor didáctico sobre escolares e demais visitantes, para que fagan un labor de divulgación deste recurso.
- Trátase de divulgar este recurso e os seus contidos con diferentes ferramentas:
 - Web do Concello de Tordoia, e redes sociais
 - Prensa e medios de comunicación
 - Material impreso
 - Mailings

As accións de divulgación e comunicación teñen os seguintes públicos obxectivos:

- Profesionais de hostalería de Tordoia e comarca de Ordes
- Poboación de Tordoia e comarca de Ordes
- Profesionais de hostalería da comarca de Ordes, e limítrofes.
- Puntos de información turística e museos
- Centros educativos da provincia e asociacións
- Axencias de viaxes

Para cada un deles é necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.

ORGANIZACIÓN

O responsable da organización é a Alcaldía, co apoio técnico dos departamentos de Emprego e Desenvolvemento Local e Cultura.

O Concello colaborará co persoal municipal no desenvolvemento de todas as actividades complementarias ao servizo de Atención ao visitante. Todo isto co obxectivo de converter o Dolmen de Cabaleiros nun punto de atención cultural de referencia.

Horarios e temporización

Inicio do Servizo	30 de xullo de 2016
Entre o 30 de xullo e o 25 de setembro de 2016	Días: Atención sábados, domingos e festivos entre o 30 de xullo e o 25 de setembro 2016 (8 horas diarias)

21.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA “VOZ NATURA 2016”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernandez-Latorre para financiar o programa “VOZ NATURA 2016” cunha achega provincial de 72.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0520/172.21/481, que representa un coeficiente de financiamento do 49,8891 % con respecto a un orzamento de 144.320 euros.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 31 de marzo de 2017.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA “VOZ NATURA 2016”

A Coruña, de de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, na súa calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, Don Santiago Pérez Otero, con DNI 32.431.250-P, como representante da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas, e

MANIFESTAN

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e refundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Segundo recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación,

defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica”.

As actividades da Fundación encamiñanse á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor realízase nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e concrétase en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.

Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é a execución do proxecto “VOZ NATURA”, que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade.

A Deputación da Coruña vén colaborando no cofinanciamento do proxecto “VOZ NATURA” dende hai anos. Na Base 50ª.5 do orzamento xeral para 2016 figura unha achega nominativa coa citada finalidade.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre”, para o cofinanciamento do proxecto “Voz Natura 2016”.

Aínda que o proxecto “Voz Natura” se desenvolve en toda a Comunidade Autónoma de Galicia coincidindo coa duración de cada curso escolar, a achega provincial está referida ás actividades que se desenvolven na provincia da Coruña durante o ano 2016, dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro, polo que abrangue parte das actividades xa realizadas durante o curso escolar 2015-2016 e parte das que se realicen no curso escolar 2016-2017.

II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á provincia da Coruña ascende a 144.320,00 €, e ten o seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios (compra material funxible: sementes, fertilizantes, ...)	59.050,00 €
Material de promoción para os alumnos - 20º aniversario- (cartelería, pegatinas, ...)	2.964,00 €
Material de oficina, envíos e similares relacionados co proxecto	1.715,00 €

Premios VOZ NATURA e festa de fin de curso (alugueiro material, voluntariados, ...)	19.757,00 €
Asistencia técnico-ambiental e informativa aos proxectos (gastos de persoal)	21.733,00 €
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.161,00 €
Coordinación e seguimento do proxecto (gastos de persoal)	31.329,00 €
Plan de comunicación proxecto Voz Natura (servizos contratados)	4.611,00 €
TOTAL	144.320,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,8891 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,8891 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou

entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 150,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2017.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 31 de xaneiro do 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2017. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,

O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN
SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-
LATORRE

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

D. SANTIAGO PÉREZ OTERO”

22.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL NO ANO 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art.176 do Texto refundido da lei de facendas locais

3º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro De Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental De Galicia (CEIDA) para financiar o programa de educación, formación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural non ano 2016 cunha achega provincial de 50.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, que representa un coeficiente de financiamento do 76,8196% con respecto a un orzamento de 65.087,59 euros.

4º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 31 de outubro de 2017.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL PARA A DEFENSA E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL NO ANO 2016

A Coruña, ... de de 2016

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Provincial da Coruña
D. Carlos Vales Vázquez, director xerente do CEIDA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración subscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

* Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.

* Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.

* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **“Programa de educación, formación, documentación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2016”** que, a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguinte

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de educación, formación, documentación e divulgación ambiental para a defensa e posta en valor do patrimonio natural no ano 2016”**, no que se integran as seguintes actividades:

1. VII Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino da Coruña: “Espazos para conservar. Defendamos o noso patrimonio natural”
2. Xornada de Boas Prácticas na xestión ambiental municipal
3. Programa de divulgación ambiental - Exposicións itinerantes:
 - Coidando o noso mar
 - O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción
 - Áreas Mariñas Protexidas
 - O Patrimonio Marítimo de Galicia
4. Programa de asesoramento e documentación:
 - Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
PERSOAL	Director Programa	9.824,76 €
	Educadora ambiental	10.280,79 €
	Documentalista	12.681,29 €
	Administrativa	6.338,67 €
Seguro accidentes e R.C.		700,00 €
Materia/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencias, etc.)		18.940,78 €
Bolsas aos centros educativos		1.500,00 €
Gastos diversos (telefono, dietas, limpeza, informática, etc.)		4.821,30 €
TOTAL		65.087,59 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **76,8196 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 76,8196% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CEIDA, tendo en

conta que non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CEIDA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o CEIDA deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas, de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CEIDA.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CEIDA unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- e. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- f. Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016, como máximo.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinara esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIONS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 €, se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 150 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICIDADE DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de xuño de 2017 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

2. Para o caso de que o CEIDA non poida presentar a xustificación antes do día 31 de maio do 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación

poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2017. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____ de _____

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL
DA CORUÑA,

O REPRESENTANTE DO CEIDA,

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

D. CARLOS VALES VÁZQUEZ

23.- APROBACIÓN DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE INCLUIRÁN NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS 2016-2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2016-2019, cuxo texto se acompaña como anexo.

2.- Expoñer ao público as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2016-2019 mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 15 días de exposición pública e se non se presentan reclamacións consideraranse definitivamente aprobadas.

3.- Dar instrucións aos técnicos redactores dos proxectos para que inclúan dentro das unidades de obra do proxecto as relativas a reposición de peches e muros.

ANEXO

BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2016-2019

1.–Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación e os concellos para executar os proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2016-2019, coa finalidade de mellorar as infraestruturas da provincia e contribuír a unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

2.–Actuación en fases.

Aprobación da programación inicial.–A Deputación Provincial da Coruña, tras os informes previos e estudos técnicos formulados polo Servizo de Vías e Obras Provinciais, e mediante os correspondentes acordos plenarios poderá acordar a aprobación de sucesivas fases do plan conforme aos trámites regulados nas presentes bases.

Serán criterios obxectivos para seleccionar os proxectos de travesías os seguintes:

- a. Perigosidade da estrada. Existencia de puntos negros
- b. A necesidade de ampliación ou de variantes
- c. O estado do firme
- d. A intensidade media do tráfico
- e. A necesidade de comunicación entre núcleos de poboación
- f. A circulación intensa de vehículos pesados

Para estes efectos o Pleno da Corporación acordará a aprobación da programación inicial da correspondente fase do plan, que incluírá os proxectos que serán remitidos aos concellos nos termos da base 3.^a

Se algún proxecto que se integre nos Plans de travesías tivese unha partida para reposición de cerramentos consideraranse como parte integrante do presuposto da obra e non se incluírá como valoración de expropiacións e polo tanto será asumido pola Deputación.

Tamén se incluírán nos proxectos técnicos correspondentes as unidades de traslado de postes de enerxía eléctrica nos termos do convenio subscrito entre a deputación e as entidades subministradoras

3.–Tramitación.

3.1.–Remisión de proxectos.–A Deputación, dentro do prazo de 5 días contados dende a aprobación da programación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, remitíralle ao concello unha copia do proxecto de travesías que lle afecte, incluída na respectiva fase.

3.2.–Adopción de acordos polos concellos.–Os concellos no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción dos proxectos remitidos pola Deputación, deberán enviarlle á Deputación a seguinte documentación:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á Deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da Deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdicional Contencioso-Administrativa, facultando á Deputación para que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación por delegación do concello. Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter simplemente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B. Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

- a) Aprobación do proxecto e autorización á Deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.
- b) Conformidade coas presentes bases.
- c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.
- d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar todos aqueles documentos que se deriven do presente expediente.

4.–Modificación dos proxectos.

Os concellos, dentro do prazo establecido na cláusula anterior, poderán redactar, en coordinación co Servizo de Vías e Obras Provinciais, a modificación do proxecto aprobado na programación inicial. A modificación referirase unicamente e exclusivamente á variación no número de unidades de obra ou de instalacións ou modificación que supoñan un maior número de metros lineais de actuación.

Estes proxectos deberán comprender toda a documentación a que se refire o artigo 123 do TRLCSP.

O proxecto, acompañado dunha memoria xustificativa onde se expliquen as modificacións introducidas deberá presentarse no prazo indicado na base 3.^a.

En calquera caso o maior custo de obra que se derive da modificación do proxecto deberá ser asumido polo concello, para estes efectos xunto co proxecto e memoria acompañarase, ademais a documentación referida na base 3.^a, o correspondente acordo plenario polo cal o concello se compromete a financiar o maior custo da obra e expropiacións respecto á inicialmente prevista, aboándolle o dito importe á Deputación no prazo máximo de 3 meses contados dende a adxudicación da obra, facultando así mesmo á Deputación a que perciba este importe mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación por delegación do concello.

Someterase a supervisión dos servizos técnicos da Deputación a modificación do proxecto. Para que o proxecto poida incluírse na aprobación provisional da correspondente fase do plan requirirase o informe favorábel dos ditos servizos técnicos.

5.–Aprobación provisional.

5.1.–Transcorrido o prazo a que se refire a base 3.^a, o Pleno da Deputación poderá acordar a aprobación provisional da correspondente fase do Plan de travesías 2016-2019, daqueles proxectos que se axustan ao disposto nas presentes bases e tras a existencia previa de crédito adecuado e suficiente.

5.2.–Quedarán excluídos da correspondente fase do plan aqueles proxectos de travesías que se encontran nalgunha das situacións que a continuación se indican:

A) Nos supostos de que o concello respectivo non presentara a documentación esixida da cláusula 3.^a ou a documentación presentada resultara insuficiente ou incompleta.

B) Nos casos en que a documentación esixida na base 3.^a fose presentada fóra de prazo.

C) Nos supostos de modificación de proxecto a que se refire a base 4.^a, cando este non se axuste aos requisitos establecidos na citada base.

6.–Exposición pública e aprobación definitiva.

Os proxectos que integran a correspondente fase do Plan de travesías unha vez aprobados provisionalmente serán sometidos a información pública por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran en caso de non presentarse reclamacións.

7.–Contratación das obras e financiamento.

A Deputación contratará, dirixirá e inspeccionará as obras e financiaráas nos termos previstos nas presentes bases e acordos plenarios de aprobación das distintas fases do plan.

Ademais dos supostos de cofinanciamento establecidos nas presentes bases, a Deputación de mutuo acordo cos concellos, poderá acordar que para o financiamento de determinadas obras ou fases do Plan de travesías, os concellos financiarán nunha porcentaxe a execución das obras, en cuxo caso os concellos deberán adoptar o correspondente acordo plenario polo que se compromete ao co-financiamento das obras, debendo efectuar a súa achega no prazo de 3 meses contados dende a adxudicación das obras, facultando á Deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo aos importes que lles puideran corresponder aos distintos plans da Deputación até satisfacer a totalidade da débeda.

Calquera incremento do prezo do contrato derivado de modificacións do contrato, reformados, revisión de prezos, liquidacións, etc., será aboado pola Deputación e, no seu caso, polo concello, de acordo coas porcentaxes de financiamento dos proxectos iniciais.

No suposto de que a Deputación teña que indemnizar a un contratista como consecuencia dunha resolución de contrato motivada por imposibilidade de terreos, falla de autorizacións ou permisos ou por calquera outra causa imputábel aos concellos, o concello deberá indemnizarlle á Deputación os danos e perdas que se ocasionen.

A Deputación, en casos excepcionais e por causas debidamente motivadas, poderá acordar mediante acordo plenario e simultaneamente coa aprobación da programación inicial ou a aprobación provisional dentro da correspondente fase do Plan de travesías, que o custo derivado da adquisición de terreos mediante expropiación ou por compravenda necesario para executar algunha obra concreta de travesías a aboe na súa totalidade ou nunha porcentaxe determinada a Deputación e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

8.–Acta de entrega.

Finalizadas as obras, a Deputación, unha vez formalizada a acta de recepción das obras e no prazo de 1 mes entregaralles aos concellos as obras e instalacións da travesía. Para estes efectos formalizarase a correspondente acta de entrega e a partir deste momento producirá efecto a mutación demanial, quedando a travesía de titularidade municipal.

En caso de que o concello non asine a acta de entrega, dentro do prazo indicado no apartado anterior, a Deputación efectuaralle un requirimento ao concello advertíndoo de que no suposto de que transcorridos 15 días dende dito requirimento sen que o concello entregase na Deputación a acta de entrega asinada, a Deputación considerará entregada tacitamente a obra, dándoa de baixa no inmovilizado material, e non asumindo dende dita data ningunha obriga en relación coa travesía.

9.–Conservación e mantemento.

A partir da data de entrega ou transcorridos os prazos a que se refire o último parágrafo da cláusula 8ª, o concello asumirá os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento das obras, servizos e instalacións da travesía, sen prexuízo da responsabilidade do contratista durante o prazo de garantía.

10.–Exposición das presentes bases.

As presentes bases quedan expostas ao público dentro do prazo de 15 días contados dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobadas no caso de que non se presentasen.”

24.- APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, SEGUNDA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo plenario da Deputación Provincial da Coruña, adoptado na sesión realizada o día 8 de outubro do 2015, relativo á aprobación técnica dos proxectos das obras denominadas “MELLORA SEGURIDADE VIARIA DP 3402 BUSTELO A CABERTA POR SALGUEIROS, PK 1,320 AO 2,010 (DUMBRÍA)” e “AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA ESTRADA DP 5201 DE MUXÍA A TOURIÑÁN POLA COSTA, PK 2,387 ao 4,086 (MUXÍA)”, entre outros, dentro da Programación de investimentos de estradas provinciais 2015-2019, primeira fase, que foron sometidos a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196 do 14 de outubro do 2015, para que durante o prazo de dez días hábiles os interesados puideran presentar reclamacións ou alegacións, sen que se presentara ningunha

Logo de ver os informes emitidos polo Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación, con data do 22 de xuño do 2016, nos que se sinala a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras citadas, dado que os expedientes de expropiación que foi necesario tramitar para a execución destas obras xa están rematados

Á vista das propostas do Servizo de Vías e Obras Provinciais, con datas do 28 de xuño do 2016, relativas á necesidade da inclusión destas obras no Plan de investimento de vías provinciais 2016, segunda fase, despois de estar acreditada a viabilidade e dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución e que non é precisa ningunha autorización

1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2016, segunda fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
16.1110.0003.0	Mellora da seguridade viaria DP 3402 de Bustelo a Caberta por Salgueiros, PK 1,320 ao 2,010 (Dumbría)	Dumbría	331.074,71
16.1110.0004.0	Ampliación e mellora do trazado da estrada DP 5201 de Muxía a Touriñán por la costa, PK 2,387 ao PK 4,086 (Muxía)	Muxía	1.091.579,15
TOTAL			1.422.653,86

2.- Aprobar os proxectos técnicos correspondentes ás obras citadas.

O financiamento destes proxectos realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4531/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

3.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorreu o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

25.- APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, TERCEIRA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2016, terceira fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) (0410/4531/60900)	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
16.1110.0005.0	Ampliación e mellora do trazado na estrada DP 1301 Gándara a Amañecida PK 0,047 ao 0,377 (Brión)	Brión	143.830,74	137.359,39
16.1110.0006.0	Ensanche e pavimentación con triplo tratamento superficial na DP 7001 das Pontes de G.R. a Momán PK 0,000 ao 1,500 (As Pontes)	As Pontes	182.573,81	
16.1110.0007.0	Mellora da capa de rodadura na DP 2404 A Laracha a Silva PK 8,100 ao 8,900 e 11,500 ao 12,730 (A Laracha e Cerceda)	A Laracha e Cerceda	198.031,44	
16.1110.0008.0	Ensanche e mellora na DP 8001 Cruces a Pena Branca PK 0,220 ao 3,000 (Sobrado)	Sobrado	323.405,80	
TOTAL			847.841,79	137.359,39

Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras.

O financiamento destes proxectos realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4531/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

26.- APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2016, TERCEIRA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2016, terceira fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
16.1170.0004.0	Senda peonil para seguridade viaria na DP 0205 Bertamiráns a Ramallosa PK 0,780 ao 1,830 (Ames)	Ames	533.097,12
16.1170.0005.0	Senda peonil na DP 7603 San Sadurniño a Coval PK 1,640 ao 1,870 e PK 4,210 ao 5,070 (San Sadurniño)	San Sadurniño	197.119,21
TOTAL			730.216,33

O financiamento dos proxectos incluídos neste Plan realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4535/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do Plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos

nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

27.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, CUARTA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2016, cuarta fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
16.1100.0038.0	Mellora do firme con MBC na DP 3003 San Pedro de Visma a Mazaído PK 1,200 ao final e DP 0514 Arteixo a Caión PK 6,800 ao 8,300 (A Coruña e Arteixo)	A Coruña e Arteixo	284.504,88
16.1100.0039.0	Mellora capa de rodadura con mestura bituminosa en quente na DP 2904 Coristanco a Santa Comba PK 10,000 ao 15,800 (Santa Comba)	Santa Comba	389.771,07
TOTAL			674.275,95

O financiamento destes proxectos realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4531/61900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorreu o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

28.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REURBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1704, PK 10,480 AO PK 11,310” DO CONCELLO DE CARRAL, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015. CÓDIGO 15.1130.0001.0.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistas as “Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro do 2012

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 27 de marzo do 2015, polo que se aprobou inicialmente a primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, na que se inclúe a obra do Concello de Carral denominada “Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310”, así como o acordo plenario provincial do 26 de xuño do 2015 polo que se aprobou provisionalmente a obra citada e a resolución do presidente da deputación número 17058, con data do 5 de agosto de 2015, pola que se considerou definitivamente aprobada esta primeira fase do plan e, polo tanto, o proxecto técnico da obra do Concello de Carral indicada con anterioridade

Logo de ver o proxecto modificado desta obra, redactado polos servizos técnicos provinciais encargados da súa dirección e a demais documentación técnica na que se xustifican as modificacións introducidas neste, que representan un incremento do seu orzamento inferior ao 10% do proxecto inicial e que conta coa conformidade do contratista adxudicatario

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1) Aprobar inicialmente o proxecto modificado da obra “Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310”, do Concello de Carral, código 15.1130.0001.0, incluída na primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, aprobada inicialmente polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de marzo do 2015 e provisionalmente na sesión ordinaria do 26 de xuño do 2015 e que se considerou definitivamente aprobada por resolución do presidente da deputación número 17058, con data do 5 de agosto do 2015, que supón un incremento do seu orzamento inferior ao 10% do orzamento do proxecto inicial, segundo se detalla a continuación:

Código	Denominación	Presuposto contrata	Presuposto adjudicación
15.1130.0001.0	Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310	290.082,99	188.234,85
15.1130.0001.1	Modificado Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310	28.081,73	18.222,23
	TOTAL	318.164,72	206.457,08

O incremento da achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do orzamento provincial para o exercicio 2016.

2) Remitir un exemplar do proxecto modificado ao concello no prazo de 5 días contados desde a aprobación inicial deste, co obxecto de que o concello envíe á deputación no prazo de 40 días naturais contados desde a data da recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”.

29.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN “FABRICACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA CÁMARA DE CONCERTOS NO AUDITORIO DO PAZO DA CULTURA”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Narón para financiar a subministración incluída no proxecto cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Narón
DENOMINACIÓN DA OBRA	Fabricación e instalación dunha cámara de concertos no auditorio do Pazo da Cultura
ORZAMENTO DO PROXECTO	284.350,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	227.480,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	56.870,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/342/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/342/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN “FABRICACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA CÁMARA DE CONCERTOS NO AUDITORIO DO PAZO DA CULTURA DE NARÓN”

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Narón, José Manuel Blanco Suárez

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Narón ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Narón, con CIF P1505500G, para o financiamento da subministración “Fabricación e instalación dunha cámara de concertos no auditorio do Pazo da Cultura de Narón”, tal como aparece definida esta na memoria redactada polo enxeñeiro industrial Francisco Bernal Martínez.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora, achega ao expediente un exemplar do prego de prescricións técnicas, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución. A dita memoria foi supervisada polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

II. Orzamento da subministración

O orzamento total da subministración co IVE engadido, segundo a memoria ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Presuposto	235.000,00
IVA (21%)	49.350,00
Presuposto total	284.350,00

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento da subministración, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 227.480,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración, e polo tanto non serán subvencionables os gastos de redacción do Prego, tributos percibidos ou la obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc... Tampouco se financiará os incrementos de gastos derivados da execución da subministración.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/3343/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato da subministración

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, a entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de subministración, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII

- Declaración de outras axudas ou subvención solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pagamento do ben.

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable

- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta

xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización do investimento e prazo de xustificación

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na cláusula I, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Presuposto da deputación lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria,

tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizada a subministración e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio

quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faixe constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.”

30.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO DA AULA DA RÍA E DO CENTRO CULTURAL DE CHANTADA”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Paderne para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Paderne
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento da aula da Ría e do Centro Cultural de Chantada
ORZAMENTO DO PROXECTO	41.568,13 €

ACHEGA DA DEPUTACIÓN	33.254,50 €
ACHEGA DO CONCELLO	8.313,63 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/93391/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/93391/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA ACONDICIONAMENTO DA AULA DA RÍA E DO CENTRO CULTURAL DE CHANTADA

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Paderne, César Longo Queijo

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Paderne ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello Paderne, con CIF P1506500F, para o financiamento da obra de "Acondicionamento da aula da Ría e do Centro Cultural de Chantada", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico, Antonio López Panete

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	28.868,76 €
Gastos xerais (13 %)	3.752,94 €
Beneficio industrial (6 %)	1.732,13 €
IVE (21 %)	7.214,30 €
Orzamento da contrata	41.568,13 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 33.254,50 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/93391/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola

contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas

as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do

Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión do

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.”

31.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “ESTRADA O PORTO - A BARQUEIRA E OUTROS”, DO CONCELLO DE CERDIDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 CO CÓDIGO 16.2100.0057.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan complementario.

Tendo en conta que no plan figura, entre outras, a obra do Concello de Cerdido que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Cerdido e presentar telematicamente nesta deputación un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, co fin de corrixir varios erros e deficiencias do proxecto inicial que supón unha variación das partidas internas do seu orzamento de execución material superior ao 30% con respecto ao proxecto inicialmente aprobado

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Estrada O Porto - A Barqueira e outros”, do Concello de Cerdido, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total e que a obra está sen adxudicar, si implica unha variación das partidas internas do seu

orçamento de execución material superior ao 30% con respecto ao proxecto inicialmente aprobado.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
16.2100.0057.0	Cerdido	ESTRADA AO PORTO – A BARQUEIRA E OUTROS	57.765,56	0,00	57.765,56

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.”

32.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE FENE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “ACCESO Á ESCOLA INFANTIL DE BARALLOBRE”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Fene para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Fene
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acceso á escola infantil de Barallobre
ORZAMENTO DO PROXECTO	112.368,51 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	89.894,80 €
ACHEGA DO CONCELLO	22.473,71 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	79,99999 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	04304541/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FENE PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE ACCESO Á ESCOLA INFANTIL DE BARALLOBRE

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Fene, Juventino José Trigo Rey

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Fene ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fene, con CIF P1503600G para o financiamento da obra de “Acceso á escola infantil de Barallobre”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños Julio C. Rojo Martínez

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	78.039,11 €
Gastos Xerais (13%)	10.145,08 €
Beneficio industrial (6%)	4.682,35 €
IVE (21 %)	19.501,97 €
Orzamento da contrata	112.368,51 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 89.894,80 €, o que representa unha porcentaxe de 79,99999 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,99999 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.

- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade

beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en**

ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do
Concello de Fene

Xosé Regueira Varela

Juventino José Trigo Rey”

33.- APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2016 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 30 DE XUÑO DE 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de xuño de 2016.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial e polo Consorcio contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2016.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación provincial da Coruña.”

34.- APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA AO 30/06/2016 E PROXECCIÓN AO 31/12/2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de xuño de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

35.- APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2016 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- “1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.
- 2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

36.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2016 DE APROBACIÓN POLO PLENO.

INTERVENCIONS

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bos días, vou explicar o posicionamento deste Grupo provincial ao respecto deste punto despois de que na Comisión correspondente manifestáramos a nosa abstención respecto del. Nós imos votar en contra do mesmo posto que, é certo que é unha proposta que foi obxecto dunha xuntanza, en primeiro lugar co deputado, que agradecemos, e tamén co propio presidente que, de acordo coas informacións que foron facilitadas polo Goberno, que volvo repetir, agradecemos, é un expediente que vai ter continuidade noutro expediente despois do verán pero que o Plan e esta modificación sexa falada non significa que estea consensuada, e moito menos que estea, digamos, en condicións de ter o voto favorable deste Grupo.

Desde o Grupo Provincial Popular tivemos que escoitar moitas críticas ao longo destes primeiros meses deste mandato respecto do que aconteceu nesta casa no pasado mandato, a excesiva utilización das subvencións nominativas, a discrecionalidade do Goberno, lembro que unha porcentaxe altísima dos acordos que deron lugar a eses convenios obtiveron unanimidade neste Pleno, de todos os Grupos presentes nese mandato, é dicir, esa suposta discrecionalidade non foi tal desde o momento en que existiu unanimidade. Agora o Goberno provincial formula esta modificación e a vindeira do mes de outono, de acordo cunha serie de previsións ao respecto de incrementar diferentes plans, o de Emprego, o de Patrimonio, o Parque Móbil, Plan de deportes, plans que, por certo, si que teño que concordar cos Grupos que faláron con anterioridade respecto doutros puntos, que a pesar da vontade

manifestada verbal por parte do Goberno e do propio presidente de consensuar eses plans, a verdade é que ata o de agora non tivemos oportunidade de participar na elaboración das bases dos mesmos, agardamos que esa vontade teña un traslado á realidade da vida cotiá desta Corporación.

En todo caso nós non estamos de acordo coa formulación feita nesas conversas por parte do Goberno, nós estamos de acordo en facer unha planificación das subvencións provinciais, un Plan de subvencións a nivel provincial, de feito non é que digamos nós esa cuestión, senón que o propio interventor recolle ese aspecto, posto que está reflectido na Lei de subvencións. Polo tanto, ata que non teñamos ese documento nós non entendemos esa teima do Goberno en limitar ao 5% as nominativas, podería ser o 7, o 10, o 15 ou o 2%, cremos que é imprescindible contar con ese plan para repartir e para poder acreditar criterios de proporcionalidade, de equilibrio no territorio, con independencia lxicamente da cor política da Corporación municipal onde a Deputación fai ese investimento, polo tanto, a falta desa transparencia respecto dos criterios dos plans e tamén ao respecto dos criterios do reparto desa modificación, nós imos votar en contra.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Dikir que lamentamos non concordar, e que o voto do Partido Popular sexa negativo, en calquera caso voume reiterar nas conversas que mantivemos con todos os portavoces, non soamente co Partido Popular, senón con todos os portavoces dos Grupos da Cámara para darlles explicacións e ao mesmo tempo recibir tamén as propostas dos distintos Grupos cara a este expediente, como tamén aos anteriores e aos futuros que é o compromiso noso.

E voume reiterar nas verbas que lle dicía tamén ao portavoz do Partido Popular, esta é unha tónica que lamentamos que nas anteriores Corporacións non fora así, en todas as Corporacións non fora así. Eu e algún dos que estamos aquí de ambos Grupos, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista, incluso do Bloque Nacionalista Galego, non podo dicir o mesmo dos outros Grupos porque non tiñan representación nese momento, non foi a tónica que precisamente nós recibimos nesa lexislatura e que lamentamos.

En calquera caso estamos a mudala, estamos a facer partícipes aos Grupos deste proceso e desta mecánica, e eu voume reiterar nas súas propias verbas nas que dicía que o Grupo de goberno na anterior Corporación repartíase o 75% e o 25% deixaba para a oposición, ben, pois nós mudamos todo isto amplamente, ademais amplamente, non é así, porque entendemos que non debe de ser así, e incluso vou dar un último dato que xa llo din a vostede, e tamén llo din ao resto dos Grupos, do último Expediente de modificación de créditos aprobado en goberno do Partido Popular no que o 95% deste Expediente de modificación de crédito eran fondos para o Partido Popular e o outro 5% o repartía o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e estamos falando dunha cifra en torno aos 4.700.000 euros que levaba o Partido Popular, 125.000 o Partido Socialista, e 75.000 o Bloque Nacionalista Galego, falo de cifras máis ou menos aproximadas, pero si nesta liña.

O cal, lamento non ter ese apoio por parte do Partido Popular neste caso para este expediente, en calquera caso tamén vou insistir en que non quero centralo

soamente no reparto dos Grupos, porque isto non é unha cuestión de reparto entre os Grupos políticos, como se isto fora unha feira, porque non é así. Un Expediente de modificación de crédito vai moito máis alá, e de feito este, en cuestión, achégase máis aos oito millóns de euros, e deses oito millóns de euros unha porcentaxe altísima, case diría eu que no 95%, desta contía vai destinado a distintos plans, fondos ou actuacións dentro da Deputación e que vai cuns criterios obxectivos a todos os concellos da provincia.

Lamentamos que non apoie vostede este incremento dun millón de euros complementario ao Plan de emprego, lamentamos que non apoiem vostedes o que poderían ser 600.000 euros para dotar as institucións ou entidades da provincia de vehículos, lamentamos que non apoiem este Plan de forma obxectiva co que completaría os dous millóns do Plan de patrimonio histórico da provincia, así como as outras liñas de actuacións que se van levar grazas a esta cantidade.

Polo tanto, repito, o expediente vai moito máis alá que un reparto entre Grupos políticos, porque persoalmente negaríame e o Goberno négase a que sexa así, senón que isto vai en beneficio de todos os concellos da provincia. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Eu quería insistir no que di o deputado de Facenda. que o que se aproba no modificativo de crédito, entre outras cousas é precisamente o Programa de emprego local, que acabamos de aprobar por unanimidade, o Programa de patrimonio histórico da Deputación, un Plan de infraestruturas deportivas municipais, un Plan para adquisición ou cesión de vehículos de transporte para sociedades deportivas e asociacións do eido social, que o están reclamando, un Plan de traballo de revisións catastrais que están reclamando todos os concellos que teñen un Plan xeral que requiren unha revisión catastral e que decide a Deputación, que podía delegar no Ministerio de Facenda, que é quen ten a competencia, e aumenta esa partida en 600.000 euros para que poidan ter unha capacidade recadatoria maior e poder atender os servizos básicos do seu concello. É un modificativo de crédito onde se aproba unha partida para instalar unha depuradora no Concello de Pontedeume que ten unha praia pechada por contaminación, é unha partida onde se aproba a mellora da eficiencia enerxética dun colexio na Baña e unha partida onde se aproba a reparación dun pavillón en Ames, ou se aproba o Programa de intermediación laboral de Cogami. Un modificativo onde se aproba as obras da Fundación Rosalía de Castro, onde se aproba un Programa da Cámara de Comercio da Coruña para facilitar a exportación das PEME, aínda que non teñamos a competencia, e un programa onde se aproba loitar contra unha lacra tremenda que asola tanto o urbano como o rural galego, como é a vespa velutina, en colaboración coa Universidade de Santiago, e unha partida onde se aproba un Programa de servizos sociais da Asociación de Mulleres Deportistas Galegas para visibilizar á muller no deporte galego, é un modificativo de crédito onde se aproba os Cursos de Verán da Universidade Menéndez Pelayo para o ano 2016, ou as obras de adecuación do Museo da casa da Rafael Dieste en Rianxo, ou onde se aproba a programación anual do Auditorio de Galicia en Santiago, ou a propia Feira Womex que aprobamos por unanimidade hai dez minutos, etc., etc., é dicir, que é un modificativo de crédito que vai moito máis alá e creo que sobre todo recolle puntos onde estou convencido que o criterio é unánime da Corporación que hai que apoiar. De feito, moitos deses puntos acabamos de

aprobalos por unanimidade todos os Grupos hai apenas catro minutos. Polo tanto quería reforzar un pouco a contestación do deputado de Facenda.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do Partido Popular, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2016 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 7.870.737,08 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 693.196,30
 SC. Suplemento créditos: 7.177.540,78
Total de aumentos: 7.870.737,08

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 7.483.382,89
 Baixas por anulación: 387.354,19
Total financiamento: 7.870.737,08

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	6.500,00	0,00
2. Gastos correntes	709.158,48	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. correntes	2.693.291,13	350.000,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	605.000,00	0,00
7. Trans. de capital	3.856.787,47	37.354,19
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL	7.870.737,08	387.354,19

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	7.483.382,89
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	7.483.382,89

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan Económico-Financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

37.- PLAN DE CONTROL FINANCIERO PARA AS SUBVENCIONES PAGADAS NO EJERCICIO 2014 POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E DAS PAGADAS POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NO PERÍODO 2012-2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“De acordo cos antecedentes, lexislación aplicable e demais consideracións expostas anteriormente, propónse ao Pleno da Corporación que, previo ditame da Comisión informativa de Facenda, Economía e Especial de Contas, aprobe o Plan de Control financeiro das subvencións pagadas pola Deputación ao longo do exercicio de 2014 e polo Concello de Boqueixón no período 2012-2014, consonte cos seguintes parámetros e tipos de tramitación de expedientes:

1º. SUBVENCIONES PAGADAS POLA DEPUTACION NO EJERCICIO DE 2014.

A) TIPOS DE PROCEDIMIENTOS E POSIBLE AMPLIACION DE ACTUACIONES A SUBVENCIONES PAGADAS EN EJERCICIOS ANTERIORES NON PRESCRITOS:

PRIMEIRO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACION ORDINARIA (PO)

Na tramitación ordinaria dos expedientes existe sempre unha comparecencia dun actuario no domicilio social da entidade beneficiaria ou, no seu caso, nunha oficina pública, para levar a cabo, en presenza do representante legal da entidade, a análise da contabilidade, documentación xustificativa da subvención, movementos bancarios e, no caso de subvencións de capital, verificar a existencia material do investimento subvencionado.

SEGUNDO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACION ABREVIADA (PA).

Todos os demais expedientes, nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da documentación subministrada coa xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención. Nestes supostos, que serán valorados en cada caso polo interventor adxunto, o expediente incoarase con requirimento para que a entidade remita á intervención orixinal ou unha copia compulsada dos xustificantes de gasto e o orixinal ou copia compulsada do documento que acredite o pagamento a través dun medio bancario.

Se, á vista da documentación recibida, o actuario obtén a evidencia razoábel de que os fondos públicos foron correctamente aplicados, procederase á comprobación de posíbel existencia doutras subvencións para a mesma finalidade, mediante a comprobación na Base de Datos Nacional de Subvencións e mediante requirimentos enviados aos órganos competentes da Xunta de Galicia e do concello respectivo. Recibida a contestación aos requirimentos, realizarase xa o informe de control financeiro. Agora ben, se das comprobacións documentais realizadas, se pode inducir algunha irregularidade, o actuario responsábel poderá propor a transformación do expediente abreviado en ordinario, para os efectos dun control exhaustivo, con comparecencia e exame dos libros contábeis da entidade.

Con independencia do tipo de expediente a tramitar e tal como xa se estableceu na proposta aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2010, cando na conclusión dun expediente se poña de manifesto unha irregularidade que dea lugar a un reintegro total ou parcial e que puido ter sido cometida pola entidade beneficiaria en exercicios anteriores, logo de facer constar esta circunstancia nunha consideración específica do informe definitivo, a Presidencia poida ditar unha

resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a todas as subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non teña producido efectos a prescrición de accións de reintegro e sancionadora.

B) O UNIVERSO, CRITERIOS DE ESCOLLEITA E MOSTRA DOS EXPEDIENTES:

Está constituído por todos os expedientes que deron lugar a un pagamento dunha subvención no exercicio 2014 por importe igual ou superior a 600 euros, sexa corrente ou de capital. En total, no exercicio 2014 pagáronse 1.296 subvencións á entidades privadas por riba do importe expresado, asignándose por esta vía fondos por importe de 3.886.421,91 euros. A subvención de maior importe tivo unha contía de 190.000 e a de menor importe 600 euros. Quedan fóra do universo os escasos expedientes que se tramitaron para o pagamento dunha subvención por un importe inferior.

Atendendo, xa que logo, a un maior risco de aplicación irregular de fondos considerando o importe da subvención concedida, estímase axeitado establecer os tramos ou intervalos para a escolla de acordo coas seguintes contías:

- Un primeiro tramo para as subvencións cun importe igual ou superior a 30.000 euros, no que hai 14 expedientes.
- O segundo intégrase polos expedientes con subvencións concedidas cunha contía inferior a 30.000 euros e que son iguais ou superiores aos 6.000 euros, en total 88 expedientes.
- No terceiro tramo agrúpanse as subvencións iguais ou superiores aos 3.000 euros e inferiores a 6.000 euros (128 expedientes).
- Finalmente, no tramo residual agrúpanse todas as subvencións de menos de 3.000 euros (1.066 expedientes).

Sobre os tramos expostos, aplícanse por orde decrecente as porcentaxes de 50, 25, 10 e 5 por cento (isto é, no primeiro tramo, auditarase unha subvención de cada dúas, no segundo unha de cada catro, na terceira unha de cada 10 e no cuarto unha de cada 20), tal como figura no seguinte cadro:

TRAMO	INTERVALO	Nº EXPEDIENTES DO TRAMO	PORCENTAXE DE CONTROL (%)	Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR
1º	1-14	14	50	7
2º	15-102	88	25	22
3º	103-230	128	10	13
4º	231-1296	1.066	5	53
TOTAL:				95

A escollo dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra da aleatoriedade simple, en presenza do Secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto estendendo a correspondente acta.

2º. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS PAGADAS POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NO PERÍODO 2012-2014.

Segundo o previsto na base quinta, apartado 2, reguladoras da delegación de competencias en materia de control financeiro, para a escollo dos expedientes do concello delegante que se someterán a control financeiro, utilizaranse os criterios aprobados polo Pleno da Corporación para o exercicio do control financeiro sobre as subvencións pagadas pola propia Deputación. En todo caso, o número de expedientes escolleitos non poderá resultar inferior a tres por cada concello e ano ao que se estenda o control.

Analizados o listaxe de pagamentos realizados polo Concello de Boqueixón no exercicio 2012 con cargo ao capítulo de transferencias correntes (non houbo ningunha transferencia de capital), resulta que só hai tres pagamentos que se corresponden propiamente co concepto de subvencións, dado que os outros pagamentos derivan de contratos de servizos, convenios ou axudas de emerxencia social en especie. Polo tanto, serán obxecto de control os ditos tres expedientes, consonte ao disposto na referida Base Quinta.

Na listaxe correspondente ao exercicio 2013 hai catro pagamentos de subvencións que superan os 600 euros (importe mínimo para que entre no universo, segundo os criterios da Deputación). Dado que se establece un mínimo de 3 expedientes por ano, atendendo ao criterio de maior risco, procederase a auditar as 3 subvencións de maior importe.

Xa no exercicio 2014, na listaxe de pagamentos atópanse 6 casos que superan os 600 euros, sendo todos eles inferiores a 3.000 euros. Xa que logo, procederase a escollo dos tres expedientes de maior importe.”

38.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 17077 DO 15/07/2016 POLA QUE SE LLE ATRIBÚE O RÉXIME RETRIBUTIVO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA Á DEPUTADA Dª SUSANA GARCÍA GÓMEZ.

O Pleno toma coñecemento da Resolución da Presidencia núm. 17077, do 15/07/2016, pola que se atribúe o réxime retributivo de dedicación exclusiva á deputada provincial Dª Susana García Gómez.

(Abandonan o salón a Sra. Delso Carreira e o Sr. Díaz Grandío)

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA QUE A DEPUTACIÓN ASUMA O CUSTO QUE ACHEGAN OS CONCELLOS PARA O FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS (GES)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ás Deputacións Provinciais, en canto Órgano de Goberno da Provincia, correspóndelles a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos no territorio da súa competencia e en particular, participar na coordinación da Administración Local coa da Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/2007 de 7 de maio de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estas garantir a prestación do servizo e a xestión das emerxencias, incluíndo os servizos de incendios e salvamento nos municipios por non estar obrigados ou por ter obtida a dispensa deles.

O 13 de maio de 2013, firmouse un convenio coa Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais e a FEGAMP que acordou a creación dos GES (7 na provincia da Coruña) que complementaron a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros comarcais, de forma que cubriron zonas desprovistas de servizos de emerxencias co ámbito de atención superior ao municipal.

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais situáronse extratexicamente en sete localidades da provincia (Ortigueira, Ponteceso, Muros, Mugardos, Padrón, Curtis e Brión) e ao ter carácter supramunicipal permitirán ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencias, á práctica totalidade da poboación da provincia.

Cada GES está composto por doce efectivos cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente ata o 31/12/2018, segundo a addenda firmada o 29 de decembro de 2015, dando cobertura a toda a zona de actuación do grupo e mantendo a sede nos Concellos anteriormente citados.

A coordinación técnica, en función das características da emerxencia ou actividade preventiva será cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ou coa central de atención ás emerxencias, 112_Galicia.

A contribución ao funcionamento destes Grupos de Emerxencias Supramunicipais é da Xunta de Galicia o 60%, da Deputación Provincial da Coruña o 20% e dos Concellos donde está fixada a base loxísticas o 20%.

Dende o 1 de agosto de 2013 os Concellos de Ortigueira, Ponteceso, Muros, Mugarzos, Padrón, Curtis e Brión financian o funcionamento dos GES e o ámbito de actuación é supramunicipal tal e como se pode demostrar nas actuacións levadas a cabo dende a posta en marcha deste novo servizo.

Os grupos prestan servizo a todos os Concellos que teñen adscritos para a súa cobertura dentro da súa área e finánciase exclusivamente cos presupostos de cada Concello base, coa aportación do 20% cada ano. Algún Concello base ten regulado mediante ordenanza o custo de cada intervención mediante taxas, pero con importes moi baixos e insuficientes para cubrir o custo total do servizo.

Todos os grupos teñen un número elevado de intervencións desde a súa posta en funcionamento que xustifica a necesidade de consolidalos. Este servizo é imprescindible que está baixo a coordinación e tutela do Consorcio Provincial de Incendios para o seu funcionamento futuro.

A Deputación de Lugo xa aprobou en Pleno a aportación do 20% que deben face os Consellos base e as Deputacións de Pontevedra e Ourense comprometéronse a asumir os custos nas súas respectivas provincias.

ACORDA

1. Dado que as funcións e o ámbito de actuación destes Grupos de Emerxencias é Supramunicipal, a Deputación cofinanciará o 20% das anualidades dende o 2016 ata o 2018 do custe destes grupos que teñen que aportar os Concellos donde está ubicada a base loxística.

2. Que se inicien os trámites entre a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia para integrar estes grupos de emerxencias dentro do Consorcio Provincial de Incendios como garantía de prestación dos servizos de emerxencias a toda a provincia por ser considerado un servizo básico e fundamental.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bos días, resolta esta incidencia técnica temos presentada unha moción.

As Deputacións provinciais, especialmente, loxicamente, a Deputación da Coruña, en canto que é un Órgano de Goberno da provincia, ten entre as súas competencias a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos no territorio da súa competencia, neste caso da provincia da Coruña, e en particular, participar na coordinación da administración local coa da Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 5/2007 do 7 de maio de emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de xestión de emerxencias de acordo co disposto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estas, ás deputacións, a Deputación da Coruña, garantir a prestación do servizo e a xestión das emerxencias, incluíndo os servizos de incendios

e salvamento nos municipios por non estar obrigados ou por ter obtida a dispensa deles.

O 13 de maio de 2013, -de feito hoxe levamos na orde do día do Pleno a renovación, unha addenda deste convenio-, asinouse un convenio coa Xunta de Galicia, das deputacións todas e, por suposto, a nosa, e a FEGAMP que acordou a creación dos GES (7 na nosa provincia) que complementaron a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros comarcais, de forma que entre os GES e os parques de bombeiros cubríanse todas as zonas da provincia.

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais situáronse estratexicamente en sete localidades da provincia, en concreto Ortigueira, Ponteceso, Muros, Mugardos, Padrón, Curtis e Brión, e ao ter carácter supramunicipal permitirán ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencias, á práctica totalidade da nosa poboación.

Cada GES está composto por doce efectivos cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente ata o 31/12/2018, segundo a addenda asinada o 29 de decembro de 2015, e de acordo coa addenda que hoxe precisamente acabamos de aprobar neste Pleno, dando cobertura a toda a zona de actuación do grupo e mantendo a sede nos Concellos anteriormente citados.

A coordinación técnica, en función das características da emerxencia ou actividade preventiva será cos servizos contra incendios, cos distritos forestais ou coa central de emerxencias, 112 de Galicia.

A contribución ao funcionamento destes Grupos de Emerxencias Supramunicipais é da Xunta de Galicia o 60%, das diferentes deputacións, neste caso da Deputación Provincial da Coruña o 20% e dos Concellos onde está fixada a súa base loxísticas o 20%.

Dende o 1 de agosto de 2013 os Concellos de Ortigueira, Ponteceso, Muros, Mugardos, Padrón, Curtis e Brión financian o funcionamento dos GES e o ámbito de actuación é supramunicipal, tal e como se pode acreditar precisamente de acordo coa estrutura e co esquema que acabo de subliñar.

Os grupos prestan servizo a todos os Concellos que teñen adscritos para a súa cobertura dentro desa área, financiándose exclusivamente cos presupostos do Concello ese 20%. Nós o que pretendemos con esta moción é que a Corporación acorde que a Deputación da Coruña se faga cargo dese 20% que ata o de agora vén soportado polos diferentes concellos onde está situada a base. Cremos que, dado que as funcións e o ámbito de actuación destes grupos de emerxencia é supramunicipal, cremos que é lóxico que a Deputación asuma ese 20% das anualidades, desde o 2016 ata o 2018, do custo deste Grupos, é o que subliñamos no punto un do acordo e no punto dous que se inicien os trámites entre a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia para integrar estes Grupos de Emerxencias dentro do Consorcio Provincial de Incendios como garantía de prestación dos servizos de emerxencias a toda a provincia por ser considerado un servizo básico e fundamental.

Solicitámolo con base a que, insisto, consideramos que estes servizos afectan a máis dun concello e tamén con base a que esta é unha cuestión que cremos que está a ser abordada por outras deputacións. Nese sentido gustaríame lembrar que a Deputación de Lugo neste mesmo mes de xullo acordou que esa Deputación financiaría o 40% dos Grupos de Emerxencia municipal na provincia de Lugo porque, de acordo co que subliñaba o propio presidente da Deputación de Lugo esta é unha aposta persoal del, pois como alcalde coñece de primeira man as dificultades que sofren os concellos para pagar os Ges e estamos ante un servizo de carácter supramunicipal.

E gustaríame subliñar, para rematar, que acordemos esta moción neste Pleno non significa, por suposto, que a Deputación poida falar coa Xunta para cuestións que nós cremos que son alleas a esta vontade política de financiar o 40% por parte da Corporación, como é como financia a Xunta de Galicia as súas achegas, con que fondos fai a Xunta de Galicia esa achega, e tentar mellorar e optimizar o funcionamento desa achega e deses GES para non xerar ningún tipo de problema que temos falado nestas conversas que tivemos respecto desta moción.

Pero en todo caso, insisto, agora o que temos diante é un acordo para que a Deputación financie non soamente o 20%, senón que incremente ese financiamento ata chegar ao 40%, lembrando que o resto, o 60%, é subministrado pola Xunta de Galicia. Moitas grazas e máis nada.

Sr. García García

Bos días a todas e a todos. Simplemente contestar facendo un pouquiño de historia, recordar que isto é unha creación única e exclusivamente da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia decidiu crear estes Grupos e financiounos durante moitísimo tempo e unicamente a Deputación da Coruña decidiu, no seu momento, a petición dunha serie de concellos que tiñan naquel momento o chamado GRUMIR, pedirlle unha subvención de 50.000 euros, cousa que nos deu, e que efectivamente daba naquel momento inclusive para comprar material porque o resto estaba financiado pola Xunta.

É certo que este ano asinouse por parte da FEGAMP un convenio no que se pide ás demais deputacións que poñan máis cantidade de cartos, dicir que única e exclusivamente foi a Deputación de Lugo a única que aceptou poñer esa cantidade, non así a Deputación de Ourense, que deixou ben claro que neste ano non o vai facer, nin a Deputación de Pontevedra.

Non así, nunha xuntanza que mantivemos onte aquí con membros dos concellos que teñen GES, no que se acordou pedir que a Xunta, é dicir, se a Xunta modificaba e entende que os GES están para vixiar as emerxencias da provincia, non están para facer rozas no monte, estar limpando, neste caso trinta e unha hectáreas, que teñen que ser por riba limpadas a man, concretamente no Concello de Brión que atende entre outros ao Concello de Ames, cunha poboación de máis de 30.000 habitantes, cunha media de saídas de catro ou cinco diarias, entre escapes de gas, perigos de incendios nos pisos, e estar limpando en Noia, a vinte quilómetros, vir á base, cambiarse, coller o equipo e marchar para Milladoiro, co cal cando cheguemos alí non sei o que podería quedar. Entón entendiamos que se a Xunta se comprometía

a, no ano que vén, modificar esas trinta e unha hectáreas que teñen que limpar os GES, porque non sei se é por un castigo, ou por que é, pero resulta que non o poden facer con limpadoras senón que o teñen que facer a man, e se o fan con limpadoras non pode ser limpadora de brazo, e sempre e cando a pendente sexa superior a un tanto por cento, e sempre baixo o criterio do técnico forestal que lle toque a cada Concello, concretamente no de Brión dixo que non tiñamos as hectáreas para limpar, polo tanto non imos cobrar os 81.000 euros que nos propón a Consellería de Medio Rural, porque di que son con fondos europeos, nós o único que lle pedimos é que, se se compromete para o ano que vén a que os fondos non sexan condicionados a ter que facer esas rozas, senón que sexan fondos propios da Xunta, a Deputación da Coruña estaría disposta a colaborar cos 50.000 euros, se non é así, e se non hai ese compromiso por parte do Grupo Popular e da Xunta de Galicia para colaborar en que sexa esta a decisión que tome a Xunta, nós imos votar en contra desta moción porque son 81.000 euros que perdemos fronte ao que se pide aquí por parte do Partido Popular.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente é sorprendente a lectura que fai o portavoz do Grupo Socialista respecto desta cuestión, nós o que precisamente estamos dicindo é que os concellos poidan prescindir de ter que achegar o 20%, o resto é cuestión allea ao que se está a debater. Aquí o que votamos é se estamos de acordo en que a Deputación asuma o 20% que ata o de agora pagan os concellos, polo tanto, estar de acordo con esta moción significará que os concellos nos que existe unha base do GES van ter unha dispoñibilidade adicional, posto que van aforrar ese 20%. O resto son negociacións da Deputación, da Xunta, dos concellos, alleas a esta vontade política, é dicir, un aforro do 20% da achega que ata o de agora facían os concellos.

Sr. García García

Moitas grazas, igual non me expliquei ben, nós o que si perdemos é 81.000 euros que a Xunta nos tiña que pagar, porque non podemos cumprir o mandato que nos dá a Xunta, aceptado por eles, perdemos 81.000 euros, nós si, excepto que se mire con outros ollos, cousa que non quero pensar, supoño que nos mirarán a todos, porque se o Concello de Brión non pode cumprilos, supoño que non poderán cumprilos os demais. Entón nós dicimos que si, sempre e cando se modifiquen eses 81.000 euros que si son ingresos para o Concello e que forman parte dese 20% que nos dá igual que veñan de onde veñan, e a cambio diso podíamos recibir os 50.000 euros. E non imos dar marcha atrás e en recordar outras cousas porque nisto ou cremos ou non cremos, ou cremos que os GES que para nós debería estar, desde logo, coordinado pola Dirección Xeral de Emerxencias, como están os parques de bombeiros comarcais, pero mentres non estean, si cremos neles e cremos que poden prestar un servizo para a provincia, non o prestan limpando os montes, limpando a man, porque non o fai o parque de bombeiros de Santiago, non o fan os parques de bombeiros provinciais, senón que o teñen que facer os nosos GES e mentres non poden dedicarse a outros motivos para os que foron creados, ou que todos pensabamos e os nosos veciños pensan que foron creados para iso.

Polo tanto, se non se modifica iso, e teñen que seguir limpando, pois terán que seguir limpando e dedicándose a outra cousa pero non a coidar as emerxencias que poidan xurdir na provincia.

Sr. Presidente

Eu ao respecto quería puntualizar un pouco a intervención do noso portavoz en materia de promoción económica para comentar algo máis. Nosoutros imos votar en contra desta moción, como xa vos anunciamos, o cal non quere dicir, nin moito menos, que non sexamos conscientes dunha realidade, é dicir, facendo números, onte estivemos cos alcaldes, a petición do portavoz do Partido Popular, cos alcaldes que teñen GES no seu territorio. Facendo números, digamos que nun estudo que nunca fixeramos polo miúdo dos custos que soporta un concello por ter un GES, un concello achega, máis ou menos, pódennos corrixir os alcaldes que o teñen, sobre 120.000 euros, 110.000 euros máis ou menos que achega, soporta cada concello a maiores do que lle achegan tanto a Xunta de Galicia e a Consellería do medio Rural, basicamente, como a propia Deputación, froito do convenio que no seu día se asinou.

Polo tanto, é certo que teñen un problema, sobre todo están implantados en moitos casos en concellos pequenos e, polo tanto, 110.000 euros fixos para un concello pequeno é moito carto. Polo tanto, obríganos a todos a non mirar para outro lado, este é un problema de cor política?, non, é un problema competencial?, en parte si, pero en calquera caso temos nós capacidade para axudar a eses concellos?, si, a temos, debemos facelo?, si, a Deputación está facéndoo xa desde hai moitos anos?, si, temos que aumentar esa axuda?, haberá que facelo, pero poñendo orde na maneira de facelo. Nós aos concellos o que lle transmitimos onte é que aquí hai varias patas e todos temos que facer deberes, os concellos, algúns téñenos feitos, outros estano facendo e outros non os fan, é dicir, a Xunta de Galicia, que é a que ten a competencia en coordinación e en efectividade en materia de emerxencias, está financiando a maior parte dos GES, non a través da Consellería de Presidencia, competente en materia de emerxencias, senón que se decidiu facer a través da Consellería de Medio Rural, creo que ao Concello e a Deputación dálle exactamente igual quen o financie, que departamento o financie, faltaría máis, pero claro, sempre que non teña consecuencias para os beneficiarios desa axuda, neste caso os concellos, e aí temos que facer todos autocrítica porque esa modificación asinámola todos, é dicir, acabámola de aprobar tamén hai apenas dez minutos, e polo tanto hai que facer todos autocrítica, a FEGAMP, a Deputación, os concellos, todos asinamos que a propia Xunta de Galicia financiara eses 81.000 euros a través dos desbroces, seguramente sen saber as consecuencias do que se asinaba, igual que a propia FEGAMP e a Xunta modifican, acabamos de aprobar unha addenda que modifica o convenio orixinal, por que? porque di claramente, expresa claramente que se vai collendo experiencia na xestión dos GES e se está intentando solucionar os problemas que van xurdindo coa experiencia. Pois aquí pasa o mesmo, creo que a achega que fai a Xunta de Galicia ten que ter a mesma dispoñibilidade, a mesma facilidade de aplicación deses fondos para os concellos que son base dos GES, porque senón atopámonos con estas dificultades.

Nós o único que pedimos é que fagamos todos os deberes, é dicir, a Deputación está disposta a financiar esa achega que poñen os Concellos, punto primeiro. Segundo, a única condición que pon é que a Xunta de Galicia manteña a

achega, que non será tan difícil, porque xa a está poñendo, a única cuestión é que as condicións que pon sexan as mesmas que pon a Deputación, é dicir, a facilidade para poder cumprir cos criterios que pon a Xunta de Galicia. E, en terceiro lugar, que os concellos fagan os seus deberes, é dicir, os concellos teñen, nalgúns casos xa o están a facer, hai concellos que teñen ordenanzas que aplican por cada saída dunha motobomba ou pola saída dos propios traballadores, cobran esa saída, hai concellos que non cobran nada, hai concellos que non teñen ordenanza, outros que a teñen, os que a teñen non a aplican, algunhas desfasadas, etc., etc., e polo tanto, fagamos isto algo máis rigoroso, estamos falando de que a achega da Deputación sería de 700.000 euros, falaríamos de case tres millóns por lexislatura que detraeríamos dos outros plans, loxicamente, polo tanto, son moitos cartos, non estamos falando de 3.000, nin 6.000, nin 30.000. Imos poñernos, dicíallo ao portavoz do Partido Popular, aínda que hoxe o resultado desta moción sexa que non, porque queremos saber a posición da Xunta neste sentido, que seguro dámoslle a facilidade de que o presuposto loxicamente xa ten moito recorrido o presuposto autonómico, e seguramente non haxa marxe para modificalo agora mesmo, pero en calquera caso de cara ao ano que vén, que aínda están sen elaborar, si pode haber vontade política e incorporar no presuposto unha partida, a mesma que agora está no presuposto da Xunta, pero con condicións máis facilmente cumpribles por parte dos concellos.

E por parte dos concellos onte chegamos a un acordo de que houbera unha ordenanza tipo, que o propio alcalde de Curtis que a ten aprobada e a aplica, por certo, púxo a ao dispor do resto dos concellos para que dalgunha maneira puidera valer de modelo. En calquera caso temos o consorcio provincial para testeala se hai algunha cousa que mellorar, porque tamén dicían algúns que as teñen desfasadas en canto a prezos, dicía concretamente a alcaldesa de Muros.

Polo tanto, imos votar que non, non a axudar aos concellos, non imos dilatar máis esta historia, pola nosa parte imos poñernos en contacto coa Consellería da Presidencia a semana que vén, se quere coordínalo ela e a propia do Medio Rural, e a semana que vén sentarnos a ver se chegamos a un acordo rápido para que a propia Deputación neste ano poida facer esa achega, e que os concellos ao longo de 2017 teñan unha ordenanza xa en aplicación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 15 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.